



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Serie Pleno  
Número 28

**Sesión plenaria**  
10 de marzo de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA (Continuación.)

---

### Punto 3. Proposicións non de lei

#### 3.3 10324 (11/PNP-001027)

##### Grupo Parlamentario Popular de Galicia

##### Prado del Río, Paula e catorce deputados/as máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia da avaliación do II Programa de muller e ciencia, así como sobre o inicio da elaboración do III programa.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 91, do 10.02.2021

#### 3.4 11189 (11/PNP-001108)

##### Grupo Parlamentario Popular de Galicia

##### Díaz Mouteira, María Sol e seis deputados/as máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da transferencia a Galicia das competencias para a xestión do dominio público marítimo-terrestre

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

#### 3.5 11376 (11/PNP-001122)

##### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno do Estado para a presentación de recurso contra a sentenza da Audiencia Provincial en relación co pazo de Meirás para defender a verdade histórica e o interese público e para evitar calquera indemnización á familia Franco

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

#### 3.6 11414 (11/PNP-001127)

##### Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

##### Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a demanda ao Goberno do Estado para que se esgoten todas as posibilidades xurídicas para a defensa do interese do Estado, incluíndo, de ser tecnicamente posible e aconsellable, a interposición de recurso contra a Sentenza 60/2021, da Sección Terceira da Audiencia Provincial da Coruña, no relativo ao pronunciamento favorable á indemnización dos gastos realizados no inmovible pola familia Franco

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

### Punto 4. Interpelacións

#### 4.1 9732 (11/INT-000569)

##### Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

##### Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de atención á saúde mental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 91, do 10.02.2021



**4.2 11066 (11/INT-000642)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a política do Goberno galego en relación coas persoas que se atopan en situación de soidade non desexada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

**4.3 11392 (11/INT-000658)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre a crise económica e social que asola a comarca de Ferrol

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 101, do 24.02.2021

**Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia****5.1 11958 (11/POPX-000021)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do mantemento dalgunha reunión cos líderes das forzas parlamentarias de Galicia para abordar a saída da crise

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 03.03.2021

**5.2 11959 (11/POPX-000022)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para avanzar cara á igualdade real das mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 03.03.2021

**Punto 6. Preguntas ao Goberno****6.1 11160 (11/POP-001589)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e catro deputados/as máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego para evitar a deslocalización de postos de traballo de Iberdrola da comarca de Valdeorras para Salamanca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

**6.2 11441 (11/POP-001626)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre os atrasos no aboamento de subvencións concedidas no marco de programas do Plan de reactivación económica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021



**6.3 7692 (11/POP-001007)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas e actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes a desenvolver o proxecto sectorial do parque empresarial de Tamagos, en Verín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021

**6.4 10289 (11/POP-001502)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Díaz Mouteira, María Sol e seis deputados/as máis**

Sobre as ferramentas postas á disposición das administracións públicas e dos cidadáns nas Directrices da paisaxe de Galicia para facilitar o uso e aproveitamento do territorio e a preservación da paisaxe galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021

**6.5 11057 (11/POP-001574)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e seis deputados/as máis**

Sobre o coñecemento por parte do Goberno galego da adquisición polo Goberno central dalgún novo compromiso de apoio económico para a celebración do bienio Xacobeo 2021-2022

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

**6.6 11367 (11/POP-001614)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abelairas Rodríguez, María Isaura e dous deputados/as máis**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para negarse a autorizar a ocupación provisional dos espazos dispoñibles no CEIP Ramón y Cajal de Vigo, polo alumnado e persoal da Escola Infantil Municipal Santa Marta

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

**6.7 11946 (11/PUP-000161)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e nove deputados/as máis**

Sobre o balance que fai o Goberno galego do seu ofrecemento ás entidades locais para a asunción da xestión das axudas municipais á hostalería, microempresas e autónomos co fin de acadar unha maior simplificación e axilidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 03.03.2021

**6.8 11950 (11/PUP-000162)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do impulso dun proxecto de recuperación da memoria democrática das mulleres galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 03.03.2021



## **6.9 11957 (11/PUP-000163)**

### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

#### **Pérez Fernández, Rosana**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para afrontar a situación de mortalidade de moluscos e a previsible perda de ingresos do sector marisqueiro derivada do exceso de auga doce nas rías de Arousa, Pontevedra, Vigo, Noia e Camariñas despois dos últimos temporais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 03.03.2021



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez horas.*

*O señor presidente comunica a delegación de voto do deputado don Xosé Luís Rivas Cruz (BNG) na deputada dona Olalla Rodil Fernández. (BNG). (Páx. 12.)*

**Proposicións non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e catorce deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia da avaliación do II Programa de Muller e Ciencia, así como sobre o inicio da elaboración do III programa. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 12.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 13.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Díaz Varela (S). (Páx. 16.) e Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 19.)*

*A señora Prado del Río (P) intervén para posicionarse sobre as emendas. (Páx. 22.)*

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Sol Díaz Mouteira e seis deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da transferencia a Galicia das competencias para a xestión do dominio público marítimo-terrestre. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 25.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Díaz Mouteira (P). (Páx. 25.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 28.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Arangüena Fernández (S). (Páx. 31.)*

*A señora Díaz Mouteira (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 34.)*

*O señor presidente anuncia o debate acumulado da proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de D. Xosé Luís Bará; e outra do G. P. dos Socialistas de Galicia, iniciativa de D. Pablo Arangüena. (Páx. 36.)*



**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno do Estado para a presentación de recurso contra a sentenza da Audiencia Provincial en relación co pazo de Meirás para defender a verdade histórica e o interese público e para evitar calquera indemnización á familia Franco. (Punto terceiro da orde do día.)**

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rey, para que se esgoten todas as posibilidades xurídicas para a defensa do interese do Estado, incluíndo, de ser tecnicamente posible e aconsellable, a interposición de recurso contra a Sentenza 60/2021, da Audiencia Provincial da Coruña, no relativo ao pronunciamento favorable á indemnización dos gastos realizados no inmovible pola familia Franco. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 37.)*

*Intervención dos grupos autores das proposición non de lei: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 38.) e Sr. Arangüena Fernández (S). (Páx. 41.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 44.)*

*O señor Bará Torres (BNG) e o señor Arangüena Fernández (S) interveñen para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 49.)*

### ***Votación das proposicións non de lei***

*Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para prestar unha axeitada atención á saúde mental: rexeitada por 28 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención. (Páx. 54.)*

*Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dous deputados/as máis, sobre o mantemento polo Goberno galego do funcionamento do CEIP de Baamonde, no concello de Begonte, desbotando calquera posibilidade de desafectar o centro: rexeitada por 28 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención. (Páx. 54.)*

*O señor presidente da lectura do texto transaccionado. (Páx. 54.)*

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona Paula Prado del Río e catorce deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia da avaliación do II Programa de muller e ciencia, así como sobre o inicio da elaboración do III programa: aprobado por 65 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 55.)*

*A señora Díaz Monteiro (P) intervén para dar lectura ao texto transaccionado. (Páx. 55.)*



Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona María Sol Díaz Mouteira e seis deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da transferencia a Galicia das competencias para a xestión do dominio público marítimo-terrestre: *aprobado por 65 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 56.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno do Estado para a presentación de recurso contra a sentenza da Audiencia Provincial en relación co pazo de Meirás para defender a verdade histórica e o interese público e para evitar calquera indemnización á familia Franco: *aprobado por 65 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 56.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rey, sobre a demanda ao Goberno do Estado para que se esgoten todas as posibilidades xurídicas para a defensa do interese do Estado, incluíndo, de ser tecnicamente posible e aconsellable, a interposición de recurso contra a Sentenza 60/2021, da Sección Terceira da Audiencia Provincial da Coruña, no relativo ao pronunciamento favorable á indemnización dos gastos realizados no inmovible pola familia Franco: *aprobado por 65 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 56.)

**Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de atención á saúde mental.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 56.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 60.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 64.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 66.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coas persoas que se atopan en situación de soidade non desexada.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Ortega Otero (S).* (Páx. 68.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez).* (Páx. 72.)

Réplica da autora: *Sra. Ortega Otero (S).* (Páx. 74.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez).* (Páx. 75.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a crise económica e social que asola a comarca de Ferrol.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Alfonso (BNG).* (Páx. 77.)





Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 79.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Alfonso (BNG)*. (Páx. 82.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 84.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María González Albert e catro deputados/as máis, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego para evitar a deslocalización de postos de traballo de Iberdrola da comarca de Valdeorras para Salamanca.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. González Albert. (BNG)*. (Páx. 85.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 87.)

Réplica da autora: *Sra. González Albert. (BNG)*. (Páx. 88.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 89.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os atrasos no aboamento de subvencións concedidas no marco de programas do Plan de reactivación económica.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pérez López. (BNG)*. (Páx. 90.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 91.)

Réplica do autor: *Sr. Pérez López. (BNG)*. (Páx. 92.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 93.)

**Pregunta de D. Juan Carlos Franciso Rivera e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas e actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes a desenvolver o proxecto sectorial do Parque Empresarial de Tamagos en Verín.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Francisco Rivera. (S)*. (Páx. 94.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 95.)

Réplica do autor: *Sr. Francisco Rivera. (S)*. (Páx. 96.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 97.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Sol Díaz Mouteira e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as ferramentas postas á disposición das administracións públicas e dos cidadáns nas Directrices da paisaxe de Galicia para facilitar o uso e aproveitamento do territorio e a preservación da paisaxe galega.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Mouteira. (P)*. (Páx. 98.)



Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 99.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Mouteira (P)*. (Páx. 101)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 101)

**Pregunta de D. Borja Vereá Fraiz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o coñecemento por parte do Goberno galego da adquisición polo Goberno central dalgún novo compromiso de apoio económico para a celebración do bienio Xacobeo 2021-2022.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Vereá Fraiz (P)*. (Páx. 102)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 103)

Réplica do autor: *Sr. Vereá Fraiz (P)*. (Páx. 104.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 105.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai o Goberno galego do seu ofrecemento ás entidades locais para a asunción da xestión das axudas municipais á hostalaría, microempresas e autónomos co fin de acadar unha maior simplificación e axilidade.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 106.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 107.)

Réplica do autor: *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 108.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 109.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Isaura Abelairas Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da Xunta de Galicia para negarse a autorizar a ocupación provisional dos espazos dispoñibles no CEIP Ramón y Cajal de Vigo, polo alumnado e persoal da Escola Infantil Municipal Santa Marta.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Abelaira Rodríguez (S)*. (Páx. 110.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 111.)

Réplica da autora: *Sra. Abelaira Rodríguez (S)*. (Páx. 112.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 113.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do impulso dun proxecto de recuperación da memoria democrática das mulleres galegas.** (Punto sexto da orde do día.)



Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 115.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 116.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 118.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 119.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Rosana Pérez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para afrontar a situación de mortalidade de moluscos e a previsible perda de ingresos do sector marisqueiro derivada do exceso de auga doce nas rías de Arousa, Pontevedra, Vigo, Noia e Camariñas despois dos últimos temporais. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 120.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 121.)

Réplica da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 122.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 122.)

*Remata a sesión ás dezasete horas e corenta e cinco minutos da tarde.*



*Ábrese a sesión ás dez horas.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Reanudamos a sesión.

Comunico un cambio na delegación de voto. En concreto, trátase de que don Xosé Luís Rivas Cruz delega o seu voto para as votacións de hoxe na deputada dona Olalla Rodil Fernández.

Comezamos co punto 3º da orde do día.

**Proposicións non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Paula Prado del Río e catorce deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia da avaliación do II Programa de Muller e Ciencia, así como sobre o inicio da elaboración do III programa**

**O señor PRESIDENTE:** Hai emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e Socialista.

*(O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:*

*Emenda de adición:*

*Engadir no primeiro punto o seguinte texto in fine:*

*<<... que deberá ser remitido á Cámara para o seu debate incluíndo nel información detallada do investimento orzamentario executado.>>*

*Emenda de adición:*

*Engadir ao final do segundo punto o seguinte parágrafo:*

*<<O III Programa de Muller e Ciencia deberá contar cun orzamento propio incluíndo unha partida específica que garanta o funcionamento da Unidade de Muller e Ciencia.>>*

*Emenda de adición:*

*Engadir un punto terceiro co seguinte texto:*

*<<3. Introducir as accións necesarias, mesmo se for preciso modificando a normativa vixente, para garantir a incorporación e participación na Unidade de Muller e Ciencia das entidades e colectivos representativos do ámbito investigador galego.>>*

*(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160.1 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:*



*Emenda de adición:*

*Na parte resolutiva da iniciativa, débese engadir in fine, no punto 2, a seguinte frase: «..., e as entidades do tecido asociativo investigador galego.»*

*Emenda de adición:*

*Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo punto 3 que terá o seguinte contido:*

*«3. Para a súa correcta execución, este programa debe contar cunha asignación orzamentaria específica e suficiente.»*

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, presidente.

Señorías.

O 11 de febreiro tivo lugar a conmemoración do Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia, cuxo obxectivo é garantir o acceso pleno e equitativo das mulleres e das nenas á ciencia.

En consecuencia, e conscientes da importancia da muller na esfera científica e da investigación, o Grupo Parlamentario Popular presentamos unha iniciativa sobre o II Programa Muller e Ciencia 2016-2020 e as previsións de aprobar unha nova edición unha vez que se rematen os traballos de avaliación deste programa.

O II Programa Galego de Muller e Ciencia 2016-2020 ten como finalidade avanzar na incorporación efectiva dos criterios de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación para conseguir un verdadeiro cambio de paradigma no mundo científico que permita acadar resultados tanxibles e duradeiros aproveitando tanto o talento das mulleres como o dos homes. Porque, señorías, o talento non ten xénero.

Este plan artéllase entre tres eixos: un primeiro eixo, de cambio institucional e organizacional; un segundo eixo, de presenza equilibrada de mulleres e homes no sistema da ciencia, tecnoloxía e innovación; e un terceiro eixo, de perspectiva de xénero en procesos e procedementos de traballo.

Ás veces falar de programas e plans parece que o papel sostén todo. E eu aquí gustárame facer un breve recorrido sobre algunha das actuacións ou accións promovidas polo Goberno da Xunta de Galicia no marco deste programa a través da Secretaría Xeral de Igualdade ao abeiro da Unidade de Muller e Ciencia.

No primeiro eixo, o cambio institucional e organizacional, ten como finalidade incidir na creación dun novo marco normativo que evite as discriminacións indirectas traballando si-



multaneamente para modificar o sistema de crenzas e valores que sosteñen o androcen-trismo e a falta de perspectiva de xénero dos aspectos intanxibles que compoñen a cultura organizacional, que nos parece fundamental.

E neste ámbito desenvolvéronse actividades de formación en xeral para universidades e pro-fesorado; a celebración de varias xuntanzas coas unidades de igualdade do sistema univer-sitario galego; a colaboración na celebración do Día das Rapazas nas TIC, o concurso #ApuntasTech?, xunto co Cesga, para a promoción de vocacións científicas e tecnolóxicas entre as rapazas; o programa Ada e Diana para incentivar a presenza de nenas e mozas nas carreiras tecnolóxicas; o programa Atenea para promover a participación das mulleres na sociedade da información, aumentando a súa confianza e seguridade no uso das novas tec-noloxías da información e comunicación; o programa Referentes Galegas para poñer en valor a figura das mulleres líderes no ámbito profesional e dar a coñecer as mulleres profesionais galegas que son líderes nos seus respectivos sectores coa finalidade de incrementar a pre-senza de mulleres expertas no ámbito público; a *Guía da coeducación* para centros escolares.

O proxecto Mulleres de Portada, que este 11 de febreiro de 2021 estreouse na internet e pre-tende dar a coñecer a científicas de Galicia, mulleres que souberon adiantarse ao seu tempo, que abriron camiños, e que poden ser referentes para moitas nenas. Consta dunha serie de entrevistas a mulleres galegas que foron galardoadas co premio María Josefa Wonenburger Planells, que outorga anualmente dende o ano 2007 a Secretaría Xeral de Igualdade, a Xunta de Galicia, a través da Unidade de Muller e Ciencia.

O Plan Proxecta «Donas de si», que ten como obxectivo que o alumnado recoñeza os valores e as achegas das mulleres en innovación cultural, científica e intelectual, e situadas nos con-textos que lles tocou vivir para poder descubrir aspectos esquecidos e o coñecemento e di-vulgación de mulleres relevantes na historia na actualidade.

O premio María Josefa Wonenburger Planells; a exposición das premiadas neste premio, que rota por todos os centros educativos de Galicia, non só para que estas mulleres sexan froito do galardón e do recoñecemento dun día, senón para que sexan coñecidas por todos os es-colares e as escolares de Galicia o seu traballo e a súa dedicación.

As unidades didácticas sobre Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal e María Josefa Wonen-burger Planells para escolares. Cursos de formación para profesorado; proxectos para os centros de secundaria e bacharelato, nin máis nin menos iguais que favorecen o encontro con mulleres senlleiras líderes nos seus respectivos sectores, como a ciencia ou o rural, para que rapaces e rapazas teñan referentes femininos en sectores onde as mulleres están infrarrepresentadas.

O proxecto Contos pola Igualdade, para nenos e nenas de primaria, que visualice e poña en valor a participación e produción das mulleres como pezas fundamentais na configuración e no desenvolvemento da sociedade contemporánea galega, de xeito que se recoñeza o seu papel político, social, artístico, científico e cultural.

No segundo eixo, sobre a presenza equilibrada de mulleres e homes no sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación, establécense as prioridades para incidir na redución das fendas de



xénero existentes e preténdese aumentar a participación das mulleres nas diferentes fases da actividade científica e investigadora, nas diferentes temáticas e nas categorías profesionais que articulan o sistema.

Aí hai varias tamén accións, como a liña ITEF do Programa para o emprendemento para mulleres EMEGA, que é moi valorado no mundo das mulleres científicas, que poden levar a cabo o seu proxecto cunha liña específica de axudas económicas e primas para promocionar ou mellorar un proxecto empresarial de claro carácter innovador, contido científico ou de base tecnolóxica nas empresas lideradas por mulleres e que comparten a creación de emprego feminino.

A colaboración con Woman Emprende, da Universidade de Santiago. O Día da Conciliación nas Empresas; o Día das Rapazas nas TIC; a VI Edición do concurso Woman Emprende, un concurso empresarial de ideas innovadoras; a IX Edición dos Premios á Introducción da Perspectiva de Xénero na Universidade.

E o terceiro eixo, que inclúe a perspectiva de xénero en procesos e procedementos de traballo, é un eixo importantísimo dirixido á integración transversal do principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres nos principais procesos do traballo, tanto na planificación como na execución, como na avaliación. O que se pretende facer aquí é facer transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en todo o proceso, abarcando dende a creación do coñecemento e a súa transferencia de actividade produtiva ata a súa posterior utilización nos ámbitos da actividade económica, profesional, públicos e privados. Aquí temos materias de libre configuración para o alumnado de centros educativos en Galicia, na ESO; hai unha materia de igualdade de xénero en bacharelato: Coeducación para o século XXI. O premio Comunicar en igualdade, o Plan galego de conciliación e coresponsabilidade 2018-2021.

E como ten manifestado tanto a Consellería de Traballo na última comparecencia como a Secretaría Xeral de Igualdade, nestes momentos, este II Programa Galego de Muller e Ciencia, que rematou no ano 20 está sendo avaliado. O resultado desa avaliación vai ser o punto de partida para elaborar un terceiro programa.

Nós traemos esta iniciativa, que esperamos obter consenso, xa que eu lles trasladei aos grupos unha posible transacción, como dicía onte a señora Rodil, que hai que falar antes, pois falemos antes. Eu aínda non tiven resposta, pero teñen vostedes o contido da transacción, como me pediron, como dixó vostede onte aquí nesta tribuna.

¿E cal é o obxectivo? Pois o obxectivo é mellorar toda esta situación e situacións particulares que todos podemos traer aquí ao Parlamento de mulleres científicas, de mulleres investigadoras que sufriron ou sofren nalgún momento algún tipo de discriminación directa ou indirecta, que son as peores e as máis difíciles de detectar e as máis difíciles de demostrar e probablemente de denunciar.

Pero, neste sentido, creo que as últimas bolsas e as últimas convocatorias que sacou a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria xa poñen o foco nesa posible discriminación



e xa poñen medidas para intentar evitar que se poida discriminar por razón de maternidade, dunha baixa maternidade, como xa lle ten sucedido a algunha científica, que xa temos traído a esta Cámara e incluso témola recibido e temos presentado iniciativas moi concretas pensando en persoas con nomes e apelidos que todas coñecemos.

Nós queremos que isto sexa un punto de partida para seguir traballando neste ámbito, que sexa un ámbito onde non se volvan producir discriminacións.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario Socialista, señora Díaz Varela.

**A señora DÍAZ VARELA:** Grazas, presidente.

Bo día de novo a todos e a todas.

Vou comezar ofrecendo algúns datos como que nas universidades galegas existe unha diferenza de máis de dez puntos entre as mulleres matriculadas e os homes matriculados, un 55,2% mulleres, homes un 44,8%. E, neste contexto, a área de coñecemento de enxeñaría e arquitectura, nesa área as mulleres representamos só o 26,5%, mentres que na de ciencias da saúde, a dos coidados, novamente os coidados, somos o 72,7%. Ademais, as mulleres apenas superamos o 12% en carreiras como a de informática, e, por certo, unha cifra que lonxe de mellorar cada vez vai en preocupante descenso.

Ademais, en Galicia só hai un 22,4% de mulleres catedráticas, e pese a ser máis PDI —personal docente investigador— tamén somos menos profesores titulares, un 40%, pouco máis do 40%. Ademais, e agora xa con datos da Unesco, menos do 30% de quen investiga en todo o mundo son mulleres, menos do 30%, e as que o fan nas coñecidas STEM, que é o termo que agrupa, en inglés, as áreas de ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas, teñen menos publicacións, reciben unha remuneración inferior polas súas investigacións e, dende logo, non avanzan tanto nas súas carreiras profesionais como os homes.

Xa o dixemos onte, na cuestión dos coidados, o coidado compartido foi para os homes un 70%, compartiron os coidados, moi ben, e nós, as mulleres, apenas chegamos ao 40% dese coidado compartido. E todo isto ¿en que resultou?, pois resultou en que durante a pandemia houbo un descenso na produción científica das mulleres, algo que xa advertiron aquí na Comisión de Reactivación, a finais do ano pasado, os tres reitores galegos. Por certo, ¿para cando unha muller reitora? A finais do ano pasado no Parlamento e tamén nese mesmo tempo a Unidade de Mulleres e Ciencia do Ministerio e Ciencia e Innovación tamén falaba de que a brecha dos coidados se traducía en maiores dificultades para as mulleres para desenvolver a súa actividade investigadora e nunha lixeira menor produción científica.





O preocupante e o curioso é que hai outro dato máis, que era o que advertían os tres reitores, nomeadamente o reitor da Universidade de Vigo, e era que non só as mulleres reduciron a súa produción científica neses meses de confinamento nos que compartían os coidados, senón que —e aí está o preocupante— eles aumentaron a súa produción científica nese tempo. ¿Á custa de quen? —podemos preguntarnos—.

Estes días aparecía unha entrevista nun medio de comunicación a dúas investigadoras galegas de diferentes xeracións e elas alarmaban desta desigualdade manifesta no ámbito científico. E, a maiores do que o común das persoas mortais podemos imaxinar xa da cuestión da desigualdade na ciencia, elas deixaban dúas ideas sobre a mesa que eu tamén deixo aquí para que poidamos reflexionar sobre elas, ou noutro momento.

Unha é que a figuras de mulleres no liderado científico son moito máis subestimadas, a ciencia é cousa de homes; e outra é a chamada síndrome do impostor, a sensación constante de que unha muller que chega a un posto de responsabilidade no eido científico está constantemente pensando: ¿eu merecerei isto que conseguín?, precisamente ligado coa idea anterior.

Entón, todo isto que acabamos de ofrecer dende logo mostra un panorama nada alentador e dá conta, ademais, de que non lle estamos gañando a batalla á igualdade na ciencia, senón todo o contrario. Por iso benvidos os plans, por suposto, pero sempre que quede claro o éxito do anterior. Por iso, xa dende aquí solicitamos que a avaliación que se pide nesta PNL sexa de todo rigorosa e, por suposto, con índice de impacto de cada unha das accións, se non, de nada servirá.

Porque as nosas nenas, as nosas nenas crecen escoitando tópicos e seguen crecendo escoitando tópicos que están reforzando os estereotipos que inflúen na configuración dos seus gustos, dos seus gustos e das súas afinidades. Necesitamos derrubar dende idades moi, moi temperás eses estereotipos que vinculan a ciencia coa masculinidade, e segue sendo así, e brindarlles novos exemplos, que os hai.

Certamente estase facendo un esforzo moi importante e encomiable nalgúns casos por parte da comunidade educativa. Pero son esforzos voluntaristas e non son suficientes, teñen que facerse dende o ensino regrado. E de nada serve unha asignatura de coeducación ou unha asignatura de igualdade. As nenas teñen que coñecer a historia das mulleres nas que reflectirse, temos que esixir no ensino regrado a aprendizaxe das mulleres referentes na ciencia. Temos que esixilo tamén nos libros de texto.

As mulleres, ademais, debemos estar en todos aqueles espazos de toma de decisións científicas, e igualmente temos que estar tamén no xermolo da ciencia, no lugar de creación de contidos, porque será así como garantiremos que o noso futuro se conforma dende unha óptica feminista, dende a igualdade.

E todo o que acabamos de dicir conflúe ao final nesta proposición non de lei, que trata do Programa de Muller e Ciencia do que estamos, por certo, expectantes por coñecer os seus resultados. Porque, á vista do exposto, á vista do exposto, non semella que teñamos experimentado dende logo unha melloría en ningún dos tres eixos do plan, en ningún. Pero sobre



todo no 2 e no 3. A voceira do Partido Popular falaba do 1 e falaba das unidades de igualdade das universidades galegas; é curioso que se fale do esforzo desas unidades cando se lle reduciu á metade o orzamento para elas.

Pero, falando do 2 e do 3, nin se equilibrou a presenza de homes e mulleres no sistema galego de ciencia, como acabamos de mostrar, e dende logo moito menos xa en postos de responsabilidade, tampouco se integrou ese principio en cada fase de produción, transferencia e aplicación do coñecemento tal e como reza o punto 3.

E podemos seguir concedendo premios a mulleres punteiras da ciencia, porque as temos, moitas e afortunadamente cada vez máis e máis visibles, e organizar exposicións e actividades nos centros escolares, pero, como non fagamos disto un contínuum, ao final isto non chega, non chega e estase demostrando que non chega. Necesitamos un compromiso real, necesítase legislar, necesítanse accións, como digo, continuadas no tempo.

A nós, descúlpennos, pero sorpréndenos, sorpréndenos de verdade que sexa precisamente o Partido Popular quen hoxe aquí pretenda erixirse no partido defensor desta causa, sorpréndenos. Sorpréndenos porque este é o partido que está sostendo un Goberno que tampouco se está preocupando en exceso disto, porque, como digo, non hai nada novo que contar nesta última década. Claro, se o Partido Popular quere ese compromiso coa muller e a ciencia, debería comezar por esixirlle ao Goberno que mantén que garanta os nosos ciclos biolóxicos, que os nosos ciclos biolóxicos por exemplo sexan respectados nas nosas carreiras profesionais. E a voceira do Partido Popular acaba de dicir aquí que efectivamente si que se deron pasos ultimamente. Bueno, creo que non suficientes, se se fala coas asociacións de investigadores e investigadoras daranse conta de que non son suficientes, e elas mesmas llo poderán dicir.

Pero, en todo caso, nós levamos parindo dende que existimos, e as mulleres científicas creo que tamén, creo que tamén. Entón, claro, solucionar isto agora cando é un problema recorrente de hai moitísimos anos non sei moi ben cal é o compromiso dese partido.

Falamos dos contratos das investigadoras *postdoc*, que é un tema moi recorrente. Podemos falar do que lle acaba de pasar —que ao final se resolveu ben, pero tivo que resolverse nos xulgados—, o que lle pasou a María de la Fuente. Como digo, un problema recorrente. Pese a comezar os seus contratos coa súa promoción, estas mulleres, ás que se lles ocorre ter fillos e fillas, debido ao seu período de baixas de maternidade non poden rematar coa súa promoción, co que isto supón de agravio comparativo na avaliación e na perda de opcións a novos contratos.

Como digo, non, non é un problema que se solucionase. Poderán dicir que si, pero nós dicímoslle que non. Déronse tímidos pasos, pero non son suficientes. E, se quixeran realmente resolvelo da mellor maneira posible, o que terían que facer é sentar con elas, pero non o fixeron tampouco, non o fixeron.

E por iso nós o que lle solicitamos é que, para a elaboración dese terceiro plan de muller e ciencia, nas colaboracións que vostedes propoñan, que non discutimos, pero que se inclúa tamén o tecido asociativo investigador galego.



Por certo, unha desas asociacións, a asociación InvestiGal, apoiada por moitas outras unha vez que lanzaron esta iniciativa, rexistraron onte mesmo neste Parlamento unha iniciativa demandando avances legais en igualdade no ámbito da ciencia, que xa digo agora que nós dende logo apoiamos esa iniciativa.

Porque, claro, como digo, denuncian que as maternidades penalizan, e nada se fixo a pesar de non ser algo novo, senón que vén de vello. ¿A resposta da Xunta?, ningunha, ningunha en todo este tempo. Agora dan pasos tímidos. ¿Que fixeron?, mirar cara a outro lado. A resposta do Partido Popular, por certo, a resposta do Partido Popular nestes poucos meses que levamos de lexislatura foi votar en contra cada vez que trouxemos algo que supoñía defender os dereitos destas investigadoras. Si, votaron en contra, pero é que ademais non votaron en contra unha vez, votaron en contra dúas veces, dúas veces votaron en contra.

Ou sexa, capamos carreiras investigadoras de éxito a mulleres e logo presentamos proposición non de lei a prol da presenza da muller na ciencia. Cando menos, desculpe, pero sorpréndenos. *(Aplausos.)* O que non quere dicir —e remato xa—, non temos nada que obxectar a unha avaliación deste plan xa rematado, como digo, sempre que sexa rigorosa e coa medida dos impactos concretos —importantísimo—, e tampouco nada que obxectar a unha terceira edición, pero sempre que veña acompañada do orzamento necesario que conte coas asociacións de persoal investigador galego, que, como acabamos de expor, teñen un coñecemento moi exhaustivo da situación e lamentablemente aínda a coñecen mellor que o propio Goberno galego, que é quen tería que darlle solucións.

Dito isto, a transacción, por certo que xa llo comentamos dende aquí, aceptamos esa transacción proposta.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Díaz Varela.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Lembraba a nosa conversa, señora Prado, de onte; eu tamén, preparando esta iniciativa, lembraba a nosa conversa de onte, que nos dicían para xustificar o voto en contra á moción que presentamos desde o Bloque Nacionalista Galego, acusábanos vostede de que queríamos ou só buscábamos titulares, e que o grupo parlamentario que sostén o Goberno, o Partido Popular, só votaba a favor ou traía iniciativas de calado, das que permiten avanzar enormemente. E eu, lendo a exposición de motivos e sobre todo a parte resolutiva desta iniciativa que hoxe debatemos e votaremos, preguntábame se esta proposta era precisamente un



exemplo diso, de iniciativas, como se ten dito aquí algunha vez, que estou vendo algunha cara que non son para nada campanario nin botafumeiro, que non buscan en ningún caso titulares, de iniciativas por suposto de enorme envergadura e calado, despois de anos de incalculable e indubidable compromiso por parte da Xunta de Galiza e do Partido Popular coa igualdade na ciencia e na investigación das mulleres.

Entón, eu pensaba, preparando tamén un pouco a posición e a intervención do BNG neste debate, cal era a folla de servizo do Partido Popular desde 2009, porque calquera pensaría aquí moitas veces que acaban de entrar pola porta da Xunta de Galiza; non, levan gobernando vostedes 12 anos. ¿Cal é a folla de servizo desde o ano 2009 do Partido Popular neste ámbito e concretamente co Programa Muller e Ciencia?

Porque, claro, oíamos aquí a señora Prado, que ademais xuntou aí programas e propostas, un pouco de todo, a ver se xuntándoas un pouco máis ensanchaba algo o asunto, pero o certo é que desde hai 12 anos pasaron moitas cousas, porque este programa, a señora Prado tamén o dicía, é xa de 2007-2008, que se crea o primeiro. Pois o Partido Popular deixou Galiza durante catro anos sen este programa basicamente porque non lles deu a gana de darlle continuidade entre 2012 e 2014, que é cando correspondía que fose elaborado e aprobado o II Programa Muller e Ciencia, deixaron unha lexislatura enteira a este país sen el. Realmente non presentaron o segundo programa ata o ano 2016. Incumpriron durante anos e aínda hoxe o Decreto 33/2007, polo que se crea a Unidade Muller e Ciencia, reducindo basicamente este órgano a unha reunión ao ano, que non fai dano, para decidir cal vai ser a persoa premiada no premio María Wonenburger. De feito, unha das tarefas ou funcións que ten encomendadas a Unidade Muller e Ciencia é aportar, facer achegas sobre os datos reais de cal é a situación das mulleres no ámbito científico e tecnolóxico. Poden intentar vostedes facer unha fotografía un pouco aproximada da realidade que viven as mulleres científicas do noso país, pero vai ser difícil que atopen datos pormenorizados.

Eu quero referirme á avaliación que sostíña o I Programa de Muller e Ciencia que se aprobou neste país e que entre outras cuestións no ano 2008 nos facía e nos achegaba un perfil de cales son esas mulleres que se dedican a crear coñecemento e a producir coñecemento científico no noso país. De feito, o Pleno da Unidade Muller e Ciencia non se reúne para abordar propostas de actuación vinculadas con ese programa desde maio de 2018. Mantiveron ademais durante anos e aínda hoxe o programa e a Unidade Muller e Ciencia sen orzamento. Poden ir a estes de 2021 xa en vigor e atoparán que a partida orzamentaria destinada a este fin son uns pírricos 46.000 euros.

Incumpriron o decreto que esixe, por certo, dúas avaliacións, unha delas un informe anual de seguimento dese programa que nunca se fixo desde que vostedes entraron pola porta da Xunta de Galiza.

E, claro, diante deste panorama agora vén o Partido Popular dicirlle á Xunta do Partido Popular que ten que facer un terceiro programa despois dunha avaliación previa do segundo, que está a piques de rematar; algo así como chega o 11 de febreiro ou o 8 de marzo, hai que facer algo e sobre todo hai que facer que se fai.



Miren, a Unidade e o Programa Muller e Ciencia foron pioneiros no ano 2007 cando se crearon, era unha necesidade naquela altura promover a participación das mulleres no ámbito científico e tecnolóxico, era unha necesidade visibilizar o traballo das mulleres científicas ao longo da historia, tamén o enorme traballo que fan na actualidade, e era e é sobre todo importante e urxente rachar coas barreiras que aínda impiden ás mulleres desenvolver a súa carreira profesional en condicións de igualdade cos homes, pero iso tamén era importante e urxente os seis anos que por puro sectarismo político decidiron non darlle continuidade, por moito golpe de peito que se veñan dar vostedes aquí hoxe e agora.

Nós desde o BNG o que queremos, e nese sentido van as achegas que formulamos coas nosas emendas, é que esta proposta sirva para algo máis que para facer que se fai un día ao ano. Por iso, formulamos tres propostas de adición e modificación á parte resolutiva:

En primeiro lugar, que ese informe de avaliación que ten que acompañar o segundo programa sexa remitido á Cámara para o seu debate por parte dos grupos, incluíndo cales foron os investimentos orzamentarios executados para o seu desenvolvemento. E insisto en que a partida orzamentaria que vostedes destinan nos orzamentos son uns pírricos 46.000 euros. Iso é algo que a Xunta debería comezar a mudar.

En segundo lugar, dotar de orzamento ese programa e especificamente a Unidade Muller e Ciencia para garantir que o programa se executa e se desenvolve, pero sobre todo que a unidade funciona tal e como prevé o seu decreto de creación, que —insisto— vai moito máis alá que reunirse unha vez ao ano, que non fai dano, para convocar o premio María Wonenburger, ou para facer así de cando en cando —insisto en que dende maio de 2018 non se reúne— para facer propostas de actuación que levar ás distintas administracións, entre elas á Xunta de Galiza.

E, por último, o que propoñemos é integrar precisamente na unidade representantes das entidades e colectivos que desde o ámbito da investigación e a ciencia neste país están a desenvolver un traballo inxente e absolutamente necesario para facer visíbel o papel das mulleres no ámbito científico e tecnolóxico, para facer visíbel a enorme contribución dos seus traballos ao avance e ao desenvolvemento social, económico, cultural e humano deste país, pero sobre todo tamén para facer visíbeis referentes para as xeracións máis novas.

Vernos representadas —eu aí coincido con vostede, señora Prado—, vernos representadas en todos os ámbitos é unha das mellores formas de crer que podemos ser todo o que nos propoñamos: xefas de grupo, tecnólogas, investigadoras do cancro, oceanógrafas, astronautas ou —¿que sei eu?— unha muller á fronte da presidencia da Xunta nalgún momento. *(Aplausos.)*

As mulleres teñen que superar aínda hoxe, e a pesar de todo o que di a lexislación neste país, as mulleres teñen que superar aínda hoxe unha cantidade inxente de obstáculos —a señora Prado tamén pode ser presidenta da Xunta— para levar a cabo a súa carreira, para poder compatibilizala coa súa vida persoal. E sofren, sufrimos aínda teitos de vidro e chans pegañentos, discriminacións verticais e horizontais que fan que case a metade das mulleres investigadoras deixen o seu traballo a tempo completo despois de ter a primeira filla ou fillo;



ou que, malia sermos a metade na etapa predoutoral, apenas dúas de cada dez chegan a ocupar unha cátedra. Na supresión desas barreiras verticais e horizontais, desas discriminacións que aínda persisten mesmo nas convocatorias posdoutorais da Xunta de Galiza —como acreditou recentemente a Valedora do Pobo—, na supresión desas barreiras é onde cremos desde o BNG que temos que actuar como sociedade e, por suposto, como Parlamento. E agardamos que diso poidamos falar pronto nesta Cámara a raíz da proposta que ten rexistrado o noso grupo, a lei que quixemos chamar tamén para visibilizar unha das grandes investigadoras e oceanógrafas non só de Galiza, senón do mundo, a Lei Ángeles Alvariño.

E aquí quixera facer unha paréntese, que poidamos debater en canto a Xunta de Galiza remita á Cámara o último papel que falta para poder sometela a debate. *(Aplausos.)* Porque, se fósemos malpensadas —que non o somos—, daría que pensar que cando as iniciativas lexislativas son doutro grupo os trámites van —vamos— en quinta non, na seguinte; cando son as do Bloque Nacionalista Galego parece que se estiran os prazos para demorar os seus debates.

Como non temos —e xa para rematar— máis quendas de intervención, e a respecto do que dicía a señora Prado, que, efectivamente, lle agradecemos enormemente que nos remitise onte á noite a proposta de transacción, dírelle que nos parece ben, que recolle boa parte das nosas emendas e que, polo tanto, votaremos a favor. Pero iso, que non sexa un titular nin flor dun día, que ese compromiso coa igualdade neste ámbito concreto da ciencia e a tecnoloxía neste país sexa os 365 días do ano.

Máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo autor da proposición non de lei, señora Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, señor presidente.

Señora Díaz, mire, no Partido Popular non imos pedir perdón por defender a igualdade. Vostede vén aquí dicir que sorprende moitísimo que o Partido Popular defenda estas cousas. Mire, a igualdade non é patrimonio da esquerda, ¡a ver como o entende! *(Aplausos.)* ¡Non é patrimonio da esquerda! *(Aplausos.)* É que vostede está co discurso da señora Calvo: «*perdona, bonita, pero el feminismo...*». Non, señora Díaz, o feminismo é de esquerdas, de dereitas, de centro... O feminismo non é do Partido Socialista Obreiro Español nin do Bloque Nacionalista Galego por moito que se empeñen en vir aquí sorrir e facer frases irónicas sobre a defensa da igualdade do Partido Popular de Galicia. Levamos catro..., esta é a cuarta lexislatura co presidente Feijóo ao mando. E xa llo dixo onte o presidente, señora Rodil, se as mulleres deste país non votaran ao Partido Popular, o Partido Popular non teríamos cada vez que nos presentamos ás eleccións máis respaldo nas urnas. *(Aplausos.)* ¡Xa está ben! *(Aplausos.)* Xa está ben de que queiran patrimonializar o tema da igualdade, a defensa das mulleres; non, señorías, isto non é patrimonio da esquerda, a ver se o interiorizan. ¡Xa está ben!



Mire, onte eu, señora Rodil, non critiquei, non dixen que non á toda a iniciativa criticando por criticar. Mire, vostede veu aquí propoñer unha Valedoría da Igualdade que non pode ser, porque xa temos unha Valedora do Pobo. Eu xa lle dixen: se non lle gusta o papel que fai a valedora do Pobo, dígallo; pero cando vén aquí non lle pasen a man por encima da espalda dicíndolle que o está facendo moi ben e logo veñen aquí buscar unha substitución. Pero é que se non era unha Valedoría da Igualdade o que vostedes propoñían, porque non era, porque vostedes propoñían un organismo sancionador, para iso xa está a Inspección de Traballo. Chámenlles ás cousas polo seu nome. E por iso lle dicía que vostede o que buscaba era un titular.

E, mire, eu a verdade é que non, non teño aspiracións a ser presidenta da Xunta, iso déixollo á señora Pontón, que é a deputada máis antiga desta Cámara e ten moitos máis méritos e moitos máis galóns para ser presidenta da Xunta ca min. *(Aplausos.)*

Miren, e falando de rexistrar iniciativas a carón dos días. Mire, o 11 de febreiro, efectivamente, foi o Día da Muller e da Ciencia. Nós presentamos esta iniciativa o 9 e a súa é do día 10, e a súa recolle cuestións que xa están recollidas na lexislación actual, no Decreto legislativo 2/2015. Así que, mire, que veña vostede aquí dar leccións do que é a conmemoración dos días e o de rexistrar iniciativas ao carón dos días da conmemoración non llo vou consentir. Porque vostedes fan exactamente o mesmo, así que non veña aquí con ese sorriso porque non llo podemos consentir.

Señora Díaz, dicía vostede que a Xunta non fixo nada polas investigadoras. Mire, Galicia é a única comunidade autónoma do Estado que por primeira vez instaurou unha puntuación adicional para compensar os candidatos e candidatas que estean de baixa laboral por razón de maternidade, paternidade ou por calquera outra razón médica. Isto fíxose precisamente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡non diga que non!, é que é absolutamente indigno que vostede negue a evidencia, porque ademais vostede dicía que hai investigadoras que non. Pois, mire, voulle dicir unha cousa: isto fíxose cos departamentos de investigación das universidades, e estes departamentos valoraron moi positivamente estas medidas novidasas implementadas. Eu lamento que vostede non as valore, pero, mire, quen as ten que valorar estaas valorando, e hai unha puntuación a maiores precisamente para rachar coa discriminación á hora de acceder a estas bolsas.

E para evitar a discriminación en canto á produción científica —que tanto lle preocupa— dáselles unha puntuación adicional de 0,1 punto por cada mes de baixa ata un máximo de 1 punto, que aínda que *a priori* parece que non é pouco si que é un diferenciador importante. Por primeira vez este ano introducíronse criterios obxectivos, novidosos e diferenciadores nese sentido, que non existen en ningunha outra comunidade de España. Non diga que non se fixo nada cando si se fixo.

E, falando de dotación orzamentaria, mire, efectivamente, os plans son papeis e teñen que ter dotación orzamentaria suficiente. E a Xunta de Galicia no orzamento para este ano 2021 está en 228 millóns de euros para a I+D+i, duplicando os recursos investidos en 2014, 113 millóns de euros. Esta é a nosa folla de servizos, señora Rodil, que a vostede tanto lle preocupaba.



Mire, o traballo conxunto de administracións, universidades, centros de coñecemento e empresas privadas teñen o seu reflexo no incremento nesta última lexislatura: do 24,5 % o investimento total en I+D+i, 7 puntos por riba da media do Estado; e o 18,34 % ao persoal dedicado a estas actividades, 6 puntos máis que a nivel nacional. E tamén son máis mulleres empregadas en I+D, 4.567, e investigadoras, 2.739 en Galicia, que en toda a serie histórica dende 2003, acadando ademais un peso maior que a media estatal, 41,2% e 40,8%, respectivamente.

Por tanto, señorías, ¿quedan cousas por facer?, si, pero non neguen o que se fixo, non neguen a folla de servizo deste Goberno da Xunta de Galicia e do Partido Popular que tanto lles molesta. *(Aplausos.)*

E non intenten patrimonializar nin a defensa da igualdade, nin a defensa das mulleres, nin a defensa da muller no mundo da ciencia, porque non llelo imos consentir, porque nós tamén o defendemos e o que temos que ir é da man, temos que ir da man nesa defensa. E non veñan aquí con ese sorriso cando eu lles tendín a man e cando eu vin cunha proposta absolutamente pacífica, conciliadora e vostedes viñeron aquí rirse e a dicir que non valía para nada. *(Murmurios.)* Pois emendaran con moitas máis cousas, que eu lle aceptei a súa emenda...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...case na súa totalidade, señora Rodil. Vostedes presentaron 3 puntos na súa emenda, acéptolles os dous últimos.

E a señora Díaz, que di que van aceptar a transacción. É que, señora Díaz, aceptámoslle todas as emendas, só faltaría que nos dixera agora que non queren que lles aceptemos as emendas que presentaron a esta iniciativa.

Así que eu agradezo o traballo conxunto, agradezo as aportacións porque melloran a iniciativa, loxicamente. E creo que esta é a forma de seguir...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...traballando, todos a carón...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...e non uns diante doutros...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...para que se poñan medallas e que pareza que é patrimonio duns e non doutros.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*





(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

**O señor PRESIDENTE:** Despois fainos chegar a través dos servizos da Cámara a transacción.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Sol Díaz Moureira e seis deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da transferencia a Galicia das competencias para a xestión do dominio público marítimo-terrestre.**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

*Emenda de adición:*

*Engadir o seguinte texto na parte resolutiva in fine:*

*«e das demais competencias relacionadas coa xestión do mar e da costa: portos de interese xeral, ordenación do sector pesqueiro, investigación oceanográfica, titulacións profesionais náutico pesqueiras e salvamento marítimo.*

*Ademais, o Parlamento insta a Xunta a desenvolver e cumprir o Plan de Ordenación do Litoral (POL), nomeadamente o previsto na Disposición adicional terceira.»)*

Para formular a proposición, ten a palabra a señora Díaz Moureira.

**A señora DÍAZ MOUTEIRA:** Grazas, presidente.

Señorías, bos días a todos.

Os galegos e as galegas coñecen como ninguén as súas necesidades, así como tamén as coñece o Goberno galego, coñecedor da realidade do noso territorio e á procura das mellores solucións para dar resposta a estas demandas. Este é o punto de partida da petición da Xunta de Galicia que fai ao Goberno de España para o traspaso a Galicia da xestión do dominio público marítimo-terrestre, petición á que se suma este Grupo Parlamentario Popular con esta proposición non de lei e para á que solicitamos, por suposto, o apoio dos grupos que integran esta Cámara.

Un traspaso de competencias que se sitúa no marco da Constitución española, pois en ningún momento se está a reclamar a titularidade ou propiedade das zonas marítimo-terrestres; por certo, a única categoría de bens que aparece singularizada na Constitución, no artigo 132.

O que demanda o Goberno galego é a xestión da proximidade do noso territorio costeiro, do que ten un coñecemento moito máis detallado do que poida ter a Administración estatal. E



aquí situámonos no marco da Constitución española e no marco do Estatuto de autonomía, onde o artigo 27 establece como competencia exclusiva de Galicia a ordenación do litoral.

Con máis de 2.000 quilómetros de perímetro costeiro, a historia de Galicia, o seu presente, o seu futuro non se entenderían sen o noso litoral, absolutamente vencellado coa nosa sociedade, a nosa economía, a explotación dos nosos recursos, a actividade empresarial, o patrimonio, o medio ambiente, a paisaxe, a cultura, e, ¿como non?, o noso turismo.

Así pois, temos a obriga de protexer o noso litoral e os seus recursos en calquera das súas formas, como forma de ingresos sustentables, ademais do seu valor ambiental, patrimonio construído e ordenación urbanística.

E a Xunta de Galicia ten que artellar os mecanismos que permitan protexer e coidar ese litoral, e así o está a facer co deseño e implantación de todo un abano de estudos e normativas: como o Plan de ordenación do litoral, as directrices de ordenación do territorio, a Estratexia de paisaxe de Galicia, a Lei do solo e o seu regulamento, o Regulamento da Lei de protección da paisaxe, as directrices da paisaxe —que veñen de entrar en vigor e que xa é un motivo dunha pregunta esta tarde— e as guías da colección da paisaxe, algunhas delas relacionadas co litoral, como a acuicultura, o sistema de dunas e praia e a integración paisaxística. Grazas a este traballo, hoxe temos en Galicia un completo corpus normativo no que a paisaxe e a urbanismo se refire.

Chegados a este punto e con este escenario, cómpre dar un paso máis para que Galicia poida prestar un mellor servizo público no seu litoral, no que se sitúan unhas 5.000 edificacións entre colexios, estacións depuradoras de augas residuais ou centros de saúde. Por iso apoiamos a reclamación da Xunta de Galicia para que o Estado traspase as plenas competencias no que a xestión do dominio público marítimo-terrestre se refire. Unha competencia que lle permitiría á Xunta de Galicia exercer dun xeito autónomo e máis axeitado a política integral do litoral galego en diferentes ámbitos como o marisqueo, o portuario, o pesqueiro e a planificación urbanística.

A xestión integral do litoral galego —incluíndo o dominio público marítimo-terrestre, os terreos contiguos suxeitos a limitacións e servidumes de protección— permitiría, entre outras cousas, minorar as perdas de eficacia na Administración, reduciría demoras e inseguridade, melloraría a eficiencia do uso de fondos económicos, facilitaría a integración do desenvolvemento uniforme da ordenación territorial urbanística. Pero aínda teriamos máis vantaxes, como é a simplificación administrativa co traspaso dunha competencia que reduciría a duplicidade que xera a existencia neste momento de dous niveis administrativos neste ámbito.

Cómpre modificar tamén neste aspecto toda a normativa relativa á emisión de informes sectoriais e, sobre todo, no ámbito estatal en materia de costas. Galicia xa simplificou a súa normativa nesta materia, o que posibilita en boa medida que se fagan máis pronto realidade moitos proxectos.

¿Cal é a proposta da Xunta de Galicia en canto á modificación destes informes sectoriais estatais? Pois dunha misión dun prazo máximo de tres meses, que o silencio sexa positivo e



que sexan recompilados nun único órgano, xa sexa a Delegación ou a Subdelegación do Goberno.

Señorías, o Goberno galego ten o coñecemento máis próximo e detallado do noso perímetro costeiro; un corpo normativo adecuado para xestionar como ninguén o litoral en función das súas peculiaridades e das súas circunstancias; e, sobre todo, a intención de prestar o mellor servizo público aos galegos e ás galegas que viven no noso litoral, que viven do noso litoral e que gozan do noso litoral.

A Xunta de Galicia, por tanto, está en condicións de reclamar esta xestión. Unha cesión que culminaría o traspaso de competencias en materia de ordenación do litoral que o Estado iniciou alá polo 1985, pero que non completou posteriormente no caso da nosa comunidade co traspaso da xestión das autorizacións e concesións. Traspaso de autorizacións e construcións que o Estado reserva para si en canto ao litoral galego, pero que si traspasou a Cataluña e a Andalucía; Cataluña en 2008 e Andalucía en 2011. ¿E por que en Galicia non? Pois non será por non pedilo, señorías. Porque a Xunta de Galicia así o vén reclamando dende o ano 2009 sen que a súa petición fose atendida.

A última das súas peticións ou solicitudes, sen contar con esta proposición non de lei, foi realizada polo propio presidente da Xunta de Galicia na última reunión co presidente do Goberno de España, o pasado 29 de xaneiro. Unha reunión na que o presidente da Xunta puxo sobre a mesa tamén algo que preocupa moito ao Goberno galego, que é a dobre modificación da normativa en materia de costas. Por unha banda, a modificación da disposición transitoria décima do Regulamento xeral de costas, para aclarar que o uso residencial e hostaleiro son análogos e intercambiabes; e, en segundo lugar, que se modifique a disposición adicional terceira da Lei de costas. Deste xeito autorizaríanse todos os usos que permite a Lei do solo en construcións tradicionais preexistentes á Lei de costas. Permitiría recuperar e dar vida a antigas fábricas de salgadura, cetarias, conserveiras, pazos e outros edificios de gran valor patrimonial afectados pola servidume de protección de costas.

Moitos destes inmobles tiveron tempo atrás unha actividade económica ou social importante e agora están en desuso ou mal estado, afeando o noso litoral e perdendo parte da nosa historia.

Recompilo, señorías, o dito ata o de agora. O Goberno galego insiste, como vén de facer dende o ano 2009, en pedir o traspaso de competencia da xestión do dominio público marítimo-terrestre, facultade da que si gozan Cataluña e Andalucía, pero nós non.

Temos o mellor coñecemento do noso territorio, temos o corpo normativo axeitado que nos permitiría asumir esa política integral, que nos permitiría xestionar esta zona en función das nosas peculiaridades, tomar as decisións máis axeitadas con maior axilidade administrativa e, ademais, dar nova vida a un importante conxunto de inmobles de valor ambiental, patrimonial e arquitectónico.

Estas son as razóns que levan este Grupo Parlamentario Popular a presentar esta iniciativa, pero tamén por sentido da responsabilidade e da oportunidade diante dun novo acontece-



mento. Porque, se a demanda de traspaso de competencias da xestión do dominio público marítimo terrestre e a petición da modificación da normativa de costas se puxo enriba da mesa con total transparencia e luz, agora vén o Ministerio de Transición Ecolóxica cun anteproxecto de lei de cambio climático que vén modificar indirectamente unha lei de costas que vai afectar de xeito importante á Galicia do litoral. Outra vez máis o Ministerio de Transición Ecolóxica, ou ben un dos alcumes que se vén utilizando ultimamente con todos os respectos, de «intransixencia ecolóxica» non vai quedar. Hai pouco falaban de atacar a industria gandeira elevando a protección do lobo, agora tócalle á industria do mar. ¿Que será o próximo?

Grazas ás modificacións que quere facer a señora Ribera, estase a pór en risco máis dun cento de empresas e outras actividades do ámbito do mar e da súa industria asociada. Preto de 5.000 edificacións asentadas en preto de 80 concellos costeiros, onde se atopan colexios, centros de saúde, e esa incerteza sobre o futuro, ¿onde se atopa?, no dominio público terrestre.

O Goberno galego e mais este grupo parlamentario somos partidarios de que se transfiran a Galicia aquelas competencias que se poidan xestionar mellor desde a propia comunidade autónoma. Temos o mesmo dereito que outras comunidades autónomas e as formas hainas, xa sexa por vía de real decreto, porque Galicia, como xa vimos, ten atribuído o título competencial exclusivo de ordenación do seu litoral, tal como recolle o Estatuto de autonomía; ou solicitando ante o Congreso dos Deputados a citada transferencia a través dunha lei orgánica.

Nós esperamos que nesta ocasión nos escoiten desde esta Cámara e, por suposto, se é co apoio de todos os grupos aquí representados, moito mellor.

Nada máis polo de agora, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Díaz Mouteira.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi bo día.

Teño que confesar que non deixa de asombrarme a capacidade do Partido Popular para reinventarse, para camuflarse, para travestirse, para facer unha cousa e dicir a contraria, e non me refiro á mudanza de Génova, que está de actualidade estes días, xunto coas declaracións nun tribunal de xustiza do señor Bárcenas. Non me refiro a este borrado preventivo do pasado no que está agora o Partido Popular; antes facíano a golpe de martelazos e de borrado de discos duros ou de actuacións das, digamos, cloacas do Estado, así chamadas; agora utilizan métodos máis sofisticados, van facer unha mudanza. Por certo, a estas alturas teño que recoñecer que me perdín na enxurrada de casos de corrupción na que está metido o Par-



tido Popular, aí tamén hai que facer algo. Deberían facer unha guía ou un diagrama para poder orientarnos nesta cuestión.

E, no caso das transferencias, vostedes bateron todos os récords mundiais de emendarse a si mesmos, de corrixirse a si mesmos, tantas que eu xa lle perdín a conta.

Miren, imos facer un pequeno repaso, porque vostede falou do 2009. No ano 2009 o Partido Popular no seu programa electoral recollía a transferencia de competencias, a partir, por certo, dun acordo que houbo neste Parlamento na lexislatura anterior que demandaba ao Estado a transferencia de 70 competencias, había acordo para iso. E nun dos primeiros consellos da Xunta, que tivo lugar concretamente o 8 do 10 de 2009, o señor Feixóo nas súas declaracións á prensa lanzou unha desas frases rimbombantes. Dixo: «Iniciaremos a fase de maior autogoberno da historia de Galicia». Manda truco.

Nese Consello da Xunta presentouse o informe Rueda, o *Rasputín* das transferencias. Nese informe falábase de darlle prioridade a 17 transferencias. Entre elas: autoestrada AP-5 e a AP-53, xa sabemos o que pasou. Inspección de traballo, tráfico e seguridade viaria, meteoroloxía, concas hidrográficas, seguridade a bordo das embarcacións, investigación oceanográfica, titulacións náutico-pesqueiras, portos de interese xeral, ordenación do litoral, dominio público marítimo-terrestre. Era prioritario no 2009 e estamos no ano 2021 falando disto.

Pois, claro, que vostedes veñan con este desparpajo 11 anos despois, 12 anos despois, a pedir o que xa poñían como prioritario no 2009, manda truco, señora Díaz, manda truco.

A realidade apabullante é que hai un balance desolador en materia de transferencia de competencias de 12 anos de Goberno do Partido Popular e iso que o señor Rueda... —momento de apuntamentos—, o señor Rueda na campaña do ano 2009 —unha campaña infame, por certo, hai que dicilo—, dixo que o bipartito só conseguira 14 traspasións de asuntos menores. O tripartito 14 traspasos e a Xunta do Partido Popular en 12 anos cero traspasos, cero patatero. Ese é o balance do Partido Popular, (*Aplausos.*) do señor Feixóo, «o Terminator» do autogoberno, porque ía ser a década prodixiosa do autogoberno e xa vemos cal foi o balance, cero patatero.

E, claro, di vostede: é que a Xunta pediu as transferencias diante do Goberno de Madrid. Pois se as pediron, o trato foi de absoluto desprezo, cando gobernou Zapatero e cando gobernou o Partido Popular do señor Rajoy, porque estiveron gobernando seis anos, ¿que estiveron facendo? ¿Por que non lle pediron, por que os desprezaron, por que os levaron á irrelevancia política, por que non lle concederon as transferencias? É que vostede dixo: é que lles concederon as transferencias a Cataluña e a Andalucía. Pois claro, claro, e a Galiza non, pero estiveron gobernando o Partido Popular na Xunta e en Madrid seis anos seguidos e non conseguiron a transferencia. É a súa responsabilidade, é o seu balance.

Isto por non falar de... Ben, nese período de Goberno do señor Rajoy houbo ata 16 transferencias a comunidades autónomas, 16. Galiza, cero.



E do que si tiveron tempo neses seis anos é de vetar tres veces a transferencia da AP-9, poñéndolle atrancos, poñéndolle paus nas rodas, con informes do Goberno e con vetos parlamentarios para que se tratase no Congreso dos Deputados. Para iso si que tiveron tempo.

¿E que pasou despois de 2018 que deixou de gobernar o Partido Popular? Pois o que pasou daquela foi que o señor Feixóo asumiu a axenda recentralizadora do Partido Popular do señor Casado. O señor Casado dixo, mandou calar, dixo: «*España no puede transferir —aténdame, señora Díaz— España no puede transferir más competencias a las comunidades autónomas. Esto no se aguanta, esto no se aguanta, hay que reforzar la nación*». Entón dixo isto Casado e a continuación di o señor Feixóo: «*España no está para hacer transferencias a las comunidades autónomas, las transferencias no son prioritarias*». Entón, ¿que veñen vostedes dicir aquí que o puxeron como prioritario no 2009?, que non foron capaces de conseguilo porque non o pediron, non o exixiron, non o reclamaron; que despois dixeron que as competencias non eran prioritarias e agora acordoulles que son prioritarias outra vez. Non nos tomen o pelo, señores do Partido Popular, ¡non nos tomen o pelo! (*Aplausos.*)

Polo tanto ese é o seu balance e hai que dicilo aquí claro, o seu balance en materia de competencias, e o seu balance é a incompetencia, non é a competencia, é a incompetencia, é a constatación da incompetencia, da submisión e da irrelevancia política. Ese é o seu balance.

E, claro, agora con estes antecedentes, plántanse vostedes aquí con todo o desparpajo a dicir: descubrimos que hai que conseguir a competencia do dominio público marítimo-terrestre. Acordounos agora despois de tanto tempo, que tivemos aí un lapsus, acordounos agora. E, claro, isto non é casualidade, isto ten motivacións. E as motivacións non son esas 5.000 edificacións. Por certo, téñolle que recordar o que din as Directrices de Ordenación do Territorio e o POL a respecto desas cuestións, porque vostedes presumen das directrices, do POL, da paisaxe. Estiveron 12 anos tamén para desenvolver as directrices da paisaxe desde que se aprobou a lei e mentres o que vimos foi a degradación, a destrución da paisaxe na costa, no interior, no monte, no rural, por todas as partes. Porque vostedes, xa o dicía Castelao: « *Habería que escribir as normas en papel de lixa para que non puidesen limpar o cu con elas*», porque vostedes escribenas en papel tisú, as súas normas escríbense en papel tisú e así xa sabemos o uso que lles dan.

Entón, o que lle temos que dicir é que o problema non son esas 5.000 edificacións. Por certo, se hai centros de saúde ou se hai centros educativos ou se hai equipamentos da Xunta en terreos de dominio público terrestre, deben saír de aí, debe cambiarse a súa ubicación, deben ir para outro lado. ¿Pero que están dicindo aquí? ¿Que barbaridade están dicindo? ¿Que deben seguir ocupando o dominio público? Se é dominio público marítimo-terrestre, hai que protexelo, hai que defendelo; haberá que manter aí algunhas actividades, as que teñan que estar necesariamente pola súa relación e vinculación co mar, que é o que defendemos nós no debate que hai sobre a Lei de costas, sobre o Regulamento de costas, sobre a Lei de cambio climático, pero non aquelas que se poden trasladar. Eses equipamentos públicos, por certo, instalacións industriais como a que está detrás desta iniciativa do Partido Popular, porque esta iniciativa ten un nome, ten catro letras e é E-N-C-E, Empresa Nacional de Celulosa, Ence. (*Aplausos.*) Esta é a verdadeira razón desta iniciativa, por iso lle acordou agora este debate, por iso lle acordou agora esta competencia, porque queren protexer os intereses de



Ence, queren perpetuar por 125 anos unha fábrica contaminante que está nunha ubicación inadecuada que vostedes mesmos dixeron que non podía estar aí. Porque tamén lles recordo que vostedes fixeron, o Consello da Xunta fixo un consello extraordinario en Pontevedra, en xuño de 2009, e o señor Feixóo dixo publicamente alí: «Ence non pode permanecer na ría de Pontevedra. Non imos dicir unha cousa e facer a contraria». Non imos dicir unha cousa e facer a contraria, e fixeron a contraria, fixeron cambios legais para perpetuar, para que Ence quedase aí, e iso non o podemos consentir. E vostedes mesmo puxeron no POL, por iso digo que fixeron o POL en papel tisú, puxeron no POL que aí había que facer unha área de mellora paisaxística. E o que fixeron despois foi cambiar a lei, cambiar as normas, portas xiratorias incluídas para beneficiar descaradamente unha empresa do Ibex. E vostedes cambiaron de posición porque os chamaron de Madrid e porque lles dixeron que había que achantar, que había que cambiar de posición, que había que poñerse do lado de Ence, e iso non o podemos consentir.

E fronte ao oportunismo, fronte aos bandazos do Partido Popular, a coherencia do BNG. Nós defendemos exactamente o mesmo en 2019 e en 2021, exactamente o mesmo a respecto das competencias, das prioritarias e das non prioritarias. E votamos sempre o mesmo. Por iso tamén aquí imos votar o mesmo e tamén lle propoñemos unha emenda para engadir máis competencias. Non nos conformamos só co dominio público marítimo-terrestre, como estaba naquel acordo parlamentario do ano 2008. Queremos máis, queremos tamén os portos de interese xeral, queremos a investigación oceanográfica, queremos as titulacións náutico-pesqueiras, queremos salvamento marítimo, queremos ordenación do sector pesqueiro. E queremos, finalmente, que se cumpra o Plan de ordenación do litoral, letra por letra, punto por punto, incluíndo a disposición adicional segunda...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor BARÁ TORRES:** ...que di o que di a respecto da non permanencia de Ence na ría de Pontevedra.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario Socialista, señor Arangüena.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Señora Díaz, crin escoitalle que levan vostedes dende o ano 2009 pedindo a transferencia desta competencia, digo crin escoitallo porque me sorprende moito e ao mellor estaba eu soñando esperto. En todo caso, se o fixeron, parece que o fixeron en segredo e, en todo caso, se o fixeron, o éxito que tiveron foi nulo. Augúrolle moito máis éxito cun Goberno socialista que o que, polo que di vostede, tiveron cun Goberno do partido Popular, o do señor Rajoy. *(Aplausos.)*



En todo caso, señora Díaz, Galicia é a comunidade autónoma con máis superficie costeira de España, ademais de que a economía asociada ás nosas costas ten unha enorme importancia. Igual que a conservación do noso litoral, que non é soamente fonte de riqueza, senón parte da nosa cultura e da nosa identidade. E a economía do sector marítimo alimentario das nosas costas, o marisqueo, a acuicultura, conserva etc., xera unha actividade produtiva moi dificilmente deslocalizable que é intensiva en man de obra, en boa medida feminina, e na que temos unha vantaxe competitiva evidente, o cal lle outorga un carácter estratéxico que se ve reforzado polo feito de ir da man da conservación do medio, prioridade de calquera política pública no século XXI, sinaladamente no ámbito da Unión Europea.

Asemade, o turismo vinculado ás nosas costas ten unha gran importancia que pode medrar no futuro, ademais de que as nosas costas son un patrimonio público que debe ser conservado para xeracións futuras, agardo que o teñan vostedes medio claro polo menos, e subtraído da posibilidade de apropiación particular, sen perder de vista o especial impacto que pode ter o cambio climático nas nosas costas.

Galicia xa ten moi amplas competencias no ámbito costeiro, como a medioambiental, a ordenación do litoral, a promoción económica, etc., etc. E, nese sentido, entendemos que dentro da repartición de competencias do Estado ten sentido lóxico e xurídico que sexan exercidas pola comunidade autónoma as de xestión do dominio público marítimo-terrestre, por razóns funcionais e de cercanía ao territorio e as súas especificidades, o cal non é óbice para recoñecer que, contrariamente ao que dixo vostede, a día de hoxe quen mellor coñece a problemática da nosa costa son as delegacións de costas do Estado. Neste momento é así, que teñen funcionarios competentes e altamente experimentados, e un coñecemento exhaustivo do que sucede no dominio público marítimo-terrestre.

E tamén hai que considerar que a xestión da zona de servidume de protección lle corresponde á comunidade autónoma dende 1991, é dicir, dende hai 30 anos. Unha competencia que xa ten e da que ten feito deixación ata o punto de que non hai ningún corpo de axentes da Xunta que exerza esas competencias, que seguen sendo *de facto* vixiadas pola Administración territorial do Estado, que cando observan unha infracción na zona de servidume de protección chaman á Xunta para que exerza as súas competencias. E agardamos que con ese antecedente a xestión que está pedindo o PP a través desta iniciativa non se converta no típico ti vai facendo o que che pete, que parece ser a norma principal e por defecto aplicable en todo o noso territorio, tanto no litoral como no interior, porque esa é a súa norma e a súa lei, que cada un faga o que lle pete.

Por outra banda, sorpréndenos a petición deste traspaso competencial, habida conta de que os gobernos baixo a presidencia do señor Feijóo, contrariamente ao que, se non soñei, dixo hoxe aquí a señora Díaz, caracterizáronse polo completo abandono sobre as demandas competenciais para Galicia sen que nos últimos doce anos fose solicitada ningunha nova transferencia que supuxera a ampliación do autogoberno de Galicia, nin se activou con ese cometido a Comisión Mixta de Transferencias, iso si, parece ser que vostede di que fixeron todo tipo de secretas xestións en concreto para a transferencia desta competencia.

De feito, resulta tanto máis sorprendente esta petición de transferencia cando dende hai dous anos e medio, exactamente desde que chegou ao Goberno de Pedro Sánchez, a Xunta





caracterízase polo escapismo competencial, e polo principio “invito eu, pagas ti”, todo o cal vai determinando na práctica unha especie —señora Díaz, non sei se se está escondendo, pero espero que todo vaia ben. (*O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Perfecto! — todo o cal, digo, vai determinando unha practica que é unha especie de nova repartición de competencias que consistiría en que o que vai mal en Galicia é competencia do Estado e o que vai ben é competencia da Xunta de Galicia. E ás veces o que vai mal tamén é competencia, é responsabilidade dos concellos e das deputacións, exceptuando, por certo, sempre a de Ourense. Esa é en realidade, máis alá do que di o noso Estatuto de autonomía, a repartición de competencias ao que tende o señor Feijóo. Se hai algún problema, escapismo e negación. Se hai algún logro, propaganda e autobombo. (*Aplausos.*) Aínda que nos logros de Galicia teña moi pouco que ver a acción de Goberno da Xunta e moito máis o carácter emprendedor e traballador dun pobo e a vitalidade de empresas como, por poñer dous exemplos sinalados, Inditex no norte e PSA–Citroën, que agora se chama Estellantis, no sur. Tan acusada é este nova repartición de competencias que igual había que considerar reformar o Estatuto de autonomía para adaptalo a esta situación, porque hai competencias que a Xunta parece incluso descoñecer que ten, a pesar de que están claramente establecidas no Estatuto de autonomía. Por exemplo as de política industrial e promoción económica, que a Xunta parece considerar que non van con ela, a pesar de que o Estatuto di con meridiana claridade no seu artigo 30 que lle corresponden con carácter exclusivo á Xunta de Galicia, e a pesar tamén de que ten unha flamante vicepresidencia segunda, de Consellería de Economía, Empresa, Innovación e non sei cantas cousas máis, e toda unha estrutura de medios, orzamentos, etc., que deberían servir para eses fins.

E, falando de modificar o Estatuto, parece que esquecen as súas señorías do PP que antes de transferir esa competencia ou calquera outra hai que incluila no Estatuto, para o cal haberá que desenvolver aquí o correspondente proceso parlamentario. Por iso, hai dúas semanas, nós mesmos presentamos unha proposición non de lei na que propoñíamos instar a Xunta de Galicia a levar a cabo as actuacións necesarias para asumir, precisamente, as competencias de xestión do dominio público marítimo-terrestre. Non reclamar ao Estado, como fan vostedes, e non fixeron antes, por certo, senón levar a cabo as actuacións necesarias para esa reclamación, iniciar o proceso, porque, como digo, hai que dar certos pasos antes de reclamar. E tamén lle dixen que lles auguro éxito nesa, como din vostedes, reclamación.

Anticipo xa que non imos votar en contra desta proposta, porque a entendemos razoable na súa filosofía e, máis alá da súa literalidade, nós estaremos sempre a favor de ampliar o nivel competencial de Galicia sempre que esa ampliación sexa razoable, porque tamén teño que dicir que os estados federais avanzados non practican a técnica centrifugadora que algunhas forzas políticas queren implantar como norma en España. E, pola contra, a técnica de reparto competencial nos estados federais máis avanzados pasa por avaliar quen pode facer mellor cada cousa, que nuns casos será a Administración central e noutros serán as administracións dos distintos territorios. E nesa liña, o Goberno de Emilio Pérez Touriño elaborou no seu momento un informe detallando as competencias que poderían ser asumidas pola nosa comunidade autónoma, que eran moitas, decenas e decenas, a pesar do cal, como dixen, os sucesivos gobernos do señor Feijóo non pediron nin a primeira nos sete anos que foi presidente o señor Rajoy. (*Aplausos.*) E agora dálles por pedir esta. Benvinda sexa a petición na medida en que sirva para mellorar, cousa que en teoría é posible, pero para iso hai que poñer



os recursos e os medios e a vontade, cousa que, como dicimos, ata o momento en materia de costas e de ordenación do litoral non fixo o Partido Popular de Galicia.

E, respecto do artigo 18.4, que tiña que saír inevitablemente, teño que reiterar o que xa dixen hai algunhas semanas. O PSdeG non vai apoiar ningunha medida lexislativa ou de calquera tipo que vaia contra a economía da nosa costa ou contra a cadea de valor do sector mar-industria alimentario, que ten —reitero— unha importancia enorme non só economicamente, senón tamén social e culturalmente. Estamos, obviamente, a favor de que se protexa, se defenda e se incentive a nosa economía costeira, a conserva, a acuicultura, o marisqueo e toda a actividade asociada a eses sectores; cousa que, por certo, non fai a Xunta, como reflicte a merma progresiva do noso sector marisqueiro. O que non imos amparar é a demagogia e a irresponsabilidade consistente en que, por motivos políticos espurios, se desinforme á nosa costa e desde a propia Administración autonómica, que debería facer xustamente o contrario. É unha burda mentira que o artigo 18.4 vaia implicar ou supoñer o peche de centos de empresas. Deixen vostedes, por responsabilidade, por madurez democrática, de repetir esa burda mentira.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Arangüena.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo autor da proposición non de lei, señora Díaz Mouteira.

**A señora DÍAZ MOUTEIRA:** Grazas, presidente.

Señorías.

Señor Arangüena, non me escondo. Faltaba máis que me metera vostede medo; ningún, non me asusto para nada. *(Aplausos.)*

En todo caso, o tema que nos trae hoxe aquí, o Estado autonómico, Galicia ten desenvolto o seu autogoberno no xeito substancial cun amplo abano de competencias e cunha capacidade lexislativa moi superior á que teñen moitos países nominalmente chamados federais. En todo caso, señorías, a debilidade parlamentaria que vemos no actual Goberno socialista teno levado, igual que con relación ao financiamento, a abrir o debate sobre novas transferencias ás comunidades autónomas, incluso algunhas de dubidosa constitucionalidade.

O Goberno galego, co apoio do Grupo Parlamentario Popular, non vai aceptar que Galicia quede en inferioridade de condicións por tratos bilaterais que derivan da dependencia do Goberno de España de compromisos que teñen con forzas que gobernan noutras comunidades autónomas. Non me vou pór a repasar aquí cales son, porque teño cousas máis interesantes que dicir.

O Partido Popular e o Goberno de Galicia, señorías, van seguir demandando, ¡claro que van seguir demandando os traspasos que impliquen unha maior prestación de servizos públicos



aos galegos e ás galegas!, a través desa xestión de proximidade e dentro, evidentemente, do marco constitucional e estatutario. Niso creo que estamos de acordo.

Pero, miren, e eu creo que aquí, tanto para o señor Arangüena e o señor Bará, voulles dicir que foron 12 anos os que levamos, e que dicían de non sei cantas competencias, ¡claro que foron 12 anos! ¿Que fixo o Partido Popular? Manter o noso autogoberno. Era moito máis importante para o Goberno galego xestionar cuestións de vital importancia, como a crise económica de principios desta década e como esta pandemia, que negociar o traspaso de novas competencias defendendo —iso si— o que fixemos é defender o que tiñamos, manter o noso autogoberno, non como outras comunidades que tiveron que verse intervidas.

Señor Bará e señor Arangüena, (*Murmurios.*) non, a situación mudou. ¿E por que mudou agora a situación á vista de que pedimos a reclamación da xestión de dominio público? Da intención do Goberno, do Goberno, do seu Goberno, do Goberno socialista, de adoptar decisións prexudiciais para Galicia. E, señor Bará, non se ría, porque aquí ninguén se camufla, señor Bará, ninguén. Aquí os únicos que se camuflan son vostedes apoiando un Goberno que esquece a Galicia, e do que son socios, non se olviden. (*Aplausos.*)

Así as cousas, e polo sentido de responsabilidade e de oportunidade, faise necesario neste momento adecuar esta competencia ás circunstancias que temos agora en Galicia e que parece que algúns en Madrid non entenden. E, se non o fixemos antes, ¿por que o foi? Xa o dixen: porque mantivemos o noso autogoberno, porque as cousas estaban saíndo dadas as circunstancias dun xeito razoable. ¿E por que agora insistimos? Porque o Goberno do seu partido, señor Arangüena, tenta cambiar a extensión temporal das concesións recortando de forma importante os períodos temporais e facendo inviables amortizacións e investimentos. Si, señor Arangüena. O Goberno do seu partido tenta cambiar os criterios de asentamento das estruturas de empresas ou administracións sen ter en conta as características de moitas actividades que só poden estar á beira do mar. Porque o Goberno do seu partido, señor Arangüena, non só tenta inmiscirse —si, señor— nos ámbitos das empresas en zonas de costas, senón tamén no ámbito doutras administracións.

En todo caso, nesa proposición que vostedes veñen de rexistrar, señor Arangüena, o 25 de febreiro, falan e din vostedes, acabao de dicir tamén agora, de que ten sentido lóxico e xurídico que Galicia asuma as competencias das que estamos a falar. Claro que ao mellor teñen vostedes un propósito que unicamente o que queren é aproveitar a ocasión para abrir outro debate interesado, como é o do ámbito competencial de Galicia. Debate interesado e estéril, porque o Goberno galego pode demostrar como dende 2009 vén de loitar polo traspaso de competencias, pero con sentido. Si, e apostando por aquelas que se poidan xestionar mellor pola nosa comunidade. E aínda lle podo engadir máis, se quere ir vostede ao eixo quinto do programa electoral do Partido Popular sobre reforzo de autogoberno, na páxina 161, falamos do impulso á convocatoria das comisións mixtas de transferencia. (*Murmurios.*)

Señor Bará, en canto á súa emenda de adición, dá a sensación de que aproveitan vostedes a ocasión e fan unha mestura de transferencias de xeito xeral que non podemos apoiar na súa totalidade. E, miren, non procede por exemplo, aceptar a petición de competencias sobre portos de interese xeral radicados en Galicia; tampouco procede pedir competencias no ám-



bito das titulacións profesionais náutico-pesqueiras; non podemos aceptar a transferencia do salvamento marítimo, xa que o importante non é a competencia en si mesma, senón como se exerce. Non procede aceptar estas competencias, pero si poderíamos apoiar outras dúas, pero non como un brindado ao sol, senón porque xa están demandadas polo Goberno galego dende o ano 2009, que é o caso da ordenación do sector pesqueiro —competencia demandada e o Estado non procedeu á elaboración do correspondente real decreto de traspaso—, e a competencia relativa en investigación oceanográfica, que tamén está demandada dende o ano 2009.

Ademais, mesmo hai unha proposición non de lei aprobada por unanimidade, pedindo a transferencia do Instituto Español de Oceanografía, polo que debería ser solicitada nos contidos desa proposición.

Señorías, seguro que aínda atopamos algún punto de encontro, porque estamos falando de Galicia. O Partido Socialista fala dese sentido lóxico, dese sentido xurídico, desa necesidade do traspaso da xestión do dominio público marítimo-terrestre. O Bloque Nacionalista Galego tamén esperamos que recollan esa proposta desas competencias que xa vimos —insisto— reclamando, en todo caso, señorías, dende o ano 2009.

En todo caso, e xa para rematar, o que si quírome referir aos grupos da oposición dicindo que o Goberno galego non estivo de brazos cruzados, como falan vostedes, no tocante ao ámbito competencial. O Goberno galego non estivo de brazos cruzados, o que estivo foi traballando seguindo prioridades, seguindo oportunidades e cun sentido de responsabilidade, e esa responsabilidade é Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Díaz Mouteira.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Debatenos agora de xeito acumulado dúas proposicións non de lei, unha do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de D. Xosé Luís Bará; e outra do G. P. dos Socialistas de Galicia, iniciativa de D. Pablo Arangüena

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno do Estado para a presentación de recurso contra a sentenza da Audiencia Provincial en relación co pazo de Meirás para defender a verdade histórica e o interese público e para evitar calquera indemnización á familia Franco**

Acumúlase na anterior a seguinte:

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rey, para que se esgoten todas as posibilidades xurídicas para a defensa do interese do Estado, incluíndo, de ser tecnicamente posible e**



**aconsellable, a interposición de recurso contra a Sentenza 60/2021, da Audiencia Provincial da Coruña, no relativo ao pronunciamento favorable á indemnización dos gastos realizados no inmovible pola familia Franco**

**O señor PRESIDENTE:** Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e tamén do Grupo Parlamentario Popular.

*(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:*

*Emenda de modificación:*

*A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:*

*«1º) O Parlamento de Galicia reconece a dedicación e o esforzo de todas as persoas, así como das entidades públicas e privadas que coa súa achega e impulso fixeron posible un proceso xudicial histórico que permite a recuperación do Pazo de Meirás, que fora obtido de forma fraudulenta polo ditador Francisco Franco. Así, aos concellos de Sada e da Coruña, á Deputación provincial da Coruña e á Xunta de Galicia; aos historiadores, persoas e entidades de todo tipo que colaboraron no esforzo colectivo de recuperación deste ben para o patrimonio público e en xeral a todos aqueles que fixeron posible este logro. Especialmente, se reconece o traballo da Dirección Xeral de Memoria Histórica do Goberno de España e do propio Goberno de España, que promoveu e conseguiu a recuperación do pazo mediante a demanda presentada en xullo de 2019.*

*2º) O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que esgote todas as posibilidades xurídicas para a defensa do interese xeral respecto da titularidade do Pazo de Meirás, incluíndo, de ser tecnicamente viable, a interposición de recurso contra a Sentenza 60/2021 da Sección Terceira da Audiencia Provincial da Coruña, sempre buscando impedir ou minimizar calquera pago por parte do Estado á familia Franco.*

*3º) O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que lle solicite ao Goberno do Estado que actúe no mesmo sentido.*

*4º) O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que promova e defenda que o uso prioritario e principal do Pazo de Meirás unha vez recuperado para o uso público debe ser o asociado á reivindicación, estudo e difusión da memoria democrática, sen prexuízo doutros.»*

*(O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa do deputado Alberto Pazos Couñago, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:*

*Emenda de Substitución:*

*Débese Substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:*



1.- Que demande do Goberno do Estado que se esgoten todas as posibilidades xurídicas para a defensa do interese do Estado, incluíndo, de ser tecnicamente posible e aconsellable, a interposición de recurso contra a sentenza 6o/2021 da Sección Terceira da Audiencia Provincial da Coruña no relativo ó pronunciamiento favorable á indemnización dos gastos realizados no inmovible pola Familia Franco.

2.- Continuar apoiando a acción procesal do Estado en relación coa sentenza 6o/2021, na súa calidade de coadxuvante.

3.- Opoñerse, en calquera caso, a eventuais recursos dos demandados nos que se cuestione a propiedade pública do Pazo de Meirás, todo elo en defensa dos intereses do pobo galego expresados na resolución unánime do Parlamento de Galicia adoptada na sesión plenaria do 10 e 11 de xullo de 2018.»)

Comeza formulando a súa proposición non de lei o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Si, grazas señor presidente.

Quería comezar a miña intervención lendo dous titulares recentes. O primeiro é do 17 de febreiro, e di: «*El Estado renuncia a recurrir la sentencia de Meirás y acepta indemnizar a los Franco como poseedores de buena fe. El Gobierno ve positiva la sentencia, porque confirma que el pazo es público y entidades memorialistas, Concello de Sada y BNG, instan a recurrir un fallo que blanquea el franquismo*». 17 de febreiro, hai 20 días. E no día de onte, outro titular: «*El Gobierno recurrirá la sentencia sobre el pazo de Meirás*». Podemos dicir que son 20 días que cambiaron a historia, tamén podería ser o titular do que pasou nestas tres semanas.

E o anuncio que vimos onte podemos dicir que é unha vitoria democrática do pobo galego. É un exemplo da importancia que ten a mobilización social e a presión política, que conseguiron dobrarlle o brazo á Xunta e ao Goberno central, que inicialmente non tiñan previsto recorrer esta sentenza. (*Aplausos.*) E queremos dicir dende o BNG que nos alegamos desta rectificación, é un feito positivo, pero queremos tamén deixar claro de quen é o mérito, o mérito desta rectificación é do pobo galego, é da xente que se mobilizou, é dos colectivos memorialistas, é da Iniciativa Galega pola Memoria e é, poñéndolle nomes de dúas persoas, de Carlos Babío e de Manuel Pérez Lorenzo, que escribiron un manifesto titulado literalmente «*Volver pagar polo roubado, unha sentenza inasumible para un Estado democrático*», que recolleu nunha semana máis de 3.000 apoios, e foi clave, foi decisivo para torcerlle e dobrarlle o brazo ao Goberno central e á Xunta do Partido Popular.

E por iso queremos desde aquí, desde esta tribuna, unha vez máis mostrarlles o recoñecemento e a gratitude a Carlos Babío e a Manuel Pérez Lorenzo polo seu inxente traballo (*Aplausos.*) que foi e segue sendo fundamental para gañar esta causa, para gañar esta batalla.

E tamén, unha vez máis, expresarlle o apoio a Carlos Babío, que se acaba de sentar recentemente no banquillo dos acusados, por unha denuncia pola vía civil e pola vía penal da familia Franco, que o acusa dun delito de inxurias e calumnias. Todas e todos somos Carlos Babío, e todas e todos somos tamén *As dezanove de Meirás*, e *Os oito da Casa Cornide*, que tamén foron



denunciados pola familia Franco, e para estas 19 persoas de Meirás piden máis de 300 anos de cárcere. ¡O mundo ao revés! A xente que se mobiliza e que loita por recuperar o que foi roubado sentada no banquillo dos acusados, e os ladróns, os que se aproveitaron do roubo e do espolio que se van de rositas e aínda lles queren pagar indemnización por iso. ¡O mundo ao revés! Non o podemos consentir, imos dar a batalla ata o final para impedilo.

E, miren, todos e todas deberíamos sacar leccións do que pasou estes días, estas semanas, e a Xunta e o Goberno central deberían aprender unha lección fundamental: que aquí non se trata de recuperar un pazo, non se trata de recuperar un edificio, trátase de recuperar a dignidade colectiva do pobo galego. Diso se trata, porque o pazo de Meirás non é un edificio, o pazo de Meirás é un símbolo. Isto é importante entendelo, é un símbolo e os símbolos transmiten ideas, transmiten valores, transmiten sentimentos, transmiten emocións, transmiten tamén dor e sufrimento, porque foi un lugar de represión da ditadura, do franquismo, de terror, de extorsión, de chantaxe, e hai moitas persoas con nomes e apelidos que sufriron esa chantaxe. E temos que pensar en primeiro lugar e principalmente en restablecer e restaurar a memoria e a honra de todas esas persoas.

E, como símbolo, tamén é un símbolo da impunidade, da impunidade permitida e consentida por unha transición que non ten nada de modélica e que permitiu precisamente esta illa de impunidade, estas 10 hectáreas de impunidade que foron durante case 45 anos o pazo de Meirás. Por certo, unha transición tan modélica, tan modélica, que lle concedeu —e seguen en vigor— títulos nobiliarios á familia Franco, como o señorío de Meirás e o ducado de Franco. Seguen en vigor e pasaron polos gobernos do Estado, gobernos dun e outro signo que non foron capaces de botar abaixo estes títulos concedidos polo rei Juan Carlos despois da morte do ditador. Unha auténtica vergoña, unha indecencia que tampouco podemos consentir.

Miren, o BNG rexistrou esta iniciativa o pasado 18 de febreiro, e fíxoo por dúas razóns: a primeira e principal, porque non estamos de acordo coa sentenza, e porque non estamos de acordo con que este sexa un debate técnico e un debate xurídico, é un debate fundamentalmente ideolóxico e político, polo menos o que hai que dar aquí neste Parlamento; noutros lugares que se dean outros debates, pero neste Parlamento é un debate ideolóxico, de principios e un debate ético tamén. E por iso presentamos esta iniciativa para que este Parlamento teña un pronunciamento claro en contra desa sentenza.

Pero tamén porque non estivemos de acordo, e non estamos de acordo, coa postura que defendeu o Goberno do Estado e tamén a Xunta de non recorrer esa sentenza, parecíanos desde logo indefendible. E estamos dispostos neste momento, aquí neste Pleno, a chegar de novo a un acordo, e se queren chámennlle consenso, pero que quede claro que este consenso non é un consenso chovido do ceo, é un consenso que é resultado unha vez máis do conflito e da confrontación, porque así é como avanza as sociedades; se non, estaríamos posiblemente na Idade Media.

E por iso traemos aquí con toda a xenerosidade unha proposta de transacción e de acordo que está falada cos outros grupos e que di o seguinte: <<O Parlamento acorda como resolución apoiar e demandar que a Administración xeral do Estado, así como a Xunta de Galiza, interpoñan os



*recursos oportunos contra a sentenza da Audiencia Provincial da Coruña no relativo á condición e liquidación posesoria de boa fe, así como, no seu caso, ao personamento como partes recorridas en defensa dos restantes pronunciamentos da parte dispositiva da sentenza. Todo isto en concordancia co Acordo do Parlamento do 11 de xullo de 2018 a prol da recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público e de que a mesma non supoña un novo custo para o pobo galego, evitando que os herdeiros do espolio obteñan ningún beneficio económico do mesmo».*

Esta é a proposta dun acordo que sería unha mensaxe tamén clara para fóra desta casa, para fóra deste Parlamento, para traballar con determinación e con unidade para conseguir os obxectivos que nos marcamos. Porque tamén queremos deixar claro que a xente que loitou, que a xente que se mobilizou, que a xente que investigou, que leva facendo isto desde hai máis de dúas décadas, non o fixo para chegar aquí e morrer na orilla, na beira, na praia, fíxoo para conseguir gañar definitivamente a batalla, recuperar o pazo e derrotar a impunidad e derrotar o franquismo, para iso o fixo e non imos descansar ata conseguilo.

E presentamos tamén esta iniciativa, porque non estamos de acordo co relato e coas consecuencias que ten ese relato que se fai na sentenza, porque dixémolo e mantémolo unha vez máis aquí, ten un insoportable tufo franquista, así de claro. E podemos criticar e debemos criticar a sentenza, sobre todo cando son sentenzas nesgadas, sentenzas ideolóxicas, sentenzas reaccionarias. E voulle poñer só un exemplo do que significa isto: para xustificar que o pazo foi doado á persoa de Francisco Franco e non ao xefe do Estado, os maxistrados poñen por escrito na sentenza o seguinte: *«El apelativo del caudillo se aplicaba a él y a nadie más, y se le presenta como un enviado de Dios. Mensajero divino no puede ser el Estado ni la Administración general del Estado, es una persona física»*. Isto póneno os señores maxistrados da Audiencia Provincial para xustificar que foi doado o pazo a unha persoa física e non á institución da Xefatura do Estado. Tal cal, non podemos admitilo, isto ten un insoportable tufo franquista e creo que somos suaves e moderados co cualificativo.

Non podemos aceptar este relato porque ten consecuencias históricas para a visión histórica do que pasou, pero sobre todo ten tamén consecuencias xurídicas. Sobre todo cando acompañando a isto vai o feito de que non se determina a mala fe posesoria do ditador e da súa descendencia; cando, por un lado, se recoñece que era un ser todopoderoso, pero despois dise, bueno, que el realmente pasaba por alí porque facían e desfacían no seu nome, pero el non se sabe se era coñecedor de todo iso. Cando hai ademais feitos probados historicamente, feitos demostrados na propia sentenza, que din que o pazo foi resultado dunha apropiación con extorsión, con chantaxe, con terror, con abusos de todo tipo, con utilización de recursos públicos. Que se ampliou a propiedade tamén con recursos públicos, que se utilizou reiteradamente durante todo este tempo como residencia do xefe do Estado. E despois diso dise que non está clara a posesión de mala fe, cando ademais queda demostrado que houbo unha manipulación, unha falsificación, un contrato simulado para aparentar unha compravenda no ano 41. E, despois de todo isto, dise que non houbo mala fe, coas consecuencias que ten isto.

Polo tanto, chegados a este punto, cremos que están claras as posturas, que estiveron sempre claras. Queremos recoñecer e valorar o que significa esta rectificación, que é un paso adiante, pero aínda queda moito por facer. E por iso queremos reivindicar aquí de novo a importancia





da presión política, da presión institucional, da presión social, do labor que fixeron tamén o Concello de Sada anunciando o seu recurso, a Deputación da Coruña, o Concello da Coruña, a Xunta Prodevolución —que tamén tivo un posicionamento claro—, o labor da Iniciativa Galega pola Memoria do Movemento Memoralístico galego —¡de dez, *chapeau!*—. Grazas a eles estamos aquí, estamos na oportunidade de presentar ese recurso, de gañar definitivamente esta batalla. Esta batalla que temos que gañar —e remato— porque estamos, ou debemos estar, do lado da ética; e porque temos detrás tamén a forza, a fortaleza, a determinación dun pobo. Temos detrás tamén toda a forza e toda a fortaleza da memoria das vítimas. Temos detrás a razón, a convicción e a determinación para chegar ata o final e por gañar esta batalla, que é derrotar definitivamente a impunidade, derrotar definitivamente o franquismo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Arangüena.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Quero, antes de nada, pedirlle desculpas á señora Díaz porque tiven que saír antes de que esgotara a súa intervención. Non está aquí, pero transmítanlle as miñas desculpas.

E, señor Bará, non é certo que vostedes lle torceran o brazo ao Goberno —como dixo— no tema do recurso de Meirás, non é certo, ¡non é certo! E tampouco é certo nin sequera que o Goberno emitise unha nota de prensa dicindo que non ía recorrer, non houbo tal nota de prensa; o que houbo foron informacións periodísticas sobre as deliberacións que estaban tendo lugar na Avogacía do Estado. (*Aplausos.*) Por tanto, non é certo, están vendendo vos-  
tedes un relato falsificado.

O que si é certo é que o Estado analizou as posibilidades xurídicas dun recurso extremadamente difícil. Punto. E foi a vontade política dun Goberno progresista a que vai permitir a recuperación do pazo e foi o Goberno quen presentou a demanda para recuperar o pazo. (*Aplausos.*) Non por ningunha presión, senón porque, como recoñece a propia Sentenza, no ano 1978 o PSOE xa era o primeiro partido político en pedir a recuperación do pazo de Meirás.

E é unha Sentenza histórica —xa o dixeran nalgunha ocasión— que vai permitir a recuperación dun ben que fora obtido fraudulentamente polo ditador aproveitando a súa posición de dominio do Estado. E foi —reitero— grazas á vontade política dun Goberno progresista e do traballo da Avogacía do Estado, que a principios de 2019 se obtivo un documento, que permanecera oculto no Arquivo de Protocolos Notariais da Coruña, que desmontaba a fraude ideada polo ditador e que permitiu a presentación da demanda por parte dese Goberno progresista e da Avogacía do Estado. Non grazas á demagogia nin ao populismo, senón grazas



á vontade política dun Goberno progresista; tampouco grazas ás pancartas, á vontade política dun Goberno progresista. (*Aplausos.*)

E recorrida esa primeira sentenza pola familia Franco, a Audiencia Provincial da Coruña confirmou que a propiedade do inmovible lle corresponde ao Estado, dándolle, por tanto, a razón no principal, que era a propiedade. Se ben modifica primeiro a sentenza no sentido de establecer a obriga de compensar os gastos feitos pola familia Franco desde a morte do ditador, por considerar, en síntese, que se mantiveron na posesión do pazo sen mala fe, o cal obrigaría a compensalos polos gastos útiles, ademais de considerar que incluso no caso de que se mantivesen na posesión do pazo concorrendo mala fe habería que compensalos tamén polos gastos necesarios, segundo dispón o artigo 453 do Código civil, que di que os gastos necesarios se aboan a todo posuidor; é dicir, a todo posuidor, sexa de boa ou mala fe, e chá-mese Franco, Bakunin ou Pol Pot.

E, por certo, cando o BNG na exposición de motivos da súa iniciativa reprocha á Audiencia Provincial que non establece a mala fe de Franco, confunde por completo o obxecto do proceso, porque os demandados son os herdeiros de Franco, non Franco, e por tanto a sentenza non ten que pronunciarse sobre a boa ou mala fe de Franco, aínda que a Audiencia Provincial deixa perfectamente clara para quen lea a sentenza a súa opinión negativa respecto do ditador e da ditadura. Pero, no caso que nos ocupa, boa ou mala fe non quere dicir nin que os Franco fosen ou sexan boas ou malas persoas nin que Franco fose unha boa ou mala persoa, senón que a boa ou mala fe xurídica está asociada ao feito de que os herdeiros de Franco soubesen que Franco obtivo o ben de xeito fraudulento, un concepto de mala ou boa fe que non é ético, nin moral, nin político, senón xurídico. E a Audiencia Provincial da Coruña estima que non houbo mala fe porque entende que non se pode considerar probado que os Franco soubesen dos manexos que fixo o avó para poñer ese ben ao seu nome; é dicir, a simulación de negocios xurídicos que fixeron os asesores do ditador. Esta é a parte máis discutible, a de que os herdeiros coñecesen as simulacións que fixo o ditador ou que simplemente as descoñecesen. Eu teño a miña opinión como xurista, pero iso aquí non vén ao caso, nin a vou manifestar. O que hai que ter claro é que incluso, aínda que os Franco fosen posuidores de mala fe, a lei establece que hai que pagarlles os gastos necesarios aos posuidores de mala fe, e iso é difícil de evitar.

E, sen entrar a debater os argumentos xurídicos dun proceso tan novidoso e complexo, cousa que non corresponde a un partido político nin é propio da función parlamentaria, si que demandamos e pedimos con claridade xa dende hai tempo que se esgoten todas as posibilidades xurídicas para defender o interese público neste tema, cousa que, ademais do propio Estado, que anunciou onte efectivamente que o vai facer, pode e debe facer a Xunta de Galicia persoada no proceso. E iso é o que nós pedimos na nosa proposición, a pesar de que sexa un recurso moi difícil —como digo— principalmente polo motivo de que o recurso de casación —que é a vía normalmente prevista na nosa lei para recorrer as sentenzas das audiencias provinciais— non se admite para cuestións meramente probatorias, como é o caso da boa ou mala fe dos herdeiros de Franco.

En todo caso, teño que dicilo tamén con rotundidade, a afirmación de que a Sentenza da Audiencia Provincial ten un tufo franquista ou que branquea o franquismo é un disparate e



unha expresión da máis pura e absoluta demagogia, ou ambas as cousas. E, se as súas señorías do BNG se molestasen en ler a sentenza, verían que fala con carácter crítico, claramente crítico, de cousas tales como que «o Estado estivese ao servizo de Franco» —cito literalmente—. E fala dunha cohorte que quería render pleitesía a Franco e que desfilara por Meirás, e fala do dispendio de fondos públicos feito no pazo, e fala do réxime franquista como unha forza que ten a capacidade para impor as súas decisións violentamente. É dicir, fai consideracións claramente críticas e desfavorables respecto do réxime franquista, por poñer só algúns exemplos de consideracións, que, a pesar do carácter non ideolóxico dunha sentenza —que non versa sobre o franquismo nin sobre Franco, senón sobre a propiedade dun concreto inmovible—, deixa perfectamente clara a opinión contraria do tribunal respecto do réxime franquista e respecto do que sucedeu no pazo, o cal non é óbice para que se recorra esa sentenza, como nós pedimos.

E se a pesar diso alguén di que a sentenza branquea o franquismo —como fixo dona Ana Pontón—, está facendo demagogia, e ou non leu a sentenza ou as dúas cousas á vez. E, se alguén criticando esa sentenza di que Galicia non vai pagar dúas veces polo pazo de Meirás, iso significa que non entende nada. Porque esa sentenza non di en absoluto que o Estado vaia pagar pola propiedade de Meirás ou que teña que pagar pola propiedade de Meirás; o que di é que hai que pagarles aos herdeiros de Franco os gastos feitos no pazo desde 1975, e iso é precisamente o que pedimos que se recorra, non porque o recurso sexa recomendable tecnicamente, senón por unha cuestión case ética ou moral, porque este non é un asunto xudicial calquera para o Estado, senón un asunto especialmente sensible desde o punto de vista democrático. Pero a democracia, como a memoria democrática, ten moito de pedagogía e por iso en lugar de facer demagogia hai que deixar ben claro que o proceso xudicial para a recuperación do pazo de Meirás está sendo en conxunto un auténtico éxito que absolutamente ninguén podía prognosticar hai soamente dous anos. É dicir, hai dous anos, cando aínda non se presentara a demanda xudicial pola Avogacía do Estado, absolutamente ningún dos aquí presentes apostaría os seus cartos a que se recuperaría a propiedade do pazo sen ter que indemnizar o valor do pazo aos Franco. E hoxe temos dúas sentenzas que din que os Franco non son propietarios, que o propietario é o Estado, e o único que se discute son os gastos feitos no pazo desde 1975, que, se é caso, terían que acreditarse, e demostrarse e documentarse un por un, e ese éxito débese ao compromiso e á firme vontade política —non me cansarei de repetilo— dun Goberno progresista, non á demagogia nin ás pancartas nin aos populismos. E, se nos quedásemos nas pancartas ou nas afirmacións demagóxicas, non habería a recuperación do pazo de Meirás. E, se fose polo señor Feijóo, tampouco habería a recuperación do pazo de Meirás e os Franco seguirían alí comodamente instalados contándose no verán as historias do seu avó.

Finalmente, seguimos reivindicando que se poidan facer moitas cousas no pazo de Meirás, pero priorizando sempre os usos relacionados coa memoria histórica democrática. E por iso pedimos na nosa proposición non soamente que se recorra, senón tamén que se prioricen os usos asociados á reivindicación, á defensa do estudo da memoria histórica democrática.

Pedimos tamén que se recoñeza todas as persoas, colectivos, entidades, sociedade civil e administracións que puxeron o seu gran de area para obter este éxito colectivo. Pedimos que se recoñeza e que se faga ese recoñecemento porque é de xustiza e de sentido común.



E, reitero, e dígollo con claridade, hai que priorizar sempre e en todo caso os usos relacionados coa memoria histórica democrática. Non temos absolutamente nada en contra do estudo e a reivindicación de Emilia Pardo Bazán, que foi unha gran escritora, unha muller coruñesa e galega moi salientable, que, por certo, xa ten un museo, que está na que foi a vivenda da escritora na rúa Tabernas, 11, da Coruña. E recoméndolles ás súas señorías do Partido Popular, que ultimamente descubriron un inusitado fervor por dona Emilia, que pasen por alá e coñezan esa casa museo. Pero dígollelo coa máxima claridade: vostedes usan a coartada de Emilia Pardo Bazán para tratar de rebaixar a memoria histórica democrática. *(Aplausos.)* Tratan de diluír a memoria histórica democrática usando a Emilia Pardo Bazán, e o Partido Socialista de Galicia non vai pasar por aí.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Arangüena.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, cómpre que empecemos polo obvio, dado que debatemos. O Estado anunciou onte que vai presentar un recurso contra a sentenza relacionada co pazo de Meirás —paréceme que é unha boa noticia— e a Xunta de Galicia xa, a través do seu presidente, advertiu hai varios días que, se tal feito se producía, a Xunta, como non podía ser doutra maneira, estaría ao lado do Estado presentando ese recurso e defendendo os acordos tomados neste Parlamento. Polo tanto, creo que respecto ao contido material que motivaba estas dúas iniciativas deberíamos estar todos de acordo, deberíamos felicitarnos e, en fin, enténdense pouco certas expresións e certo intento de buscar confrontación durante as intervencións nas que se me precedeu.

Eu quero deixar clara algunha cousa. A sentenza sobre a reivindicación da titularidade pública do pazo de Meirás é un éxito incontestable. É un éxito incontestable, en primeiro lugar, de todas as institucións públicas que participaron no procedemento, de todas; do Goberno do Estado, señor Arangüena, tamén. Pero nin máis nin menos, porque foron moitas as institucións que fixeron grandes esforzos dende hai moito tempo, incluso dende antes da chegada deste Goberno, para que se producira tal recuperación.

Creo que é un éxito incontestable das persoas e das asociacións que durante anos pularon para que este feito histórico se fixera realidade. A min paréceme que pronunciou o señor Arangüena unha expresión que creo que foi desafortunada, creo que non quería dicir o que dixoo, dígo de verdade, ¿non? Pero iso de dicir que non se conseguiu polas pancartas... Eu creo que fixeron moito máis que poñerse polas pancartas. E, se se refería tamén ao BNG, creo que hai que ser xustos e creo que o BNG tamén fixo moito máis que poñerse detrás dunha pancarta. Eu creo que hai que ser xustos con estas cuestións e indubidablemente este é un éxito incontestable do Estado de dereito, que amosou que é posible revertir as inxustizas do pasado a través da legalidade nacida do proceso de transición democrática.



Polo tanto, señor Bará, en absoluto esta sentenza condiciona ou cuestiona a moralidade da transición democrática española; moito máis alá, pona en valor e é un recoñecemento explícito ao réxime de liberdades que nos demos coa Constitución. Así que creo que iso é algo do que debiamos felicitar nos todos, porque a realidade é que todos coñecemos a dificultade do proceso cando comezou, e a min apéname un pouco ver como se cuestiona o éxito da empresa que estamos desenvolvendo, e creo que isto nos pasou a todos os avogados ao longo dun procedemento, hai unhas expectativas iniciais, despois parece que durante o procedemento melloran e, entón, alguén cando hai unha sentenza definitiva di: non, é que non era exactamente... Creo que cómpre recordar qué era o que pretendiamos cando iniciamos este proceso. Texto aprobado no Parlamento de Galicia: «O Parlamento de Galicia, recoñecendo o importante traballo realizado dende hai anos por historiadores e historiadoras, asociacións de memoria histórica, a Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás, institucións como a Deputación de Coruña e Concello de Sada, entre outros, insta a Xunta de Galicia a:

Primeiro. A que remita urxentemente o informe da comisión de expertos nomeada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en cumprimento da resolución do Parlamento de Galicia sobre as posibilidades de incorporar ao patrimonio público a propiedade de Torres de Meirás con todos os seus anexos documentais á Administración xeral do Estado coa petición de que se realicen as accións legais a que fai referencia o informe na súa conclusión final.

Segundo. A incorporarse, en canto sexa exercitada esa acción legal, ao proceso civil como coadxuvante adhesiva.

E terceiro. O Parlamento declara a súa vontade de que a recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público non implique un novo custo para o pobo de Galicia».

A realidade é que case tres anos despois o Estado exerceu as accións legais que reclamabamos. A Xunta incorporouse ao proceso como coadxuvante adhesivo e temos non unha, senón dúas sentenzas que recoñecen explicitamente a titularidade pública das Torres de Meirás. Señorías, sexamos conscientes do momento histórico. Un dos símbolos de poder dun ditador está a piques de converterse en patrimonio do pobo ao que avasalou.

Polo tanto, a vontade democrática dese pobo está a prevalecer sobre os desexos impostos polo propio ditador. E, se se confirman estas sentenzas, a realidade será que os Franco terán un pazo menos e o pobo galego terá un pazo máis. E esa é unha realidade incuestionable, señorías.

Polo tanto, a partir de aí podemos introducir matices, claro que si, pero permítame que valore eses matices que vostedes pretenden introducir.

O BNG plantéxanos un relato que para nós é inasumible, no que a calidade democrática das decisións xudiciais non dependen de que estas se axusten ás leis, senón de que se axusten aos desexos do BNG.

Eu quero deixar ben claro que as sentenzas dos tribunais españois son plenamente democráticas, sono porque son ditadas por tribunais lexítimos, conforme leis lexítimas aprobadas



por unha das democracias de maior calidade do mundo. E isto é un convencemento profundo que eu teño e que no nome do meu grupo quería expresar hoxe aquí.

Discrepar da xustiza, señor Bará, é lexítimo, criminalizala non, criminalizala non. E creo que todos deberíamos entender que o relato histórico non ten que corresponderse co relato xudicial, porque un se basea na aplicación de preceptos legais e outro na investigación de feitos históricos. O único que teñen en común é que ambos deben tentar ser o máis obxectivos posibles.

Pero, coincidindo coa afirmación e petición que fixo vostede hoxe aquí de que nos centrásemos no debate ético, que é o que compete a un parlamento —e a min paréceme ben—, outorguemos que o debate xurídico é o que constrinxen a acción da xustiza e dos xulgados. E non se pode mesturar unha cousa con outra. Porque a historia ten dereito a xulgar coa máxima severidade a Franco, pero a xustiza ten a obriga de tratar os seus herdeiros coas mesmas garantías que a calquera cidadán. E esa é a grandeza da democracia.

Hai poucos días, e con motivo desta iniciativa que iamos debater, recibimos tamén aquí representantes da Memoria Histórica, e a min gustoume moito escoitar o señor Babío, porque niso coincidíamos. Decía: A grandeza da democracia é que ao máis noxento criminal temos que tratalo con igualdade e con todas as garantías democráticas. E eu coincido plenamente con esa idea que expresou o señor Babío e que é coincidente coa que nós mantemos tamén.

Polo tanto, tamén aclaro que xa avanzabamos a postura deste grupo e da Xunta de Galicia nesa xuntanza, que era coaduxar co Estado se se presentaba o recurso. Polo tanto, comprenderá, señor Bará, que falar aquí de dobrarlle o brazo á Xunta de Galicia é bastante absurdo cando xa anticipamos que iamos facer o que estamos exactamente a facer.

En todo caso, creo que deberíamos fuxir de plantexamentos maximalistas incompatibles co manifestado, por certo, polo propio BNG nesta sede e que, de non ser matizados, obrigarían incluso a que renunciásemos a que Meirás fose un ben público. Iso non é sensato. E dígoo porque se confunden ou se tenta confundir o que se di nun parlamento co que hai dicir no xulgado. Non estamos aquí para decidir o que vai facer un xuíz e como vai determinar un proceso xudicial, se os grupos políticos que estamos nesta Cámara cremos que hai que indemnizar a familia Franco. Hai que distinguir os dous debates, a frase non é miña. A frase é a da señora Ana Pontón, pronunciada no debate do 11 de xullo de 2018 nesta mesma Cámara. Supoño que coincidirá vostede nesta diferenciación que establecía a propia señora Pontón.

En todo caso —isto tamén teño que matizarllo ao señor Arangüena—, se vostede mesmo recoñece, señor Arangüena, que a mala fe posesoria en calquera caso indica que hai que facer uns mínimos pagos que teñen que acreditar, efectivamente, a familia Franco, pois non fagamos declaracións grandilocuentes dicindo: nin un euro, nin un euro. Pero sábese que algo hai que facer ¿Por que?, porque o estipula a lei. Non espertemos falsas expectativas, non alimentemos unha frustración que creo que non sería positiva para ninguén.

Porque, señorías, o prezo que haxa que pagar por liquidar a posesión dese prazo non é un prezo que se lle pague aos Franco, é un prezo que se paga por vivir nun Estado de dereito, é



o prezo da democracia que establece que todos os cidadáns son iguais. Gustaríanos, e así o dicimos, que os Franco non obteñan enriquecemento deste proceso, e iso está garantido. Porque, vamos dicilo claro, a liquidación dun estado posesorio en ningún caso implica un enriquecemento do posuidor, en ningún caso, senón unha compensación por gastos feitos que ten que acreditar. E a nós gustaríanos, como a todos, que fose a mínima posible. Pero iso probablemente se decidirá neste recurso e na execución posterior da sentenza.

Nós compartimos tamén co BNG a necesidade de actuar conforme dereito, niso coincidimos. E tamén de avaliar calquera posibilidade de recurso para minimizar unha posible compensación pola recuperación de Meirás. Desgraciadamente —e dígoo de verdade— desgraciadamente este PSdeG semella obsesionado con evitar calquera acordo e, cada vez que estamos dispostos a aceptar algunha das súas propostas, vostedes modifícanas, na maioría dos casos modificando ademais os seus propios plantexamentos.

Mire, eu, en fin, creo que hai un relato aquí que explica moi ben o que está pasando nesta Cámara. Mire, vostedes exixen na súa proposta que a Xunta faga o mesmo que hai dúas semanas aseguraban que era case imposible para o Estado. «*El Estado no recurrirá el fallo y acepta pagar a los Franco como poseedores de buena fe*». Decía vostede, informacións periódicas. Si, de todos os periódicos. Non, claro, inventárona e houbo unha confabulación xudeo-periódica, ¿verdade?, para dar un titular coincidente que seguramente non tivo que ver con ningunha consulta nin ao ministerio nin á Avogacía do Estado. Claro que si.

Mire, 19 de febreiro, Gonzalo Caballero: «*Indemnizar a los Franco por el uso de Meirás me chirría, pero en un Estado de derecho toca acatar las sentencias o recurrirlas. Si no hay forma solvente de recurrir, habrá que buscar una ejecución del fallo que garantice que los Franco no puedan hacer caja*».

Pero, bueno, sempre está o señor Arangüena para explicar tecnicamente o que quere dicir o señor Caballero.

Dicir que a sentenza da Audiencia Provincial da Coruña sobre Meirás ten un tufo franquista é un disparate que implica non ter capacidade de entendela ou, máis probablemente, nin molestarse a lela. A ninguén lle gusta pagarlle nada aos Franco, pero recorrer esta sentenza é tecnicamente moi difícil. Engade, engade: «O recurso de casación non se admite para cuestións probatorias, como é a boa ou mala fe, senón xurídicas, así que non sería posible neste caso».

Outro tipo de recurso non se me ocorre, pero igual os do tufo franquista —que creo que o dicía por vostedes— teñen algunha idea respaldada por reputados xuristas.

O artigo 453 do Código civil di que os gastos necesarios —os feitos para conservar o inmovible— hai que indemnizalos sempre, haxa boa ou mala fe. Ademais a boa fe presúmese. A boa fe da que fala o Código civil é un concepto xurídico, non político nin moral. Si, si, claro que si.

Cando a vostedes lles dixeron de Ferraz que vían moi difícil recorrer, vostedes presentan unha iniciativa dicindo: «é moi difícil recorrer pero, aínda así, plantéxeno». Efectivamente.



Pero despois reciben vostedes outras chamadas de Ferraz. Entón presentan unha iniciativa, que era a orixinal, instando a Xunta de Galicia, primeiro a Xunta de Galicia que demande do Goberno do Estado que esgote as posibilidades xurídicas de ser tecnicamente posible e aconsellable. Que a Xunta de Galicia demande ao Goberno do Estado.

Autoeméndase vostedes con outra iniciativa que tiñan rexistrado despois. Supoño que tamén despois de recibir outra chamada de Ferraz que lle dicía que ao mellor si que se podía. Insta a Xunta de Galicia a que esgote todas as posibilidades xurídicas para a defensa do interese xeral respecto á titularidade do pazo de Meirás, de ser tecnicamente posible e aconsellable, dicía esa iniciativa que tiñan vostedes rexistrada, e que foi a que presentaron como emenda, cun matiz: coa eliminación dunha única palabra. Instan a Xunta de Galicia a que esgote todas as posibilidades xurídicas de ser tecnicamente viable. Xa dá igual avaliar se é aconsellable, se non. ¿Por que? Porque, claro, o que lle exixían ao Estado con toda a prudencia, cando toca exixirillo á Xunta, fano con toda dureza e prescindindo de calquera consideración. E, claro, ao final aparece o titular. Como teño dito, pola memoria democrática aos Franco non lles corresponde nin un euro por Meirás, aínda que o señor Arangüena nos explicou hoxe que algún euro si que lle corresponde.

En fin, eu lamento moitísimo —dígoo de verdade— este exercicio de trilerismo parlamentario substituíndo unha proposta por outra posterior, deturpando o debate. ¿Cal foi a novidade que se produciu para facer estas autoemendas? Porque é dificilmente explicable. Todos sabemos para que é unha autoemenda, non sabemos para que se fixo esta. En todo caso, só ten dúas utilidades: a primeira, como mal exemplo de parlamentarismo, isto é o que non hai que facer nun parlamento; e, a segunda, para que coñezamos polo miúdo cal é o pensamento político, as conviccións políticas do señor Gonzalo Caballero, que coinciden exactamente coa última chamada que teñan recibido vostedes de Ferraz, nin máis nin menos. Ese é o actual pensamento político do Partido Socialista de Galicia. É unha triste conclusión, teño que dicírllelo.

En todo caso, a Xunta xa manifestou que, como non podía ser doutro xeito, vai estar apoiando o Estado nese recurso e, ademais, engado, porque así ía na nosa emenda, estará en contra de calquera recurso que presenten os Franco e que poña en dúbida a titularidade pública de Meirás, que son os que poden. Non, porque vostede fai unha trampa, unha trampa moi pobre xuridicamente, señor Arangüena. Si, porque vostede sabe que a Xunta non pode tomar a iniciativa nun recurso contra a liquidación do estado posesorio, porque non ten lexitimidade activa, entre outras cousas porque a Xunta nunca tería que pagar nin liquidar ese estado posesorio. Correspóndelle ao Estado, que polo tanto é o lexitimado activamente. E eu creo que vostede, que segundo lle escoitei hai un rato ao seu xefe de filas, colaborou activamente na redacción, xunto coa señora Castro, neste recurso coa Secretaría Xeral do Estado —¡vállame!, ¡o que hai que oír!— debería saber polo menos iso. Literalmente declaracións do seu xefe de hai media hora. Por certo, moi elegante por parte del facer declaracións respecto a unha iniciativa que temos que debater neste mesmo Parlamento media hora despois. Outro gran exemplo do respecto que lle teñen vostedes ao Parlamento.

En todo caso, e aclaro, nós apoiabamos a iniciativa orixinal, emendámola engadindo os compromisos, compromisos realistas da Xunta de Galicia, e, en todo caso, tamén estamos a favor





desa transacción que nos anunciaba o señor Bará, que, por certo, estamos a favor, primeiro, porque resume perfectamente as emendas que presentabamos e, segundo, señor Bará, porque modestamente tamén colaboramos na redacción dela. A Deus o que é de Deus..., ¿verdade? Vamos ser todos un pouco xustos, porque eu tamén creo que engadín algo a esa declaración.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Non imos entrar, por suposto na discusión, porque non ten moita lóxica, dos usos de Meirás, porque non é o momento, porque non estamos niso e porque, en todo caso, alguén tería que aclararnos algo a algunha cuestión respecto ao que vai facer o Estado respecto a Meirás. Eu non sei, aínda estamos pendentes de que nos diga o PSdeG se nos van ceder o pazo de Meirás ou non, porque por agora non dixeron nada.

En todo caso, ¿que imos facer co pazo unha vez que a Administración do Estado recupere a súa posesión? Pois xa veremos. É dicir, eu creo que o fundamental é non poñer por diante o que poden ser elementos divisorios, antes centrarnos no fundamental...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...que é a recuperación da posesión, porque sobre isto hai distintas ideas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Rematou o seu tempo.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...—remato xa, presidente— «pode ser un centro de memoria histórica, pode estar dedicado á memoria de Pardo Bazán, pode estar dedicado a unha memoria máis ampla das escritoras da Mariña», Xaquín Fernández Leiceaga, 11 de xullo de 2018. Espero que polo menos teñan un mínimo de respecto por quen foi, por certo, un excelente voceiro socialista nesta Cámara.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pazos.

Vamos levar isto con tranquilidade.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Agora toca, grupo autor da proposición non de lei, neste caso Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** En fin, comprendo a incomodidade que senten algúns neste debate, pero cada un é dono dos seus silencios e tamén das súas palabras, das súas publicacións, dos seus tuits, das súas incoherencias, das súas rectificacións, dos seus cambios en poucos días, en poucas horas. Polo tanto, que cada pau aguante a súa vela.



E, claro, o que non podemos admitir é que veñan aquí a tomarnos por parvos, porque o Goberno central desde o 18-19 de febreiro saíron reiteradamente notas de prensa e publicacións de axencias dicindo que o Estado, o Goberno central, non ía recorrer, e citando literalmente fontes da Moncloa, e que saibamos non houbo ningunha rectificación pública; ao contrario, houbo unha confirmación dando os argumentos polos cales non se ía recorrer, dicindo que era unha vitoria democrática, que era un gran triunfo da democracia, que era un gran logro conseguir a parte principal, que era a devolución do pazo, e asumindo o que había que pagar.

Foi así tal cal, non se pode vir aquí a falsear, a cambiar o relato e a intentar deturpar o que pasou, é así tal cal. Non se fixo ningunha rectificación pública. Igual a Xunta, a Xunta, señor conselleiro de Cultura, aquí presente, fixo tamén esa valoración positiva, dixeron que ían ir detrás do Goberno central, da man, de ganchete, tamén agora na rectificación, supoño. E o director, o secretario xeral de Cultura, veu aquí dicindo que era un debate técnico, que eran cuestións técnicas, que non había que recorrer, que se adherían á posición do Goberno central, esa foi a realidade. E agora rectificaron e parécenos ben.

E o que non se pode tampouco, señor Arangüena, é falsificar a historia. O Partido Socialista Obreiro Español non foi o primeiro que en 1978 reclamou o pazo, foi o Partido Socialista histórico español, hai unha diferenza importante, non son o mesmo partido, non foi o Partido Socialista, non sigan repetindo iso, porque é unha falsidade, é unha falsidade. Non foi o Partido Socialista Obreiro Español. O Partido Socialista Obreiro Español o que fixo gobernando case vinte anos foi perpetuar a impiedade e permitir que os Franco seguiron detendo ese pazo, foi así; é que vostedes estiveron gobernando, 82-96 e non... Se no 78 tiñan esa posición, ¿por que despois non foron consecuentes e non pelexaron para recuperar o pazo?

E, miren, eu admítoles o descoñecemento do que pasou. Este deputado publicou recentemente, hai dous meses, un caderno e ademais de algo que vivín desde 2005 polo menos, no Goberno da Xunta, e se queren non teño ningún problema e pasarlles unha copia. Por certo, agora temos que facer unha versión corrixida e ampliada, moi ampliada, porque nestes dous meses xa pasaron tantas cousas e hai que publicar xa unha nova versión. E o que pasou foi o que pasou. Vostede non pode vir aquí a desprezar, a insultar, a menosprezar o grandísimo labor da xente que ergueu pancartas, que ergueu proclamas, que fixo manifestacións, que fixo manifestos, porque iso foi absolutamente central e fundamental para chegar ata aquí. E despois houbo na parte final quen quixo poñerse a medalla, quen quixo poñerlle o ramo a iso. Pero o mérito foi de quen traballou todos eses anos. O gran mérito foi daquelas 10-12 persoas que se manifestaron en solitario diante de Meirás cando ninguén cría nesa causa. E tamén dos que deron a batalla por conseguir a declaración de BIC, con todas as consecuencias que tivo iso. Hai que recoñecer todos eses méritos. E en 2017 estabamos nunha situación onde non todo o mundo tiña clara esta loita, e foi grazas á mobilización, foi grazas á presión en todo o mundo, pero sobre todo en Galiza da xente que se move aquí, e sobre todo o enorme, inxente, labor de investigación que fixeron dúas persoas de maneira altruísta porque non cobraron un can por iso. E con todo o que axudaron tamén a armar a demanda, non cobraron un can, de maneira xenerosa e altruísta. Grazas a esas persoas, sobre todo grazas a esas persoas chegamos ata aquí, porque lles puxeron o traballo en bandexa ás institucións para facer a reclamación.



Polo tanto, sobre todo respecto a quen tanto traballou, iso é fundamental, non se pode utilizar a agresión, a crítica do que din os demais para deixar nese lugar e menosprezar o traballo de tanta xente.

E, miren, a sentenza ten un nesgo ideolóxico clarísimo, un nesgo reaccionario clarísimo, e asegúrolle que a lin e que a relín e que está claro, e ademais as sentenzas pódense criticar, pódese discrepar delas, pódese facer unha crítica por motivos ideolóxicos, por motivos morais, por motivos éticos, e os xurídicos deixámosllos para os xuristas. Pero podemos facer esa crítica; miren, ata tal punto se pode facer tamén a crítica xurídica que se pode recorrer, polo desacordo co que di a sentenza. Pero nós non podemos admitir o relato histórico que está nesa sentenza, porque iso suporía despois contar ese relato, e non o podemos asumir. E o que non podemos asumir tampouco é que esa sentenza chegue ata o punto de interpretar a vontade deste Parlamento cando di que, cando este Parlamento dixo que había que recuperar o pazo sen que tivese ningún custo para o pobo galego, estabamos querendo dicir, o Parlamento, interpretan os xuíces que estabamos querendo dicir que non queriamos unha indemnización, que non queriamos unha compra, que non queriamos unha expropiación. Pero que non estabamos falando da liquidación posesoria. Ata este punto chega a sentenza, ¿como podemos admitir iso? ¿Como podemos admitir que interpreten a vontade deste Parlamento, que deixou claro que a nosa vontade era non pagar un euro aos Franco por ese espolio...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor BARÁ TORRES:** ...por ese roubo?

E tamén hai que sumir as responsabilidades de cadaquén: o que puxo o informe da Comisión de Expertos, e tamén o que fixo despois a Avogacía do Estado seguindo ese informe, foi unha base fundamental para que os xuíces, os maxistrados lle desen a razón a un dos recursos presentados pola familia Franco e que establecese a boa fe e a liquidación posesoria, foi o que puxo en contra, por exemplo, do criterio do Concello de Sada, que presentou un voto particular, e tamén no debate quedou claro aquí, do 11 de xullo, quedou claro que non estabamos de acordo con esa interpretación, que non había...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** ...que non había que poñer iso no informe da Comisión de Expertos. Foi un gran erro, como foi un gran erro que a Avogacía do Estado na súa demanda inicial recoñecese a boa fe posesoria e a necesidade de liquidación. Despois cambiouse...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

**O señor BARÁ:** ...no medio do partido, pero foi un gran erro.

Polo tanto...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.



Terminou o seu tempo.

**O señor BARÁ TORRES:** ...hai que aprender a lección de todo o que pasou. Hai...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará. Terminou o seu tempo. ¡Por favor! ¡por favor!

*(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Por favor! ¡Por favor, señor Bará, rematou xa! Grazas. *(Aplausos.)*

Mira o peluco, por favor.

Un pouco xeneroso..., pero mira o reloxo.

En fin, eu xa sabes que me gusta que se fale, pero un pouco de ¡por favor! nestas cousas, digo eu.

Non corto un debate a ninguén, porque os debates son todos interesantes, pero, ¡por favor! non...

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo autor da proposición non de lei, señor Arangüena.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Señor Bará, non quero que quede a máis mínima dúbida do noso recoñecemento e respecto de todos os que colaboraron e puxeron o seu gran de area para o éxito deste proceso, incluíndo, por certo, a don Carlos Babío, que o outro día estivo reunido co Grupo Parlamentario Socialista e recoñecía que traballou man a man coa Secretaría do Estado de Memoria Histórica dende o minuto cero, e que a sintonía coa Secretaría de Estado de Memoria Histórica é total e absoluta pola súa banda. Que non quede ningunha dúbida do noso recoñecemento, que, por certo, explicitamos na nosa proposición; recoñecemento a todo o mundo, tamén ao Goberno progresista do Estado, que liderou a recuperación do pazo de Meirás.

Dicía o representante do Partido Popular que temos que ser xustos. E eu estou de acordo na necesidade de ser xustos, pero cada un vén de onde vén e ten o pasado que ten e a traxectoria que ten; e, mentres moitos socialistas foron fusilados, ou represariados de distintos xeitos e maneiras durante o franquismo, o fundador do seu partido militaba activamente nese réxime e ata hai fotos súas con uniforme falanxista e o puño en alto facendo o saúdo fascista, como esta, aquí a ten, por se a quere ver. *(Aplausos.)* Esta foto é unha foto que non está falsificada, por certo, é unha foto histórica, é fotografía e é historia. E non lle gustan as nosas autoemendas, bueno, pois moi ben, a nós o que non nos gustan son os sobres que o señor Bárcenas repartía con fruición entre os cargos do Partido Popular, iso é o que non nos gusta a nós. *(Aplausos.)*



O carácter histórico e a complexidade xurídica do proceso xudicial sobre Meirás non cabe lamentablemente nos 140 caracteres dun tuit nin nos 30 segundos dun corte de voz. A todos nos chirría pagarlles incluso un céntimo de euro aos Franco, iso foi o que dixo Gonzalo Caballero, non outra cousa. E, nese sentido, aínda que o recurso sexa moi difícil, que o é, incluso aínda que non sexa admitido polo Tribunal Supremo, que é posible que non sexa nin admitido, os socialistas consideramos que hai que intentalo; iso é o que consideramos e o que apoiamos e o que defendemos. Unha decisión de recorrer, que sería técnica en condicións normais, aquí é case unha cuestión ética, de ética política democrática e, por tanto, hai que ir máis alá das cuestións técnicas e, como digo, esgotar as posibilidades xurídicas e recorrer tanto por parte do Estado, que presentou a demanda e xa anunciou que vai recorrer, como por parte da Xunta, que pode recorrer por si mesma, e o BNG, señor Bará, na súa iniciativa fai reflexións sobre a sentenza que son manifestamente incorrectas. Por exemplo, cando din que na xustificación da sentenza hai referencias preocupantes sobre os feitos históricos e sobre o relato do espolio do pazo de Meirás que non son admisibles dende o punto de vista democrático, como defendeu hai un momento. Non é certo, e non nos di cales son, de feito, e cando os di retorce o argumento para sacalo de contexto, pero non di a Audiencia Provincial o que vostedes din que di. Nin branquea o franquismo nin farrapos de gaita, nada que se asemelle a iso, nin por asomo.

E, por certo, lea o artigo de don Carlos Amoedo, que di exactamente o que digo eu, creo que era militante do seu partido, ¿verdade?

E, cando di que resulta paradoxal que a sentenza non establece a mala fe posesoria no caso de Francisco Franco e de Carmen Polo, pois teño que reiterarlle que están vostedes equivocados porque non é unha sentenza política, é unha sentenza xurídica, e todas as consideracións que fai respecto do réxime franquista, do propio Franco e da situación posesoria, e da deturpación da propiedade do pazo e dos tejemanejes feitos polos Franco son netamente negativas e críticas respecto de Franco, do franquismo e da deturpación e da apropiación dese pazo.

E mire que estamos de acordo no fundamental, que é a necesidade de esgotar e levar ao máximo as posibilidades xurídicas, incluíndo o recurso que se vai presentar, porque estamos aquí nun tema que transcende o xurídico e vai ao político. Pero, estando de acordo non fundamental, pois non podemos aceptar que se fagan afirmacións respecto da sentenza que son falsas ademais de innecesarias, porque non necesitan vostedes dicir que a sentenza branquea o franquismo, o cal é unha falsidade e unha demagogia absoluta, para pedir que se recorra. E porque a sentenza mantén o principal, que é a recuperación da propiedade polo Estado, pola que, insisto, absolutamente ninguén daba un céntimo de euro hai escasamente dous anos. Celebremos este proceso histórico, recorramos o que haxa que recorrer, como vai facer o Estado, e recoñezamos todas as persoas que puxeron o seu gran de area. Tamén os das pancartas, pero recoñecendo que foi a vontade, a nítida vontade política dun Goberno progresista a que permitiu e a que vai permitir a recuperación do pazo de Meirás.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Arangüena.



Sobre a emenda do PP, ¿acepta a emenda do Grupo Popular, señor Arangüena?

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Non.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

A transacción ¿acéptana? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perfecto, entón só votamos unha vez, a transacción. Vale. Paréceme o máis acertado.

Comezamos votando as proposicións non de lei.

### ***Votación das proposicións non de lei***

*Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para prestar unha axeitada atención á saúde mental*

*Non se presentaron emendas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez.

*Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dous deputados/as máis, sobre o mantemento polo Goberno galego do funcionamento do CEIP de Baamonde, no concello de Begonte, desbotando calquera posibilidade de desafectar o centro*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Paula Prado.

Hai unha transacción á que chegaron os grupos, e vouna ler porque me parece que é unha transacción que debe ser lida.



E di: «O Parlamento insta a Xunta de Galicia a elaborar neste período de sesións a avaliación do II Programa de muller e ciencia. Segundo punto, rematada a avaliación, iniciar a elaboración do III Programa de muller e ciencia, dentro da Unidade de Muller e Ciencia e en colaboración coa Comisión Interdepartamental I+D+i e as asociacións de mulleres na ciencia de Galicia, e as entidades de tecido asociativo investigador galego. Para a súa correcta execución, este programa deberá contar cun orzamento propio, incluíndo unha partida específica e suficiente que garanta o funcionamento da unidade de muller e ciencia. Terceiro punto, introducir as accións necesarias, mesmo se for preciso modificando a normativa vixente para garantir a incorporación e participación na Unidade de Muller e Ciencia das entidades e colectivos representativos do ámbito investigador galego».

Votamos esta transacción.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona Paula Prado del Río e catorce deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia da avaliación do II Programa de muller e ciencia, así como sobre o inicio da elaboración do III programa*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 65.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Marisol Díaz Mouteira.

Había unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego na que vostede lle aceptaba dous puntos.

**A señora DÍAZ MONTEIRA:** Vamos ver, efectivamente; a raíz da emenda do Bloque Nacionalista Galego de adición, ao final chegamos a unha transacción en relación a dúas competencias concretas. Se me permite, paso a lela nun momentinho:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España o traspaso das competencias para a xestión do dominio público marítimo-terrestre, e as competencias de ordenación do sector pesqueiro e a investigación oceanográfica».

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Votamos esa transacción.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona María Sol Díaz Mouteira e seis deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da transferencia a Galicia das competencias para a xestión do dominio público marítimo-terrestre.*



*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 65.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Por último, votamos as dúas proposicións non de lei que se debateron de xeito acumulado.

Refúndese nunha transacción, que foi lida aquí e comentada xa polo señor Bará. Votámola.

*Votación do texto transaccionado das seguintes proposicións non de lei:*

*Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno do Estado para a presentación de recurso contra a sentenza da Audiencia Provincial en relación co pazo de Meirás para defender a verdade histórica e o interese público e para evitar calquera indemnización á familia Franco*

*Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rey, sobre a demanda ao Goberno do Estado para que se esgoten todas as posibilidades xurídicas para a defensa do interese do Estado, incluíndo, de ser tecnicamente posible e aconsellable, a interposición de recurso contra a Sentenza 60/2021, da Sección Terceira da Audiencia Provincial da Coruña, no relativo ao pronunciamento favorable á indemnización dos gastos realizados no inmovible pola familia Franco*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 65.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Dá gusto, tres plenos seguidos: unanimidade. ¡É unha marabilla! Oxalá siga así moito tempo.

Remataron aquí as votacións. Entón agora continuamos coas interpelacións.

**Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de atención á saúde mental.**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Bo día, señor conselleiro.





A gran resaca da pandemia que vivimos será a pandemia da saúde mental. Teremos, probablemente temos encima xa, e probablemente visualizárase con toda obviedade nos próximos meses e anos un grave problema de saúde mental na poboación derivada da crise que vivimos actualmente. Por todos os motivos, polos problemas sanitarios, polo medo, pola incerteza, pola cuestión socioeconómica, por diversos motivos.

A pesar diso, hoxe tristemente —e preocúpanos fondamente— a saúde mental non é un dereito garantido de maneira efectiva en Galicia. Non o é. Hoxe a saúde mental, o tratamento de saúde mental en Galicia é máis un privilexio que un dereito. Temos un número ínfimo de profesionais con respecto ao que necesitamos.

Os datos máis habituais, por redondealos, evidencian que, a pesar de que unha de cada cinco persoas aproximadamente sufrirá ao longo da súa vida un problema de trastorno de saúde mental, de cada tres que o sufrirán, dúas non serán atendidas no sistema público, non poderán ser atendidas probablemente nin sequera na rede privada. Por unha falta de recursos, e en moitas ocasións tamén porque a saúde mental sofre un problema de minusvaloración que provoca un certo tabú social, que si estamos rompendo pero que aínda vai lento, e ao que se contribúe de moitas maneiras, tamén minusvalorando a súa atención e a súa importancia no sistema público. Hoxe non é real e efectiva a garantía da asistencia sanitaria en saúde mental no sistema público de saúde de Galicia, non é real. E por tanto, ante esta situación, nós estamos moi preocupados.

Esta realidade de que dúas de cada tres persoas non serán atendidas de maneira efectiva e real, o que provoca é que observemos que é o que pasa aí fóra. Onte, a instancias do BNG debatíamos xa unha iniciativa, e eu plantexaba algo que cremos que evidencia bastante, que cando unha persoa calquera de nós pode comentar ou pode saber dalgún coñecido, amigo, familiar, ou de nós mesmos, que podemos sufrir un problema de trastorno mental, a partir de aí o pensamento de se un ten que ir —poñamos a referencia dun psicólogo clínico, podía ser outro profesional— a un psicólogo a idea que nos vén á cabeza é un psicólogo privado. A realidade do Sergas non está preparada para afrontar as necesidades que temos. Hoxe en día a media da atención está nunha cita cada catro meses. Citas de trinta minutos, que imposibilitan calquera resolución.

Noutro plano poderíamos debater por que algúns tratamentos farmacolóxicos se poden receitar se non son os profesionais de saúde mental, cousa que ocorre. Non ocorre noutras especialidades, pero si algúns profesionais do sistema sanitario, non sendo especialistas en saúde mental, poden receitar tratamentos farmacolóxicos de saúde mental.

Todo isto leva a algo que é evidente, a pesar de que moitas veces se quere discutir coa pantalla de «hai que respectar os profesionais». Respectar os profesionais é darlles tempo, recursos e medios para que poidan atender porque, se non, asistimos a que temos un sistema profundamente farmacoloxizado. E probablemente en moitas das ocasións é unha vía para tratar, a máis efectiva nalgúns ocasións, ou que colabora con outro tipo de terapia de maneira moi efectiva, pero non é a única, e hoxe en día practicamente —practicamente— o sistema público está entregado á farmacoloxía en termos de saúde mental; e isto non é, non é clinicamente o mellor, non é dende logo para o sistema o mellor, e sobre todo non é o me-



llor para as persoas. Porque poden ser elementos que contribúen, pero non sempre son o único e non sempre deberan nin sequera ser partícipes da solución.

Nós plantexamos que ante isto necesitamos unha reformulación do modelo, necesitamos un novo modelo de atención en saúde mental, e para iso hai que redimensionalo. Nós planteamos tres grandes bloques de ideas nos que cremos que é importante e queremos coñecer a súa opinión sobre el e, a partir de aí, intentar chegar a un acordo neste Parlamento. Ten que ver co persoal, cos recursos e con ese novo modelo asistencial ou como o enfocamos.

En temas de persoal, temos a peor ratio de persoal en saúde mental de España, e non é de agora, levamos anos con este problema. Levamos anos denunciando aquí este problema, os profesionais levan anos denunciándoo na rúa, levan anos denunciándoo en diversas xuntanzas. Reciben sempre o mesmo: imos facer, imos facer, imos facer. Ten un matiz, o que nós recibimos aquí é: xa estamos facendo, xa estamos facendo, xa estamos facendo..., que cambia un pouco o tempo verbal, pero o resultado é sempre o mesmo, seguimos absolutamente igual. E seguimos cun nivel de persoal que é incapaz de asumir o volume de traballo que ten. Non se solventa cun par de persoas. Xa sei que no ano pasado se anunciou unha contratación aparentemente masiva, pero que non nos porá nin na media de España, o cal demostra que estamos nunha posición moi complexa.

A pesar diso, ademais hai algunhas cuestións con respecto ao persoal —permítame, teño que mencionalas— que é importante ter en conta, que é o respecto aos profesionais. Recientemente —e enténdase como unha cousa aparentemente menor dentro deste debate— a consellería anunciou que ía axudar a todos os profesionais do Sergas cun curso ou cunha conferencia sobre benestar emocional. Unha conferencia *online* á que están convocados 44.000 profesionais do Sergas, basicamente unha conferencia *online* que ademais darán profesionais de fóra de Galicia con apelidos rimbombantes, con apelidos moi rimbombantes. Non discutirei a calidade clínica ou científica, teño a miña opinión moi convencida, pero pódense discutir moitos profesionais, hai profesionais de sobra en Galicia. Respectalos tamén é entender que o seu traballo é tan bo que podemos contar con eles, fíxese que cuestión de respecto. (*Aplausos.*)

E como non é habitual en nós, pero permítame, porque o di FEAFES habitualmente e o din os profesionais, igual nos procesos de vacinación tampouco atendemos correctamente a saúde mental en xeral. Porque contribúe a este feito de dimensionar en pequeno, é a irmá pequena dos sistemas sanitarios, non é este só un problema en Galicia, pero si é un concepto xeral de irmá pequena. E aquí en Galicia produciuse, por exemplo, en que entraron máis tarde —os que entraron, que aínda non todos— no proceso de vacinación profesionais e pacientes.

En tema de recursos, hai moito do que podemos falar. Por concretar nalgunhas cousas, nós plantexamos a través da iniciativa dous elementos dos recursos materiais das infraestruturas que cremos que simbolizan moito a nosa realidade.

En primeiro lugar, a unidade de hospitalización psiquiátrica e infanto-xuvenil no sur de Galicia; creo que en recentes meses prometeuse. E prometeuna, ¿como non?, o presidente, o



señor Feijóo, no seu discurso de investidura, se non lembro mal. Prometérase en 2019, prometérase en 2018, prometérase no discurso ou na campaña electoral de 2016... Fíxense, xa a prometía o señor Santalices cando era voceiro de Sanidade. *(Aplausos.) (O señor Santalices Vieira pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Xa a prometía o señor Santalices... *(Aplausos.) (O señor Santalices Vieira pronuncia palabras que non se perciben.)* ...no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, que xa dixo que ía contar con esa unidade. *(O señor Santalices Vieira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Santalices, con todo respecto, ¡vostede non está no debate! *(Risos.) (O señor Santalices Vieira pronuncia palabras que non se perciben.)* Vostede non está no debate, señor Santalices. *(O señor Santalices Vieira pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor Santalices, ¡por favor! *(O señor Santalices Vieira pronuncia palabras que non se perciben.)* Voulle ter que chamar a atención. *(Risos.) (O señor Santalices Vieira pronuncia palabras que non se perciben.)* Silencio, non está no debate. *(O señor Santalices Vieira pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor Santalices anunciaba a chegada que prometen tantas veces que pasan estas cousas, que ao final danse conta de que prometer e pedir parece o mesmo e non é o mesmo. En todo caso —vaia alá a brincadeira—, hai un problema con esa unidade e é que cando chegue xa vai ser tan amplamente necesario ampliar as unidades de infante-xuvenil que cando chegue xa non é que sexa tarde, xa é que vai quedar desfasada; por tanto, necesitamos afrontar as cousas máis alá das promesas.

Segundo problema, Conxo. Conxo —cito literalmente algún profesional de Saúde Mental— «é un sumidoiro dos dereitos humanos». Conxo ten un problema gravísimo, avaliouno o Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura, que xa é terrorífico no seu nome, e a avaliación non foi boa. O seu director xeral, cando presentou o Plan de saúde mental aquí e foi interpelado por iso neste Parlamento, riuse do asunto nunha desconsideración absoluta. Eu teño por min que vostede non ten esa percepción do asunto, e creo —e vámoslle dar o beneficio da dúbida— que debe afrontar esa situación, pero Conxo necesita ser afrontado porque é un problema hoxe en día onde non se garanten os dereitos dos pacientes. E onde, por poñer só un exemplo, hai pacientes que levan décadas sen que exista o procedemento administrativo correcto para garantir que deben seguir alí internados, ¡décadas!, e isto non é asumible.

Novo modelo asistencial. Nós cremos que é importante afrontar a necesidade de integrar os centros no sistema. Hoxe as unidades de saúde mental en moitos casos —non en todos— están afastadas dos centros de saúde, dos centros hospitalarios, contribuíndo a esa cuestión de xerar non digo gueto, pero si a idea de que é un algo á parte, e deben estar integradas no sistema. Non ten o Sergas integrado —e nós reivindicámolo— moitos servizos no plano sanitario que deberan ser do Sergas, pero que son asumidos polos concellos. Algunhas unidades específicas en saúde mental ou os servizos do [...], por exemplo, nalgúns concellos, debera o Sergas asumir iso.

Cremos na necesidade de integrar de verdade e de maneira efectiva a saúde mental en atención primaria, non con mecanismos de coordinación, senón a través, en realidade, da integración dos profesionais. E queremos saber cal é a súa opinión sobre iso. E, por tanto, a



través diso ese novo modelo o que plantexará é máis tempo para atender, máis capacidade asistencial e un modelo menos farmacoloxizado, máis terapéutico, máis humano. Porque, se xa sempre falamos da humanización da sanidade, non hai nada máis humano que ter máis persoas na sanidade e, por tanto, máis recursos humanos farán que sexa máis humano.

Todo isto é o que lle plantexamos. A nosa conciencia está en que temos un grave problema enriba, moi grave, que se visibiliza agora, que se empeza a entender un grave problema, pero que é moito máis grave do que moitas veces podemos ser conscientes. Porque vostede sabe profundamente que o sistema non está preparado para atender realmente as necesidades de saúde mental, e isto é algo que nos preocupa porque temos diante unha situación moi preocupante que nós cremos que é importante afrontar con cousas concretas. E non volver vir prometer as cousas, non vaia ser que teña que o señor Santalices facer de voceiro de Sanidade e volver prometer que está feita unha unidade que leva dende aquela.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Desculpe que interviñera eu, pero é un tema que me apaixona, nada máis que por iso. Pero, bueno, eu sei o que dixen naquel momento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, iso é outra cousa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Iso xa é outra historia.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Agora ten a palabra o conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Señor Torrado, falamos hoxe de saúde mental, e tamén se falou onte, efectivamente, pouco despois de que se teñan coñecido os datos do CIS, por exemplo, respecto da situación da saúde mental dos españois despois da pandemia. Na enquisa queda patente o que todos coñecemos, e en moitos casos mesmo polo noso ámbito persoal. A crise sanitaria ocasionou medo, dificultades para durmir e unha elevada porcentaxe de poboación está máis preocupada pola súa saúde que antes da pandemia, isto é obvio. Os cidadáns viron como a súa vida cotiá se modificou dun día para outro e as incertezas económicas, sanitarias e sociais prevese que teñan consecuencias na saúde mental a medio e longo prazo; estamos totalmente de acordo niso.

A esta preocupación pola saúde mental dos cidadáns tiñamos que sumar —e fixémoslo— a inxerencia pola dos nosos sanitarios, que se enfrontaron nesa primeira liña de actuación á pandemia e que seguen a día de hoxe, un ano despois, nesa primeira liña. E sobre todo fixérono nun momento en que os coñecementos que tiñamos sobre a enfermidade eran poucos e ademais tiñan que convivir co sufrimento das familias e dos pacientes que coidaban.



Por iso quixemos poñer en marcha o Plan de atención psicosocial destinado a todos os profesionais do Servizo Galego de Saúde co fin de poder atender as secuelas psicolóxicas que lles puidese ou poida ter ocasionado a pandemia; de feito, témolo iniciado, como vostede ben comentaba. Esas primeiras actividades non se trata, evidentemente, dunha conferencia, lamento que non coñeza máis profundamente o plan —pódollo remitir— porque vostede verá aí que non é unha conferencia o único que hai, hai moitas máis cousas. Empezouse, efectivamente, por unha conferencia, e a próxima vez pedireille opinión sobre os apelidos dos convocados. Creo que é unha profesional de referencia e, efectivamente, temos moitos profesionais que participaron todos no plan, pero, bueno, descualificar así alguén que entra... O que si é certo é que, mire, a conferencia foi a semana pasada e leva 8.000 descargas, tan mala non debe de ser.

A pandemia modificou as previsións respecto do noso futuro e tamén modificou os plans da Consellería de Sanidade, loxicamente, sobre todo na abordaxe da saúde mental. A Consellería de Sanidade realizou en 2020 unha convocatoria extraordinaria de axudas dirixidas á realización de programas de interese xeral no ámbito da saúde mental e as condicións para minimizar o impacto da covid-19 na saúde mental da poboación galega cun crédito de 412.000 euros, co obxectivo de mellorar as instalacións dos centros asistenciais, de atención psicosocial, ou preventivo de adicións, ou trastornos mentais, así como tamén programas de intervención comunitaria para persoas en risco de sufrir trastorno mental e tamén en programas para a mellora da empregabilidade. Ademais, ampliamos o número de prazas nos dispositivos psicosociais de apoio ás persoas con trastorno mental severo, incrementando así mesmo o orzamento destinado e o seu financiamento.

No ámbito asistencial: tomáronse medidas no relativo aos protocolos da rede de centros de servizos de atención aos trastornos aditivos; nos recursos específicos do Sergas elaborouse un protocolo para facilitar as saídas terapéuticas durante o confinamento para as persoas con discapacidade psicosocial; adaptáronse os programas terapéuticos nos pisos protexidos; e tamén os programas de continuidade dos coidados ás persoas con trastorno mental severo, que se mantiveron de xeito ininterrompido.

Ademais levouse a cabo o seguimento telemático e domiciliario dos pacientes dos centros de rehabilitación psicosocial e laboral. E moitas outras cuestións de organización e funcionamento que non detallarei agora, porque non procede probablemente, pero que permitiron seguir atendendo todas as persoas cun trastorno mental que o requirían.

Ademais —como saben, e vostede facía referencia— en xuño do ano pasado o Consello da Xunta aprobou o Plan de saúde mental de Galicia poscovid 2020-2024, no que se contemplan diferentes medidas e obxectivos para a mellora da calidade asistencial das persoas con trastorno mental e tamén destinadas á prevención e á detección precoz. Ademais de centrar a recuperación na contorna do paciente para diminuír o risco de presentar un trastorno mental; e, no caso de que este se produza, minimizar o impacto que o seu padecemento ten nas persoas e nas familias.

A OMS considera que as circunstancias actuais fan que se duplique o risco de padecer trastorno mental e, polo tanto, aumentar as persoas que poidan sufrir depresión, ansiedade,



trastorno de estrés postraumático, e tamén incremento de consumo de alcohol e da vulnerabilidade de persoas con trastorno mental severo. Por iso este plan xa se adaptou ás circunstancias da pandemia para así tratar de minimizar as consecuencias para a saúde mental da poboación galega. Como saben, o plan ten un orzamento de 83 millóns de euros ao longo dos catro anos da súa vixencia. E nos presupostos xa en vigor do 2021 —e puidémolo comentar na comisión que tivemos a tal efecto— o importe destinado a saúde mental en 2021 é de 12 millóns de euros. Recordará que dixemos que estaba prevista a incorporación deste persoal maioritariamente a partir do mes de abril, ou sexa, o mes que vén. Xa o dixemos, non o dicimos hoxe porque mo pregunte vostede, senón que o dixemos xa na Comisión de Presupostos.

Neste ano incrementouse en preto de 4 millóns de euros o orzamento destinado ao persoal con respecto a 2020, que se empregarán para a contratación de 120 novos profesionais, que supoñen o 50 % do total do plan só neste ano, xa que, como saben, neste plan está contemplada a contratación de 241 profesionais. Iniciamos xa o pasado ano a contratación destes profesionais e continuaremos —como digo— ata acadar os 120 coa distribución que lle vou dar a continuación: CEA de Psiquiatría incorpóranse 32, levamos 4 xa incorporados; CEA de Psicoloxía Clínica, incorpóranse 31, levamos 13; traballador social, incorpóranse 12; enfermeiro en saúde mental, incorpóranse 32, e levamos 5; auxiliares de enfermería, incorpóranse 11; e terapeutas ocupacionais incorpóranse 2. Isto —repito— son os 120 que está previsto incorporar nestes dous primeiros anos.

Este esforzo realízase para completar o cadro de persoal existente ata o de agora na saúde pública galega co fin de reforzar a atención e, especialmente —como xa dixen—, traballar no ámbito da prevención. A contratación de todo este persoal posibilitará que neste 2021, neste ano en que estamos, non só teñamos máis profesionais, senón que estes profesionais están asociados a programas concretos: nomeadamente, 7 programas de enlace con atención primaria; parécenos imprescindible facer ese enlace coa atención primaria e por iso vai haber un programa por cada área sanitaria; 7 programas de enlace hospitalario, que inclúen a realización de programas de apoio psicolóxico aos profesionais sanitarios, Cóidate para Coidar, ese plan que vostede só resumía nunha conferencia —no marco deste plan, repito—; 3 hospitais de día infanto-xuvenís (Santiago, Lugo e Vigo), comezando tamén a traballar na ubicación do cuarto, o de Ourense, co obxectivo de contar cun por provincia; reforzaremos o Programa de hospitalización a domicilio psiquiátrico en Ourense con 2 equipos, Lugo e Pontevedra; 4 programas de prevención do suicidio: A Coruña, Lugo, Pontevedra e Vigo; concretamente, o de Vigo xa comezou.

Reforzaremos os equipos de atención psiquiátrica en residencias de maiores e outros centros sociosanitarios nas 7 áreas sanitarias. Incrementaremos tamén as prazas de rehabilitación psiquiátrica en Santiago e crearemos unha unidade de psicoxeriatría en Ourense. Tamén 3 unidades de saúde mental, na Coruña, Santiago e Vigo; e 2 infanto-xuvenís na Coruña e en Vigo.

Ademais incrementáronse un 7,5 %, ata os 6,6 millóns de euros, o orzamento destinado a pisos protexidos, unidades residenciais específicas e centros de rehabilitación psicosocial e laboral; un 17 % máis que no ano 2019.



Tamén investimentos, preto de un millón de euros, na compra de equipamento sanitario informático, mobiliario, etc., de máis de 700.000 euros destinados á incorporación social e laboral, prevención do suicidio, elección de programas sociosanitarios de atención á comunidade.

Temos xa aprobado o Plan funcional da unidade de hospitalización de saúde infanto-xuvenil no Hospital Álvaro Cunqueiro, plan funcional aprobado, polo que este ano se poderá licitar tanto a redacción do proxecto como a execución das obras e, se fora posible, inicialas incluso. Polo tanto, é xa unha realidade.

Ata o momento só contamos coas instalacións situadas no Hospital Clínico de Santiago, que conta con 7 camas destinadas a pacientes con trastornos agudos, como vostede ben sabe, ou psicopatoloxías graves, polo que a creación desta unidade complementará a atención hospitalaria da poboación infanto-xuvenil, neste caso do sur de Galicia.

Esta unidade deberá garantir os coidados dos pacientes e a súa seguridade, para iso contará con 6 habitacións individuais, pero que se poden facer dobres, sempre axustando a ratios de persoal e sen necesidade de realizar novas obras.

Contará ademais con espazos complementarios, como o espazo de illamento, control de enfermaría, sala de procedementos, despacho polivalente e outros espazos estruturais, como aseos, oficios ou almacéns.

Esta área estará tamén dotada dunha zona común polivalente ampla, comedor, zona de actividades, aula onde se realicen clases obrigatorias e zona de estar para nenas e nenos e tamén as súas familias.

No relativo ao Hospital de Conxo, señor Torrado, arquiváronse xa as dilixencias iniciadas pola Fiscalía. E dende a consellería mantemos unha absoluta colaboración co Defensor do Pobo. Ademais, o Plan de saúde mental prevé aumentar o persoal do centro, tanto de facultativos como de terapeutas ocupacionais, e dotalo de novas prazas de hospitalización. Así mesmo, traballaremos de cara a mellorar os espazos do centro e, por suposto, a súa humanización.

O compromiso do Goberno galego en avanzar na mellora da atención á saúde mental de Galicia quedou plasmado nese plan do que falamos, e presentado, como dicíamos, no Consello no mes de xuño, e no que estamos dando pasos importantes. De feito, nos acordos de xestión que o Sergas firma coas áreas sanitarias está explicitamente recollido o desenvolvemento dos compromisos de cada área sanitaria no ano en curso, e no que este ano moitos deles pertencen ao ámbito da saúde mental co fin de crear procesos sociais integrados e rápidos, ademais de respostas para as persoas que padecen trastorno mental e os seus achegados.

Temos previsto, polo tanto, un importante esforzo cos medios materiais, recursos económicos e humanos dos que vostede falaba e, sobre todo, con proxectos específicos que acabo de relacionar para unha necesaria mellora e atención á saúde mental da nosa comunidade coa que si, evidentemente, estamos de acordo en que hai que melloralas.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Réplica, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, señor presidente.

Ben, señor conselleiro, compartimos algunha cousa, eu creo que a preocupación pola situación, e permítame apuntar algunhas cuestións sobre o que vostede trasladou.

En primeiro lugar, sobre as conferencias que citou. Fíxese —non interpretarei mala conciencia—, fíxese que vostede me critica porque eu lle critico algo que non fixen, díxenlle que me gardaba a miña valoración. Xa vostede entendeu que era mala. Xa vostede non o tiña moi claro. E claro que coñezo que o plan non ten nada, non é unicamente un par de conferencias. Fíxose co Colexio Oficial de Psicoloxía algunhas cousas. Claro que o coñezo. En fin, claro que o coñezo. O que dicimos é que... Se non é a min a quen lle ten que pedir opinión; fíxese se hai profesionais en Galicia para pedir opinión que incluso ata podían contar con eles para facer esas xornadas en completo.

Por certo, non comparto o criterio de que 8.000 descargas dun vídeo de YouTube sexan boas para traballar a saúde mental, iso si que non o comparto. Pódome equivocar, jeh!, pero non o comparto. Non coincidimos na percepción do que é necesario traballar se medimos polas descargas de YouTube, non vai por aí segundo o noso punto de vista.

E vostede citaba tamén sobre a preocupación, eu os datos que citaba antes, que citei onte tamén, teñen que ver con antes da pandemia. É que a situación na que estamos é excesivamente grave pero elevadisimamente grave, pero son situacións que van larvándose durante tempo e que cando aparecen xa non podemos funcionar a modo bombeiro, non. Necesitamos entender o que imos atopar á vista dentro dun tempo, persoas... Agora vaise falar no debate sobre persoas que viven en soidade, as persoas maiores que viven en soidade e que teñen dificultades, que se desorientan, as persoas que viviron esta pandemia sos na casa en situacións contextuais difíciles, as persoas que xa estaban en tratamento por saúde mental e que viron ás veces interrompidos porque as persoas non son capaces de xerar unha capacidade de control da situación. Os problemas afectivos, o cambio social que nos está producindo esta pandemia que nos está alterando o sistema de valores. Quero dicir, estamos ante unha situación gravísima que, se xa era horrible antes e non a queríamos ver, vaise disparar. E vaise disparar ademais, como demostran todas as crises sempre, vaise disparar entre a xente máis nova e entre as mulleres. Porque a saúde mental é un problema que tamén ten nome de muller máis habitualmente, e temos ese problema ademais enriba da mesa porque durante esta pandemia, e todos os sabemos, se especialmente houbo un dano tamén foi máis sobre as mulleres que sobre os homes polas cuestións contextuais que temos todos coñecidas. Por tanto, é que estamos nunha situación moi preocupante.





E ante iso vostede anuncia novamente o Plan de saúde mental, benvido, benvido, pero permítame, benvido todo investimento, ben, fantástico, aplaudímoslle ese investimento que vostede anunciou. Practicamente todo o que dixoo, non todo, hai que recoñecelo, practicamente todo o que dixoo en verbos en futuro. ¿Pero é que sabe que pasa cos anuncios en saúde mental neste Goberno? Que eu ese plan xa o escoitei anunciar en 2016. Pasa que o seu director xeral dixoo que o Plan 2007-2011 se cancelou porque, claro, chegaba ata 2011 e que malo un Goberno que facía plans a máis dunha lexislatura. E vostedes isto anunciárono en campaña electoral, co cal acababa a lexislatura. ¿Sabe que pasa? Que nós demandamos este plan en 2016 e o PP votou en contra, en 2017 e votou en contra, en 2019 e votou en contra. ¿Sabe que pasa? Que a unidade de infante-xuvenil que vostede volveu anunciar agora mesmo xa a vimos anunciada tantas veces, tantas veces en futuro que xa non a cremos. E o que demandamos non é que se volva prometer, senón que se faga, porque cando a propoñemos aquí o PP vota en contra. ¿Sabe que pasa? Que con Conxo nós trouxemos aquí que non é unha cuestión da Fiscalía, que sería un problema e está moi ben que archive, o problema é que o Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura di que hai utilización de contencións mecánicas non legais en Conxo; e di que se toman decisións que non están amparadas; e di que non se garanten os dereitos das persoas que están alí. E iso pasa dende 2017, que se saiba, que se saiba, porque veu o Defensor do Pobo facer esa avaliación. E nós aquí demandamos que se mellorara, e o PP votou en contra. E volvémoslo demandar e votou en contra. (Aplausos.) E plantexémoslo ao director xeral e non quixo falar diso.

¿Sabe que pasa? Que nós levamos anos dicindo que os profesionais da saúde mental aquí, en Galicia, teñen un problema de queimado laboral e o PP vota en contra de todos os proxectos sobre iso. ¿Sabe que ocorre? Que cando traemos aquí a necesidade de que se traballara sobre os problemas de saúde mental dos pacientes do Sergas, o PP vota en contra. É que estamos moi, moi saturados e coñecemos moi ben a capacidade de prometer. Vostedes, señor conselleiro, prometen moi ben, pero o problema está en que cumpren moi mal. (Aplausos.) E o que non queremos é estar aquí o ano que vén volvendo falar disto e escoitar grandes promesas, que están moi ben, pero o mellor das grandes promesas é cando se cumpren.

E vólvolle anunciar e contar que o Plan de saúde mental xa o prometeu o señor Feijóo, que eu escoitara, que eu escoitara, en 2016, e van alá 2021. E, por tanto, non o podemos crer. Crerémolo cando se faga e ben feito estará.

Por tanto, nós o que trasladamos é que falar está moi ben, pero facer incluso sería algo mellor e, por tanto, ao que os instamos é a que fagan. Traeremos unha moción para comprometer estas cousas que vostede traslada e nas que supostamente falando estamos de acordo, e agardaremos, por tanto, o voto favorable na próxima sesión plenaria, porque traeremos estas cuestións. Porque, ¿que pasará se plantexamos todo isto na próxima sesión e o Partido Popular vota en contra? Esa é a pregunta, e non a fago eu, fana os profesionais e fana os pacientes, que non atenden moitas veces ás cuestións parlamentarias, e eu compréndoo, pero que son os que se necesitan que se tomen esas decisións, e ao final a cousa está en facer e non prometer.

Moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.



(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peche da interpelación, conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Señor Torrado, vou tratar de aclararlle algunhas cousas ou compartir algunhas cousas con vostede.

Xa dicía que, por suposto, totalmente de acordo e a favor de facer estas reformas no ámbito da saúde mental, xa as que se levan feito e, dende logo, o compromiso do Goberno galego creo que, trasladado nese Consello da Xunta do mes de xuño, é incontestable. Pero máis alá diso, se houbera algunha dúbida, están os feitos que acabo de trasladar agora mesmo deses 22 profesionais que xa están contratados e traballando. Algún deles —repito— no marco do Plan de atención psicosocial, eses trece psicólogos clínicos... Ben, deses trece unha parte deles importante, contratados especificamente nese plan que xa estaba, esa liña de traballo estaba xa contemplada no plan, o da atención psicosocial dos traballadores, que, aproveito e insisto, esta é unha iniciativa que parte do Servizo Central de Prevención de Riscos Laborais, no ámbito dos riscos psicosociais dos traballadores do Sergas, que ademais é a súa competencia; quero poñer en valor ese traballo que ten feito este servizo e a Dirección de Recursos Humanos da consellería, conxuntamente con todas as direccións de recursos humanos das áreas sanitarias, que propuxeron este plan, que, repito, como dicía —e alégrome que vostede o coñeza—, non se basea soamente na conferencia inaugural, senón que ten moito máis alá. Por exemplo, repito, por falar de datos concretos, estes psicólogos clínicos que están á disposición dos traballadores de cada unha das áreas sanitarias para facer as consultas correspondentes. Polo tanto, creo que aí hai datos concretos e respondo a dúas cousas, o coidado polos profesionais neste contexto complicado no que estamos e a vontade de facer cousas concretas.

Como dicía antes, eses millóns de euros asignados no presuposto de 2021 para o Plan de saúde mental —repito— están no presuposto e podemos discutilos ademais e comentalos nas reunións que mantivemos. Polo tanto, si que son unha realidade —repito— están presupostados a partir de abril e no mes de abril incorporaranse todos eses recursos e non só recursos, senón, sobre todo, os proxectos dos que comentei.

Vostede fala da unidade infanto-xuvenil. Efectivamente, é unha unidade que leva tempo encima da mesa. Eu teño que dicirlle na miña experiencia de xerente que non foi doado atopar o sitio onde ubicala, e podería trasladar aquí, pero non é o caso, as múltiples reunións cos profesionais do Servizo de Psiquiatría e de Saúde Mental, médicos e enfermeiras buscando a mellor ubicación nun edificio xa construído, como é o Cunqueiro. E, finalmente, houbo que recorrer a outra ubicación, non exactamente onde nos gustaría a todos, que enlazo con outro tema que vostede comentaba, integrada na propia atención hospitalaria, vai estar no hospital, evidentemente. E quero poñer en valor neste punto a decisión da Consellería de Sanidade, xa dende hai tempo, de que todos os recursos de agudos dos hospitais públicos



estean dentro das estruturas hospitalarias. A min tocoume a posta en marcha da Unidade de Saúde Mental do Álvaro Cunqueiro, integrada completamente dentro, pero non menos integrada a de Ourense, que foi a última que se incorporou ao edificio no ano 2018. Polo tanto, é unha liña clara de traballo, non así evidentemente os dispositivos de atención ao paciente crónico, que supoño que non se referirá vostede a esa integración no ámbito hospitalario, pero dende logo no ámbito do episodio agudo esa é unha liña clarísima dende os últimos anos e non é o que diga eu, non hai máis que ver os exemplos que acabo de comentar.

Polo tanto, esta unidade infanto-xuvenil en Vigo é unha realidade, está o Plan funcional xa aprobado. Estase traballando no proxecto de execución para facer a obra e confiamos, como dicía hai un momentinho, e vostede poderame dicir dentro duns meses se minto ou non minto, pero dende logo o compromiso desta consellería e da Área Sanitaria de Vigo é facer a construción desa unidade dentro do hospital e nun sitio onde finalmente houbo un consenso para construíla.

Fala vostede da vacinación. Eu creo que..., bueno, ao mellor non ten toda a información, pero dende logo todos os dispositivos de atención psiquiátrica ou do ámbito da saúde mental, por suposto os 4 hospitais que teñen unidade: o de Conxo en Santiago, o de Piñor en Ourense, o de Calde en Lugo ou o Nicolás Peña en Vigo, xa foron vacinados os residentes. Tamén a unidade residencial psiquiátrica de Cee, a unidade residencial psiquiátrica de Cervo, a unidade residencial psiquiátrica de Troncoso en Ourense, a unidade residencial psiquiátrica Lar en Vilagarcía, A Robleda no Pino, O Pinar en Vigo e os sanatorios psiquiátricos San José tamén en Vigo. En todos estes están vacinados os residentes. Non sei se queda algúns máis, creo que non, pero, se houbera algún máis, por suposto, a nosa intención é vacinalos, como non podería ser doutro xeito.

Respecto ao tema de Conxo que vostede comentaba tamén, estamos a falar dun centro hospitalario no que os doentes son atendidos por profesionais sanitarios especialistas; vamos partir dese punto: médicos, psiquiatras, psicólogos, enfermaría, auxiliares, existindo ademais unha quenda de garda presencial e de enfermaría as 24 horas os 365 días ao ano. A subministración de alimentación realízase igual que no resto do complexo hospitalario. Os tratamentos farmacolóxicos son sempre prescritos por un médico, por un especialista, e supervisados, como calquera outro procedemento farmacolóxico, polo Servizo de Farmacia do Complexo Universitario de Santiago.

O centro, ademais, conta cun piso escola, un centro de día, e un hospital de día anexo no que se desenvolven os programas de día. Estamos a falar dun centro de portas abertas, coa excepción daquelas unidades nas que se atopan pacientes de especial severidade e sobre os que en ocasións hai medidas de substitución da condena. Mantén activo un programa de voluntariado e colabórase co persoal de diferentes entidades e en pacientes e familiares.

Os procedementos de manexo da situación son rexistrados na historia clínica, en IANUS ou GACELA e, polo tanto, están á disposición de calquera que os queira ver, consultar por motivos profesionais e, por suposto, auditar. E adicionalmente tamén están para favorecer auditoría dos mesmos, e vaise implantar en Vixía, un sistema informático que temos no Servizo Galego de Saúde, un formulario para a súa cumplimentación.



Todos os profesionais que traballan neste eido están comprometidos coa mellora da saúde mental dos doentes e en favorecer a súa rehabilitación e a mellora da súa autonomía para que, no caso de que sexa posible, sexan atendidos en recursos comunitarios normalizados, que é o ideal que sempre se busca, ou en pisos protexidos ou recursos atendidos polos equipos de atención de continuidade de cuidados.

Polo tanto, evidentemente, sempre hai ámbito de mellora, e é un punto que nos preocupa especialmente, non o psiquiátrico de Conxo, senón en xeral todos os psiquiátricos. Non é o único centro onde temos requirido demandas de información que foron sempre proporcionadas coa máxima celeridade e o máximo rigor. E, repito, o exemplo do arquivo da Fiscalía, pero, por suposto, sempre dispostos a colaborar e favorecer calquera tipo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** ...de requirimento de información que neste sentido se nos faga.

Remato xa, mantendo e insistindo no noso compromiso, o compromiso da Xunta de Galicia na mellora da saúde mental. Evidentemente, todo é mellorable —dicía—; creo que este compromiso deste esforzo orzamentario en recursos estruturais, ou en recursos humanos sobre todo, e sobre todo, especialmente en proxectos dos que adiantei aquí algúns, son máis que evidentes, son unha realidade e, como digo, vostede poderanos pedir contas nuns meses cando chegue o mes de abril e estes recursos non estean en marcha.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**Interpelación de D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coas persoas que se atopan en situación de soidade non desexada.**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Ortega.

**A señora ORTEGA OTERO:** Grazas, presidente.

Benvida, señora conselleira.

Señorías.

Soidade, esa palabra que denota un estado obxectivo como é o feito de que unha persoa viva soa, pero tamén o sentimento subxectivo da percepción de sentirse soa. A soidade obxectiva non ten por que ser negativa, incluso existen persoas que a senten como o máis similar á liberdade. Pero, noutros casos, a percepción é significativamente negativa, afectando á propia



saúde física e mental. Ao longo dos anos en Galicia, e máis aínda no ámbito rural, as persoas que vivían soas non renunciaban en ningún caso ás relacións sociais a través da propia comunidade. Sen embargo, nos últimos tempos os procesos migratorios, o despoboamento do rural, o individualismo, que incluso o propio avance tecnolóxico pode promover, e agora máis ca nunca a pandemia fixeron que moitas persoas estean a sufrir os efectos negativos da percepción negativa da soidade. Por iso, dende o Grupo Socialista consideramos urxente traer ao Parlamento de Galicia esta realidade, a da soidade non desexada, tras unha pandemia que visibilizou aínda máis este problema, e cun precedente de acordo neste Parlamento no ano 2019 a iniciativa do noso grupo parlamentario sobre este problema e co anuncio da consellería, hai máis dun ano, comprometéndose a elaborar un plan para a soidade non desexada que aínda non chegou e con ausencia de medidas de calado. Máis ca nunca é urxente neste momento.

Ao longo dos últimos anos esforzámonos moito dende todas as administracións en fomentar o exercicio físico, a estimulación cognitiva, entendendo como hábitos saudables para mellorar a saúde e o bo envellecer, que así o son. Pero esquecémonos de incidir nunha cuestión fundamental, que é o feito de coidar as propias relacións sociais e os vínculos comunitarios, xa que é un dos piares dos hábitos saudables que non só repercutirán no benestar emocional, senón tamén no físico. A percepción negativa sobre a soidade ten múltiples rostros, dende unha muller maior que vive soa, que por certo a maior parte do total de persoas que viven soas teñen este perfil, ata un mozo que sufra a fenda dixital no medio desta pandemia e por iso estivera illado do seu grupo de iguais nunha idade na que é fundamental. E, como non, tamén hai que ter en conta o aumento dos fogares monoparentais e monomarentais que conforman a nova estrutura de unidade familiar, entre outras.

En canto ás persoas maiores, preguntámonos que consecuencias ten e terá a casuística do envellecemento á marxe da comunidade, pero tamén en canto á percepción negativa da soidade tamén existen mozos e mozas que teñen este sentimento que na crise da pandemia se viu agraviado, sobre todo pola fenda dixital e noutros casos relacionada con outros factores como por exemplo, o *bullying*, entre outros.

Outro rostro da soidade non desexada ocúpalo unha gran parte de persoas con discapacidade ou dependencia, que perciben un illamento social. Dende Cruz Vermella indican que incluso este sentimento se pode percibir aínda vivindo acompañado en máis dun 60 %. Lembro as verbas dun mozo nunha reportaxe sobre a soidade non desexada que tras unha enfermidade estivo cinco anos nunha cadeira de rodas e que relataba como pouco a pouco o núcleo de amizades ía desaparecendo, cun illamento social evidente, sobre todo moi duro, moi duro de asumir nesas idades. Vivía acompañado da súa familia, si, pero sen o seu grupo de iguais sentíase so. Ou tamén as dun home maior que relatou a súa experiencia como coidador da súa muller diagnosticada de alzhéimer había máis dunha década e que dicía sentirse moi só.

A promoción de lazos sociais dentro da comunidade fai que unha sociedade sexa máis inclusiva. Temos que incluír, polo tanto, nestes hábitos instaurados dende hai anos como saudables este novo piar como desafío inmediato.

O tsunami da pandemia mudou moitas cousas, hábitos, costumes, pero tamén fixo visibles problemas ocultos para a nosa sociedade, como este. Pero xa antes da covid exis-



tían estudos e evidencias dos efectos que a soidade non desexada provoca na nosa sociedade. Un dos eixos centrais abordados no IV Congreso Nacional de Psicoloxía foi o da soidade. Ademais, o 30 de setembro do pasado ano o Colexio Oficial de Psicoloxía en Madrid asinaba, xunto a outras entidades, un manifesto contra a soidade non desexada, preocupación por certo compartida polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Tórnase evidente que é preciso reflexionar nos cambios e transformacións que de xeito estrutural se están a producir na nosa propia sociedade. Galicia é un dos territorios máis afectados polo envellecemento poboacional, así como polo retroceso demográfico motivado entre outras cuestións por movementos migratorios que levaron a perder gran parte do peso poboacional especialmente nas franxas de idade correspondentes á xuventude e á idade temperá.

O modelo de unidade familiar está mudando. En Galicia case 280.000 persoas viven soas segundo o INE. Esta cifra implica que algo máis dun 10 % da poboación galega vive soa. Os problemas derivados desta cuestión atíbanse cando a soidade non é desexada pola persoa en cuestión. O problema non só é unha cuestión que afecta ás persoas maiores, pero, como antes comentaba, ben é certo que 128.800 deses fogares unipersoais corresponden a persoas maiores de 65 e gran parte destes corresponden a mulleres.

E, ademais, algo que debe acender todas as alertas xa que, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, se evidencian preocupantes porcentaxes de taxas de risco de pobreza en persoas maiores de 65 anos que viven soas en Galicia.

En concreto, o dato debería preocupar moito un Goberno galego que na última lexislatura vendeu como a da maior atención ás persoas maiores e que a taxa de risco de pobreza para maiores de 65 anos tivo un incremento nesa última lexislatura de 11 puntos en Galicia. (*Aplausos.*) Este é un dato moi duro. É un dato moi duro, son datos oficiais, datos de antes da pandemia, polo que agora, señorías, poden ser incluso peores; temos que actuar xa, dende a entidade Amigos de los Mayores deixan claro o que é importante ter en conta cando falamos de soidade:

1. A soidade non desexa ten impacto en todas as etapas vitais, pero agudízase exponencialmente durante a velez.
2. É un fenómeno complexo, diverso e plural.
3. Ten un impacto directo na calidade de vida, saúde e benestar das persoas.
4. Non son o mesmo exclusión social, o illamento social e a soidade non desexada. É necesario ter claros os conceptos para planificar ben a intervención ou medidas.
5. Non é un fenómeno individual, deixou de ser unha cousa dun para pasar a ser unha cousa de todos. Hoxe é un fenómeno social.
6. Cando abordemos a soidade non desexada, é importante ter en conta unha perspectiva de xénero.



Como consecuencia do propio envellecemento poboacional, o aumento de persoas con demencias vai en aumento e con perspectivas preocupantes para as próximas décadas. Existen investigacións sobre a identificación dos riscos en demencia e, segundo indican os estudos, un dos factores causais da demencia podería ser a soidade non desexada. O Grupo do Departamento de Psiquiatría da Universidade Autónoma de Madrid levou a cabo unha revisión dos estudos publicados sobre a asociación lonxitudinal entre soidade non desexada e demencia. Incluso as propias investigacións comparan estatisticamente o efecto da soidade non desexada na demencia, co risco que conleva na mesma a diabetes ou a inactividade física, inmersos nunha pandemia sen precedentes. Aos problemas da soidade non desexada uníronse os derivados das restricións motivadas pola covid. Este feito fixo transparente unha realidade tabú ata hai pouco tempo, da que é preciso falar, estudar, abordar dende unha perspectiva transversal e coordinada.

Por todo, dende o Goberno Socialista, hoxe propoñemos ao Goberno galego que se promova un observatorio galego específico sobre soidade non desexada e un plan galego inmediato adaptado segundo os resultados dese observatorio. O dito plan deberá ser xestionado a través de equipos multidisciplinares, as administracións locais deben xogar un papel fundamental para iniciar os plans comunitarios. Este observatorio galego será coordinado co ámbito universitario de investigación, así como cos axentes sociais implicados para detectar a cantas persoas afecta este problema, cales son os perfís, características, diferenzas entre o ámbito urbano, rural, vivenda, etc., e así poder ter unha radiografía do que está a suceder neste contexto.

As administracións locais, como dicía, deben xogar un papel fundamental para iniciar plans comunitarios adaptados a cada territorio que dinamicen a socialización e vinculen o arraigo dos contactos sociais próximos, con recursos específicos e comúns apoiados nos avances tecnolóxicos, nos cales o propio equipo multidisciplinario poña en común a dita información para evitar o desenlace máis extremo desta realidade, como é o de persoas que falecen días nos seus domicilios sen que ninguén se percate.

En definitiva, executar o poder da prevención mediante niveis de alerta e seguimento. Sabemos que, hai máis dun ano, a Dirección Xeral de Maiores puxo o foco de atención na soidade non desexada, especialmente nas persoas maiores. Que a conselleira propuxo ao segundo Goberno galego varias iniciativas na loita da soidade non desexada dentro da trintena de proxectos que presentou o Goberno central para captar os fondos europeos do plan de recuperación, transformación e resiliencia, lamentablemente sen antes pasar pola Cámara galega para dar explicacións aos galegos e galegas e recoller as achegas dos axentes sociais implicados e do resto de grupos.

Chegados a este punto, pódese afirmar que a soidade é unha epidemia dentro dunha pandemia, como apuntan persoas expertas nesta materia. Non deixemos demorar máis esta tarefa pendente, fagámolo posible.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Ortega.



(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

**O señor PRESIDENTE:** Resposta da conselleira de Política Social.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Señor presidente, deputadas e deputados, señora Ortega, bos días.

Nun dos estudos máis descorazonadores, o Instituto Nacional de Estatística revélanos que en España hai máis de dous millóns de persoas de máis de 65 anos que viven soas; destas, 126.000 viven en Galicia. Todas e cada unha delas son un motivo de preocupación para a sociedade galega e, por extensión, de preocupación para a Xunta de Galicia.

Parafraseando o gran novelista ruso, poderíase dicir que todas as persoas que viven acompañadas parécense, pero as que viven soas fano cada unha á súa maneira.

Non podemos perder de vista que unha porcentaxe destas persoas escolleron, precisamente, esa forma de vida e para elas vivir soas non é o mesmo que sentirse soas. Pero hai outras moitas que, por unhas ou outras causas, a maioría das veces o falecemento da persoa coa que compartían a súa vida, todas estas persoas viven soas sen desexalo. A situación de todos estes maiores cobrou unha importancia aínda maior se cabe durante esta pandemia. Aínda que a tecnoloxía se puxo máis que nunca antes ao seu carón para darlles un servizo e garantir que sentisen tamén o agarimo dos seus familiares. Porque pasar todos estes meses sen alguén que estivese fisicamente con eles foi moi duro, e fainos, a verdade, reflexionar con máis intensidade sobre o modelo de envellecemento que todos queremos.

O Goberno autonómico teno claro: o reto é que cada galego poida facerse maior como libremente desexe, e que conte cos apoios especializados para afrontar esta nova etapa da súa vida. Nestas circunstancias cobran peso as alternativas para o envellecemento activo nas que levamos traballando xa moitos anos: o voluntariado sénior, para as persoas maiores de 55 anos, que poidan seguir traballando de forma totalmente desinteresada; ou os programas de benestar en balnearios e talasos; ou o programa de Xuntos polo Nadal, que loxicamente tivemos que suspender por mor da covid-19, pero que confiamos poder retomar cando todo isto pase.

Para as persoas maiores que viven soas e que necesitan apoio existen tamén programas específicos. Programas como o de Xantar na Casa, onde os maiores contan cada día con comida sa e con comida equilibrada na súa propia mesa. Deste xeito, sérvense máis de 45.000 menús mensuais a máis de 1.600 persoas maiores. O Servizo de Axuda no Fogar, un programa no que somos unha referencia a nivel nacional, e no que a Xunta de Galicia inviste cada ano máis de 83,6 millóns de euros, un 10% máis que no ano 2020. O Servizo de Teleasistencia, que xestiona a Cruz Vermella e que presta servizo a máis de 7.000 persoas en Galicia. Ou tamén a posta en marcha das novas casas do maior, pequenos centros de día no rural galego, 100% gratuítos para todas as persoas maiores que acoden a eles.

Para persistir nesta liña de traballo, avánzolle que nos vindeiros días imos presentar a Estratexia Galega de Atención á Soidade non Desexada, unha folla de ruta pioneira a nivel nacional e absolutamente única en toda España.





Este proxecto non o emprendeu a Xunta de Galicia en solitario, senón que contou co apoio da Fegamp, co apoio das entidades sociais máis representativas en Galicia e que traballan cada día sen descanso no ámbito das persoas maiores.

Para chegar ata aquí, o primeiro paso consistiu en realizar unha diagnose da soidade non desexada en Galicia para coñecer as súas causas e as súas consecuencias, e tamén as distintas iniciativas postas en marcha noutros lugares ou noutros países da Unión Europea. O seguinte paso centrouse en coñecer o perfil das persoas que viven en soidade non desexada, tanto a nivel nacional como na nosa comunidade. O resultado destes estudos permitiunos obter unha primeira aproximación a este fenómeno, e así sabemos que ten maior presenza a soidade non desexada entre as persoas maiores, fundamentalmente mulleres con problemas de saúde e con menores niveis de renda.

Señorías, minimizar os efectos que ten este fenómeno sobre os nosos maiores require o deseño de actuacións específicas. Por iso, o plan da Xunta de Galicia oriéntase en cinco liñas estratéxicas de actuación:

En primeiro lugar –e como vostede dicía, señora Ortega–, é necesario traballar na prevención, é importante actuar antes de que o fenómeno apareza, e farémolo impulsando actividades que favorezan as relacións sociais, como son o voluntariado, a participación social ou a participación cultural; ou mesmo tamén promovendo novas formas de vivenda, como son o *cohousing* ou as vivendas interxeracionais.

En segundo lugar está a detección: detectar casos de soidade non desexada entre as persoas maiores supón a implicación de todos nós como sociedade. Esa persoa que está sufrindo pode ser o noso veciño, un amigo ou incluso tamén un familiar. Detectar estas situacións é crucial para que todas estas persoas sexan derivadas inmediatamente a programas deseñados a paliar os seus efectos.

En terceiro lugar está a intervención: persistindo en actuacións que xa lle vin de mencionar; ou mediante tamén actuacións como é a formación continua de profesionais de atención primaria e dos servizos sociais para saber como intervir en cada momento; ou como o novo modelo residencial, centrado na persoa e na súa contorna; ou tamén mediante a realización dun mapa de recursos á súa disposición e que responda perfectamente ás súas necesidades.

En cuarto lugar está a visibilización do fenómeno para que todos coñezamos o problema e que poidamos actuar.

E en quinto lugar está a cooperación entre o sector público, o privado e as entidades sociais.

Señorías, esta estratexia nace coa finalidade de ser participativa e de contar sempre cun amplo consenso social. Unha estratexia que dará resposta ás demandas que xorden na sociedade na que estamos a vivir e que nos permitirá que os maiores galegos, vivan como vivan, sintan máis forza ou con máis forza que nunca, o apoio e o cariño da sociedade, e que sempre imos a estar con eles.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Réplica, señora Ortega.

**A señora ORTEGA OTERO:** Grazas, presidente.

Señora conselleira, comenta «anúnciolles a Estratexia Galega de Atención á Soidade non desexada» como se fora unha exclusiva, isto xa o anunciou hai máis dun ano xa e os axentes sociais implicados non volveron saber máis do asunto, e a raíz desta interpelación alégrame saber de que xusto neste instante por fin decida actuar, é unha boa noticia. (*Aplausos.*)

Comentaba tamén servizos que levan funcionando moitos anos, como o Benestar, Balnearios, Xuntos polo Nadal, Xantar na Casa, e o SAF, teleasistencia, que forman parte tamén do programa de servizos para as persoas dependentes. E, bueno, o que aquí estamos a falar é das casuísticas concretas da soidade non desexada, e dun plan específico para elo, dun observatorio específico para poder estudar máis exhaustivamente esta cuestión para poder dar soporte ás persoas que neste caso están sufrindo —e hoxe máis que nunca despois desta pandemia— o que é a soidade non desexada e que, como sabemos, ten efectos demostrados cos poucos estudos que existen ao respecto.

O Goberno galego debe unha explicación detallada, non obstante, a todos os galegos e galegas e aos axentes sociais implicados, que agardan información respecto dos supostos 33 proxectos para captar fondos europeos que presentou en Madrid, sen pasar por esta Cámara representativa das galegas e dos galegos. É urxente unha resposta inmediata, señora conselleira, para o desafío da soidade non desexada, pero non unha resposta cega, senón baseada en datos, en estudos avalados por especialistas na materia. En Galicia temos unha universidade de nivel con moita experiencia, con investigadores e investigadoras de nivel, galegos e galegas moi preparados que poden aportar moitísimo coñecemento nesta materia. Por iso dende o noso grupo vemos importante crear un observatorio específico sobre soidade non desexada para a diagnose clara sobre esta realidade e un plan galego ambicioso para a soidade non desexada que poña no centro esta cuestión nunha das comunidades máis afectadas polo envellecemento e o despoboamento. Ademais, as medidas deben ir da man da Administración local, aquela que coñece en primeira liña as circunstancias da soidade non desexada adaptada, por suposto, ao territorio. A Administración que mellor pode desenvolver en concreto a estratexia de detección, moi importante, e a que pode poñer nomes e apelidos a esta dura realidade, que cada vez preocupa máis a nosa sociedade, iso si, non de calquera maneira, senón con estratexia coordinada e acompañada de partidas económicas á altura do problema.

No informe do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica indícase que hai un aumento de máis de 25 anos na esperanza de vida, de 47 en 1950 a 72 en 2018; a estimación provisional para 2020 acadaba 75 anos. Dado que toda crianza acabada de nacer vivía de



media aproximadamente os 30 anos, como así sucedeu durante a maior parte da historia humana, este aumento de máis de 25 anos, citaba unha media que excede as 9 horas de esperanza de vida por día durante 65 anos. É un logro humano verdadeiramente asombroso que aínda non culminou. As persoas que viven en Galicia gozan dunha das esperanzas de vida ao nacer máis altas do planeta. É algo tremendamente positivo, pero estamos, pois, ante o triunfo da sociedade cuestionado pola falta de vínculos, tal e como titulaba Dolores Puga no informe do Consello Superior de Investigacións Científicas, do Informe Foessa.

O aumento da esperanza de vida, indubidablemente, é un dos maiores logros da nosa sociedade. Na nosa man está actuar para poder optimizar este feito ao máximo. Para iso, a meta ten que ser vivir máis anos, pero coa máxima calidade de vida posible.

Por iso hoxe consideramos urxente un plan galego para a soidade non desexada que parta dun observatorio galego específico para iso. Non é a primeira vez que vén a esta Cámara, e agardo que a réplica non faga como outras veces, que agarda a réplica, cando non teño eu o turno de contrarréplica para cargar contra o Goberno central sobre competencias que son deste Goberno, (*Aplausos.*) espero que non o faga. ¡Ah!, vale.

O único que se consegue con iso, señora conselleira, con todo o respecto, é trasladar á opinión pública unha inseguridade pola súa parte, e a falta de soporte por parte dun Goberno galego que ten que estar á altura máis que nunca nas súas funcións, polo que é importante que con valentía asumamos as nosas competencias e traballe con rigor e solvencia, señora conselleira. Fagámolo posible, que a demanda duns se transforme na demanda de toda a sociedade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Ortega.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Peche da interpelación, conselleira de Política Social.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Grazas, señor presidente.

Señora Ortega, na miña primeira intervención eu tiven a oportunidade de enumerarlle algúns dos recursos que o Goberno galego pon á disposición das persoas maiores para mitigar os efectos negativos da soidade. E nos vindeiros días —como lle dicía tamén— convocaremos as entidades máis importantes do ámbito dos maiores de Galicia para presentar xa o borrador da Estratexia galega contra a soidade non desexada. E isto non significa, por suposto, que xa está todo feito, que estea todo terminado, senón, como lle dixen, que nos atopamos ante unha nova realidade froito dunha sociedade cambiante. E require sempre dunha resposta conxunta de todas as administracións e, por suposto, tamén unha resposta por parte de toda a sociedade. Porque o compromiso da Xunta de Galicia coas persoas maiores non se limita a garantir o seu benestar físico, que é imprescindible pero que non é suficiente, senón que tamén busca o seu benestar emocional.



Vostede dicíame que o anunciei hai máis dun ano; por iso, estivemos traballando durante todo este ano, pero vostede supoño que vive..., na realidade é que neste ano levamos traballado moito polas persoas maiores, tanto no ámbito residencial como fóra del. Estivemos vivindo durante todo este ano unha pandemia sanitaria e supoño que vostede comparte comigo que a prioridade era facerlle fronte á Covid-19 e sacar adiante as persoas maiores.

Vostede fala tamén de que o temos que facer da man da Administración local, pero ¿que é a Fegamp? Precisamente fixemos esta estratexia da man da Fegamp. Porque comprendemos e comparto con vostede que os concellos son a porta de entrada aos servizos sociais e que temos que traballar conxuntamente con eles para detectar todas as persoas que viven soas e non desexan vivir soas.

Mire, eu non cargo nunca contra o Goberno central, eu o que fago nesta Cámara cando falo do Goberno central é dicir o que nos debe a Galicia. Supoño que, como conselleira de Política Social, é a miña responsabilidade demandar cada vez con máis intensidade que o Goberno central cumpra. (*Aplausos.*) Eu non falo de competencias, eu falo de financiamento. E cando falo do Goberno central digo que o Goberno central é moroso; se o meu deber non é demandar 200 millóns de euros que o Goberno central lles debe aos galegos cada ano, dígame vostede que debo facer.

Eu a verdade é que lle pido, señora Ortega —como sempre fago—, que nos axude co seu Goberno central do Partido Socialista e que pague a parte que lle corresponde da factura da dependencia. Porque a atención das persoas maiores non soamente é no sector residencial, tamén son todas estas persoas maiores que viven soas e que non o desexan. Todas estas persoas maiores que viven soas e son dependentes tamén necesitan dos fondos da dependencia que o seu Goberno central non nos manda a Galicia.

Pero, en definitiva, continuaremos sempre dando pasos para mellorar e para chegar a unha sociedade mellor onde os nosos maiores poidan envellecer, poidan pasar esta nova etapa da súa vida libremente, activamente e plenamente integrados na nosa sociedade. Pasos como continuar avanzando no Servizo de Xantar na Casa, pasos como continuar impulsando a teleasistencia avanzada, pasos como o reforzo continuo no Servizo de Axuda no Fogar para que as persoas maiores poidan continuar vivindo nas súas propias casas. Ou pasos —como dicía— como a posta en marcha das Casas do Maior, unha iniciativa pioneira en Galicia que xa están a estudar e a copiar outras comunidades autónomas a nivel nacional, que agradecen moito as persoas maiores, un servizo gratuíto ao carón das súas casas e das súas familias. Pero para iso é necesario que todos traballemos conxuntamente, o Partido Popular, o Partido Socialista ou o Bloque Nacionalista Galego, para acadar un obxectivo común.

Eu o que lles podó é garantir que a Xunta de Galicia e a Consellería de Política Social, dentro das súas competencias, continuará sempre desenvolvendo accións a favor do benestar dos nosos maiores. Eu confío de verdade en que todos os grupos parlamentarios desta Cámara compartan os retos que nos marcamos, porque o benestar das persoas maiores depende de todos e de cada un de nós.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**Interpelación de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezaoto deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a crise económica e social que asola a comarca de Ferrol.**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Bo día a todos e a todas.

Como é coñecido por todos e todas, hoxe na comarca de Ferrol estase a desenvolver unha xornada de folga xeral froito dunha convocatoria realizada pola CIG, UGT e Comisións, como os sindicatos maioritarios na comarca de Ferrol. Unha folga xeral comarcal certamente estraña, non por ser de ámbito comarcal, o que, non sendo habitual na comarca de Ferrol, tampouco é que sexa unha novidade, temos certa experiencia nisto. É moi estraño obviamente por causa da pandemia, por terse realizado a convocatoria xusto no medio da terceira vaga nun contexto de fortes restricións que sofre sobre todo a hostalaría e o comercio, que están a provocar tremendos efectos económicos nestes sectores e que poderían ter alentado un forte cuestionamento da convocatoria de folga, da oportunidade do momento máis que da necesidade. Pero, en todo caso, podería ter provocado un debate social a este respecto que non se produciu. Curiosamente, non fixo máis que colleitar apoios, desde as patronais a todos os partidos políticos, incluído o Partido Popular, apoio que ratificaron en varias ocasións malia non ser moi ben recibido polos convocantes. Tal é a situación da comarca de Ferrol, tal a situación de emerxencia que ninguén quere retratarse en fronte da pancarta, neste caso mesmo o Partido Popular quixo poñerse detrás dunha desas pancartas que tanto aborrecen.

Este, sen dúbida, xa foi o primeiro éxito da folga, colocar os focos sobre a situación dunha comarca moi necesitada de solucións urxentes, no medio dunha crise xeneralizada por causa da pandemia, no medio duns debates mediáticos absolutamente disparatados, conseguiu atraer os focos cara a unha comarca moi concreta do país e denunciar unha situación de emerxencia tal que ninguén se atreve xa a negar ou matizar. É obrigado salientar hoxe que Ferrol lidera as taxas de paro das sete cidades galegas, que ten unha poboación activa por debaixo do 50 %, algo absolutamente insostíbel. Mais sobre todo que as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal perden en conxunto catro veces máis poboación que a media galega, un feito insólito que expresa mellor do que calquera outro a situación de declive que vive a comarca, no caso concreto da cidade de Ferrol perdeu un terzo da súa poboación nos últimos 25 anos. E todo por causa de decisións políticas, poden vostedes repartirse as culpas porque veñen alterándose no Goberno do Estado español desde sempre. Non é así, sen embargo, no caso do Goberno galego, onde, menos o período do bipartito e outra pequena excepción, o PP goberna Galiza practicamente en solitario. Non é de estrañar que o anuncio do seu apoio á folga fora mal recibido, aínda que supoño que tampouco esperarían vostedes outra cousa.

O abandono da ría de Ferrol, que produce hoxe un 10 % do que producía hai 10 anos, está expulsando do sector pouco a pouco mais ininterrompidamente o persoal que viña traba-



lloando nesa ría desde hai anos. A situación do banco das Pías, o que foi o banco marisqueiro máis produtivo das rías galegas, é hoxe de colapso absoluto coas negativas consecuencias que isto ten no resto dos bancos da ría, unha ría que acumula tal cantidade de lamas que en determinadas zonas xa pode vadearse dunha ribeira a outra con marea baixa. Están vostedes deixando morrer unha ría, unha fonte de riqueza incomparábel, un patrimonio natural, paisaxístico e sentimental para todos os galegos e galegas; en definitiva, un dos emblemas nacionais de Galiza. Un feito este que en calquera país do mundo significaría a dimisión ou o cesamento fulminante do responsábel político correspondente, neste caso ese responsábel é a conselleira de Pesca.

No sector naval de Ferrol perderon o emprego durante estes últimos meses 2.000 persoas. Sen embargo, aínda foi esta mesma semana que se anunciou o primeiro ERE do sector, concretamente para 36 persoas da empresa Gabadi. ¿Como se explica isto? Pola precariedade do sector naval, polas brutais e ilegais porcentaxes de persoal eventual. É así que nos últimos meses cesaron 2.000 persoas por fin de obra, sen necesidade de realizar ERE ningún. É así que pasaron máis desapercibidos, por exemplo, que o ERE de Siemens Gamesa, que afectou a menos de 300 persoas. Este é o resultado da imposición dunhas durísimas restricións produtivas en Navantia ría de Ferrol, así como dun modelo de empresa deseñado para trasladar o persoal das auxiliares á inestabilidade na ocupación do estaleiro, unha inestabilidade crónica, estrutural e asumida en detrimento das condicións de traballo, produto das restricións ao mercado militar. De feito, o declive da comarca comeza o mesmo día que comezou a mal chamada reconversión, o día que en Madrid tacharon do mapa da construción naval o centro de Fene, de tal xeito que onde chegaron a traballar 15.000 persoas hoxe non chegan a 3.000. E continúa, o último episodio desas restricións está aínda xestándose coa renuncia de Navantia na ría de Ferrol ao mercado da eólica mariña en favor da empresa privada Winder, entregándolle nada menos que as instalacións de Fene para executar os contratos. De feito, por se alguén tiña dúbidas de quen manda agora en Fene, acaban de pintar a grúa pórtico da antiga Astano de cor verde Iberdrola.

En canto ao anuncio realizado por Endesa hai xa máis de 12 meses do peche da térmica das Pontes, aínda estamos agardando a que a Xunta cuantifique o proxecto de biocombustíbeis que di apoiar. Non sabemos cantos grupos nin canto tempo traballarían, non sabemos que prezo/quilovatio calculan para entrar no sistema; non sabemos como pensan alimentar a planta nin a que prezo, nin de onde van traer os residuos. Nin o que pensan ao respecto as consellerías de Medio Rural ou Medio Ambiente, que hai ben pouco presumían de ter un plan de valorización deses residuos que é incompatible co proxecto para as Pontes. O único que sabemos é que a Endesa este proxecto non lle interesa, e que a Xunta fai —cando lle preguntamos— coma se isto non tivera importancia. Nós tememos que isto poida quedar en nada ou, no mellor dos casos, que sexa unha solución parcial e insuficiente. E vostedes serán cómplices de alimentar unhas falsas expectativas, unha cortina de fume que está a servir de coartada para non impulsar, por exemplo, o convenio de transición xusta. Pero sobre todo para evitar o debate que debía ser prioritario neste momento: ¿que modelo enerxético queremos para Galiza e como facemos para tirar o máximo proveito dos nosos recursos enerxéticos?

A folga xeral na comarca de Ferrol é un berro de dignidade, un abonda xa, chegou; imos fartos e fartas de promesas incumpridas. Exerzan as súas competencias, gobernen, tomen a



iniciativa e asuman as súas responsabilidades. Un berro que exige solucións: para Navantia, novas infraestruturas, diversificación e recuperación de actividades; para As Pontes, plans de reactivación e reindustrialización reais, non castelos no ar; e, para a ría de Ferrol, un proxecto serio para a súa rexeneración integral. Tres ámbitos, tres sectores nos que a colaboración entre os gobernos galego e español é obrigada porque ambos os gobernos teñen capacidade de actuación e competencias nestes sectores, ambos. Así que déixense de acusacións estériles e gobernen, póñanse de acordo e gobernen.

Os sindicatos convocantes tamén reclaman a derogación da reforma laboral do Partido Popular que PSOE e Podemos manteñen vixente en contra de todas as súas propias promesas electorais. Os casos de Poligal, de Nova Madera, de Siemens Gamesa, de Galicia Textil, demostran que a falta de control por parte dos gobernos de decisións empresariais que teñen tan profundo impacto social vai en contra de calquera principio de prudencia, da protección do emprego e da cohesión social, e que en ningún caso serven para reactivar a economía, senón para todo o contrario, para deixar traballadores e traballadoras aos pés dos cabalos. Se isto é necesario para a boa marcha da economía, fica claro que neste sistema a economía e o benestar social son cousas distintas e contrarias.

En resumo, padecemos na comarca de Ferrol variados e profundos problemas, todos eles derivados de decisións políticas que deben ser urxente e radicalmente modificadas se queremos —como se di agora— dobrar a curva, se queremos modificar unha tendencia que se mantén constante desde hai anos e que afonda no declive social e demográfico da comarca. Instámolo, señor vicepresidente, a poñerse mans á obra sen demora e sen escusas.

Máis nada polo de agora e obrigado. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Alfonso.

*(Aplausos.)*

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Fernández, efectivamente, o Partido Popular de Galicia está apoiando a folga convocada hoxe en Ferrolterra, de igual forma que a Xunta de Galicia segue asumindo a súa posición de defensa dos traballadores e traballadoras da comarca. E facémolo porque levamos case tres anos reclamando ao Goberno socialista unha solución para a comarca, unha solución que dote de traballo os estaleiros da ría de Navantia, que evite o peche da central das Pontes sen un plan industrial alternativo, e que impulse o desenvolvemento do sector eólico e das enerxías renovables e a súa cadea de valor no territorio.

En definitiva, señoría, defendemos que o Partido Socialista deixe de lado a política de abandono a Galicia desde que chegou á Moncloa en xuño do ano 2018, unha situación que la-



mentablemente tan só a está utilizando para actuar en contra de Galicia. Unha política que, por certo, o Bloque Nacionalista Galego avala dende o primeiro momento. Por iso, señor Fernández, vir a este Parlamento a exixir aquilo que vostedes non son capaces de exixir aos seus socios de goberno non parece unha posición demasiado coherente. Sorprende que agora o Bloque Nacionalista Galego se avergoñe de apoiar o Goberno do Partido Socialista como se non fose con vostedes esta inacción que estamos sufrindo. Sabe perfectamente que o Bloque Nacionalista Galego está apoiando o Goberno no Concello de Ferrol do lado de socialistas e Podemos. Sabe perfectamente que o Bloque Nacionalista Galego está gobernando na Deputación da Coruña do lado de socialistas e Podemos. Sabe que o Bloque Nacionalista Galego goberna en España do lado de socialistas e Podemos. En definitiva, señor Fernández, están gobernando ao lado de socialistas e de Podemos sempre que lles convén. Así que vostedes non son espectadores do que acontece, vostedes son parte activa da mala política que hoxe en día están realizando socialistas, populistas e independentistas, todos lamentablemente en contra de Galicia.

Polo tanto, se hoxe Galicia ten 16.500 empregos industriais en risco, moitos en Ferrolterra, é porque o Bloque Nacionalista Galego de hoxe é o máis radical de todos, e lamentablemente antepón o seu interese político en contra dos intereses xerais de Galicia.

O interese do Bloque Nacionalista Galego non é a industria, non lles interesa. Tan só fai falta botar unha ollada ao plan que presentaron aos Fondos Next Generation. Vostedes dedican tres parágrafos para dicir que van desenvolver, e cito textualmente: «Un conxunto de políticas públicas» —políticas públicas— «concertadas no Plan para o fomento da actividade tecnolóxica e industrial para a promoción dun tecido industrial orientado á creación de valor engadido e emprego de calidade no longo prazo».

A pregunta que se fan todos os galegos é ¿cales son esas políticas?, ¿cales son os proxectos tractores estratéxicos que propón o Bloque Nacionalista Galego?, ¿onde haberá colaboración público-privada nese plan que vostedes están propoñendo?

Iso si, 47 das 65 propostas coinciden exactamente co programa electoral do Bloque Nacionalista Galego do ano 2020. E ademais, señor Fernández —e recoméndolle unha lectura exhaustiva da súa proposta—, copian iniciativas do Goberno galego, algunhas incluso non apoiadas por vostedes neste Parlamento. E refírome de forma concreta á Estratexia Galega de Xenómica e Medicina Personalizada, ao Plan de transporte á demanda para áreas rurais e periurbanas, ao Centro para o almacenamento de enerxía ou incluso tamén ao Plan das rías.

Aínda que copiar non está ben, iso sábeno perfectamente, sobre todo cando non queren recoñecer a auditoría do que están copiando, nós agradecemoslle que o fagan, porque demostra que dalgunha forma no seu subconsciente o Bloque Nacionalista Galego se dá conta de que a Xunta de Galicia traballa na boa dirección.

Neste sentido, señoría, recórdolle que o Goberno galego está do lado dos traballadores e traballadoras de Ferrolterra sen facer ningún tipo de distincións. Nós defendemos as súas demandas, as de todos os empregados e hoxe loxicamente estamos apoiando tamén esa folga xeral, e seguiremos apoiando os traballadores e traballadoras de Ferrolterra.





Pero estamos ao final dun abismo e seguen sen aparecer os protagonistas, non os nomeou vostede na súa intervención. Falo do presidente do Goberno, falo do vicepresidente Iglesias e falo tamén da súa ministra de Traballo, Yolanda Díaz. O Bloque Nacionalista Galego segue apoiando en Madrid, segue apoiando en Galicia e lamentablemente segue apoiando todos aqueles que están actuando nestes momentos en contra de Galicia.

Polo tanto, deixen de confundir. Saben que aquí non se trata de política industrial. Unha parte moi importante da nosa industria mantense forte e resiste a crise. Miren o sector da automoción, o sector das conservas, o sector da lousa e mesmo o sector naval. Galicia pechou o ano 2020 con máis de 20.000 millóns de euros en exportacións e colócase como a quinta comunidade en vendas, a segunda comunidade por balanza comercial positiva. E tamén o índice de produción industrial cae menos que no resto do Estado.

Aquí trátase, señor Fernández, dunha política de transición ecolóxica inxusta que está impondo o Goberno nestes momentos. Unha política ecolóxica inxusta que pecha as centrais térmicas sen ter alternativas, que ignora a petición dun prezo eléctrico competitivo por parte da industria hiperelectrointensiva, que pon en risco a industria do litoral galego, tamén de Ence e da cadea forestal asociada en Galicia, que non ten un plan crible para as enerxías renovables e trátase dunha política, señor Fernández, que esquece que é responsabilidade do Goberno garantir carga de traballo para todos os estaleiros dos que é titular, sexa na construción naval, civil e militar, sexa nos labores de reparacións ou sexa na construción de equipamentos para a eólica mariña.

Polo tanto, se hoxe Navantia Ferrol e a industria auxiliar de Ferrolterra non teñen carga de traballo, ten un único responsable: o Goberno socialista. Un Goberno que non foi quen de executar os 250 millóns de euros deixados polo Goberno de Rajoy para as fragatas F-110 no ano 2018, tampouco foi quen no ano 2019 nin tampouco no ano 2020 nos que seguiron cos orzamentos de Montoro prorrogados. E, se tivesen orzado de novo os 250 millóns de euros, estaríamos falando, señorías, de que neste ano 2021 se terían executados xa 1.000 millóns de euros no desenvolvemento das fragatas.

Tampouco o Goberno socialista foi quen de garantir novos pedidos nin encargar o buque de almacenamento loxístico que pedimos reiteradamente desde Galicia cos orzamentos que deixaron sen executar. Tampouco foi quen de manter o compromiso de construír o dique seco cuberto e tampouco están sendo quen de sacar adiante o único investimento que teñen previsto, o taller de subbloques.

Todas elas son decisións, señor Fernández, que teñen o aval do Bloque Nacionalista Galego porque o único que piden no seu acordo co goberno é converter Navantia nun complexo integral que apoie a construción naval civil.

Sen embargo, paradoxos da vida, non teñen reparo en cuestionar a actuación da Xunta a pesar de que fomos quen no seu momento de impulsar a volta á actividade nas gradas do estaleiro. Fixémolo co flotel de Pemex, co buque de aprovisionamento marítimo, o primeiro contrato da Armada con Navantia desde o ano 2006 e ambos os dous contratos foron só o comezo dunha ampla carteira de proxectos por case 1.600 millóns de euros. Tamén coa re-apertura da antiga Astano a través da eólica mariña.



En canto á central das Pontes, máis do mesmo; por terceira vez, creo recordar, de forma consecutiva, seguen sen apoiar o mantemento da actividade industrial das Pontes desde o Bloque Nacionalista Galego. Non admitiron no anterior pleno que o Bloque Nacionalista Galego non está a favor da súa continuidade, todo o contrario, vostedes queren que se peche canto antes a central das Pontes. Pois é a súa responsabilidade, nós dende logo non imos aceptar. Seguramente deberían, en lugar de dicilo aquí, ir ás Pontes e dicírllelo aos propios traballadores.

A Xunta, señorías, está detrás das probas que demostran que o uso de combustibles nesa instalación é unha opción viable técnica e ambientalmente, e seguiremos defendendo esa situación.

En definitiva, e termino, segue o Bloque Nacionalista Galego actuando en contra dos intereses industriais de Galicia; coa súa actitude o único que defenden é que se espolie o emprego industrial en Galicia e o futuro de miles de familias galegas. Esa será, señoría, a súa responsabilidade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Réplica, señor Fernández Alfonso.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Moi boas de novo.

Obrigado, señor presidente.

Efectivamente, señor vicepresidente, tres veces consecutivas. Coma sempre, as súas respostas son delirios, auténticos delirios. ¡Vaia Goberno temos!, a verdade é que produce vos-  
tede vergoña allea.

Un Goberno de verdade, unha institución con auténtica vocación de gobernar, de liderar un país, de facelo prosperar, nunca, nunca deixaría que a situación de toda unha comarca chegase a estes extremos. Sectores produtivos con tanto potencial tan sinalados e tan importantes para o noso país, os nosos sectores produtivos estratéxicos: a ría, o naval, o enerxético, arruinados, reducidos á mínima expresión e ao servizo de intereses alleos.

Isto non é o resultado dos últimos anos do Goberno do PSOE. Cando vostede culpa o Goberno do Estado, teña presente que cospe vostede cara arriba. Teña presente que eran do Partido Popular os gobernos anteriores, ¿ou é que M. Rajoy non era do Partido Popular? *(Aplausos.)*

En todo caso, nesta sesión do Parlamento galego o que toca é que o Goberno galego dea contas do que fai e por que. Tócalle a vostede dar contas da súa acción de goberno. Tócalle explicarlle á comarca de Ferrol por que o Goberno do Partido Popular non ten reparo en



prometer traballo para Navantia en campaña electoral, mais en canto toma posesión Navantia deixa de ser competencia súa.

Tócalle explicar que papel xoga o Goberno do Partido Popular nesa renuncia de Navantia á eólica mariña en favor dunha empresa amiga do Partido Popular. Unha amizade que quedou acreditada xa en 2 ocasións neste Parlamento coas negativas do seu partido, primeiro en comisión e despois en pleno, a posicionarse en contra desa operación. Tócalle explicar en que se diferencia o modelo de empresa que defenden vostedes para Navantia do que defende o Goberno do Estado español se é que pode explicalo. Tócalle a vostede dar explicacións dos seus plans para As Pontes, cuantificar o proxecto dos biocombustíbeis; cantas persoas vai ocupar ese proxecto segundo os cálculos do Goberno galego. ¿Por que un centro tecnolóxico para o almacenamento de enerxía, que sería un cambio cualitativo importantísimo para As Pontes que propón o BNG, non vale para nada, pero constituír unha oficina que propoñen vostedes nos seus orzamentos é unha solución marabillosa para As Pontes? ¿Por que o Goberno galego lle escapa ao debate sobre como poñer os recursos enerxéticos do noso país ao servizo da xeración de riqueza e de emprego no noso país? (*Aplausos.*) ¿Por que poden vir empresas públicas de Italia ou de Noruega explotar os nosos recursos e nós non podemos ter unha empresa pública de enerxía que lidere a transición enerxética neste país? ¿Como é posíbel que a conselleira de Pesca diga neste Parlamento que leva 2 anos agardando a que o Goberno do Estado faga un estudo da situación da ría sen ter promovido ningún tipo de reivindicación ou reclamación? ¿Como pode a persoa responsábel de pesca e marisqueo deste país botar 2 anos contemplando impasible a morte da ría de Ferrol xustificándose sen máis en leva 2 anos agardando? (*Aplausos.*)

A grave situación da comarca de Ferrol, esta ruína dos nosos principais sectores produtivos, daqueles sectores que determinan a vida de tantos galegos e galegas só ten unha explicación, un común denominador, que é a súa renuncia manifesta a gobernar en favor do pobo, son outros os intereses que prevalecen en todas as súas políticas e actuacións. (*Aplausos.*) Escoltalo a vostede produce vergoña allea, porque o seu discurso é a constatación de que son vostedes un Goberno que renega do seu país, que renega do seu pobo. E a comarca de Ferrol é un dos mellores exemplos. ¿Que solucións ten a Xunta para Ferrol? Dígao. Poñerse detrás da pancarta da folga non vai ocultar a evidencia de que son vostedes os principais responsábeis da situación de emerxencia da comarca de Ferrol.

O Partido Popular e o Goberno galego teñen unha débeda impagable coa comarca de Ferrol, comprométanse coas diferentes necesidades da comarca. Comprométanse a promover solucións, impulsen unha reindustrialización e recuperación real dos nosos sectores produtivos. Tomen conta do país que gobernan, lideren e sobre todo consignent recursos económicos. O demais, son contos.

Moito obrigado. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Alfonso.

Peche da interpelación, vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.



**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Fernández, lamentablemente o Bloque Nacionalista Galego segue na súa incoherencia permanente en materia industrial. Que o Bloque Nacionalista Galego critique a modificación da alianza entre Navantia e Windar para reforzar os encargos da eólica mariña é, cando menos, sorprendente. Mire aos seus compañeiros de bancada, quizais vostede non tivo ocasión de ver o vídeo que circulou nas redes. Eu tan só vou ler dous titulares do ano 2007, goberno bipartito, Partido Socialista-Bloque Nacionalista Galego: «a Xunta de Galicia avala un plan de Barreras para comprar Navantia-Fene». «O Bloque Nacionalista Galego —cito— pide o apoio do Congreso para privatizar Astano».

Señor Fernández, con este currículo é moi difícil que agora vostedes queiran poñer en evidencia calquera actuación e iniciativa que poida dar empregos a Navantia, aos seus traballadores. O problema está en que a ría de Ferrol, señor Fernández, non se dedique exclusivamente á construción civil, porque para o Bloque Nacionalista Galego é a única actividade válida para Navantia; sorprendente, tamén.

Saben que a construción de estruturas para a eólica mariña sosteñen preto dun millar de empregos en Navantia Fene e non fai nada para defendelos, e saben que a previsión é que siga crescendo, porque estamos ante un mercado en ascenso que vostedes non están a defender en Galicia.

E, señor Fernández, deixaremos que vostedes sigan na súa incoherencia, nós seguiremos traballando para impulsar novos proxectos.

Fálame vostede da dirección de Navantia, sorprendente. Parece que Navantia é unha empresa da Xunta de Galicia. Recórdolle que é unha empresa do Goberno de España, unha empresa pública e seguramente vostedes non queren recoñecer que, efectivamente, hai representantes no Consello de Administración que algo terán que dicir. É sorprendente que vostede non nomee, por exemplo, a ministra de Traballo. Unha ministra de Traballo de Ferrol que visita Galicia para recoller premios e conceder entrevistas, en lugar de reunirse cos traballadores de Navantia, das Pontes e de Siemens para apoiar as súas reivindicacións. (Aplausos.) Sorprendente, sorprendente.

Por iso, señor Fernández, deixen de desviar a atención e céntrense dunha vez no que realmente importa en Navantia, que é carga de traballo e investimentos para manter o emprego en Ferrolterra.

Neste sentido, debo recoñecer tamén a miña sorpresa pola alusión ao marisqueo da ría. Sorprendente unha vez máis como o Bloque Nacionalista Galego pretende inventar un novo obstáculo ao desenvolvemento industrial de Ferrolterra, cando é xustamente o que se está a pedir.

Sabe que a Consellería do Mar leva impulsando máis de 45 proxectos de rexeneración na ría de Ferrol desde o ano 2010, investimento ademais de 3 millóns de euros. Desde o ano 2019



está a promover medidas para mellorar os bancos marisqueiros nun plan que ten en conta os criterios técnicos e as confrarías, preto dun millón de euros.

A maiores está a controlar e a analizar as condicións da ría para determinar as posibilidades de actuación e as liñas de apoio e nos orzamentos do ano 2021 a Xunta de Galicia ratificou o seu compromiso coa ría de Ferrol cun investimento dun millón e medio de euros para seguir traballando a prol do marisqueo da ría. E, mentres, seguimos agardando, señorías, dende setembro do ano 2018 polo informe sobre o seguimento que a delegación do Goberno anunciou ás confrarías pero que, segundo respostas ofrecidas no Senado, aínda, señorías, non se iniciou. Lamento que o Bloque Nacionalista Galego siga apoiando o seu socio de goberno e non dean solucións conxuntas nin o Partido Socialista nin o Bloque Nacionalista Galego ás necesidades do marisqueo na ría de Ferrol.

Nós seguiremos, vostedes sigan coa súa arbitrariedade e sigan buscando oportunismo político cando se fala de política industrial. Lamentablemente, tan só ven a irrelevancia na que está caendo o Bloque Nacionalista Galego, que non sabe facer outra cousa que poñerse detrás da pancarta e non apoiar ningún tipo de iniciativa. O último exemplo vímolo onte no Congreso dos Deputados, onde, recórdolle, o Bloque Nacionalista Galego votou o peche de Ence. Iso, señorías, irá no seu currículo de cara ao futuro. Nós seguiremos defendendo a posición e os empregos de Ence. Espero que deixen de apoiar o Partido Socialista, que tamén no seu voto votou o peche de Ence.

A Xunta de Galicia seguirá defendendo o emprego industrial, a pesar da posición que ten tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Socialista.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Suspendemos a sesión ata as 16.00 horas, catro da tarde.

*Suspendese a sesión ás catorce horas e retómase ás dezaseis horas.*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moi boas tardes.

Se lles parece —e se non tamén, se non lles parece— reiniciamos a sesión da tarde coas preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María González Albert e catro deputados/as máis, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego para evitar a deslocalización de postos de traballo de Iberdrola da comarca de Valdeorras para Salamanca.**

Para formular a pregunta, ten a palabra a señora González Albert.

**A señora GONZÁLEZ ALBERT:** Grazas, señor presidente.



Boa tarde, señor conselleiro.

Eu podería intentar explicar neste pouco tempo que teño o que supuxo o *boom* hidráulico de mediados do século pasado para Valdeorras, como a construción de saltos hidráulicos trouxo emprego e trouxo riqueza instantánea e trouxo un desenvolvemento económico conxuntural á comarca.

Podería tentar explicar tamén neste tempo que teño como ese desenvolvemento industrial arrasou as mellores terras de cultivo, anegou poboacións enteiras e mudou para sempre a paisaxe, o clima e os recursos da nosa comarca e condicionou as súas posibilidades de desenvolvemento futuro.

Podería tentar explicar como esas construcións hidráulicas levaron vidas consigo e trouxeron tamén unha separación de clases entre as xentes que traballaban para Saltos del Sil, para as súas subcontratas e o resto da cidadanía de concellos como a Rúa ou Petín.

E podería tamén tentar explicar neste tempo como a absorción de Saltos del Sil por Iberduero primeiro e por Iberdrola despois foi supoñendo un abandono paulatino da comarca por parte dunha empresa que, para ben e para mal, antes estaba fixada no territorio e pouco a pouco foi alonxando de Valdeorras os seus centros de decisión ata chegar a un momento na actualidade no que a nosa comarca non é máis que un número dentro da xestión dunha multinacional que non ten nin a súa atención nin o seu interese fixado en Galiza.

Pero, claro, se tento contextualizar todo isto, igual perde vostede o foco do grave problema actual: o inminente peche do Centro de Control de Operacións de Cunca Sil, que se efectivizará en breve e que é a última labazada de Iberdrola a Valdeorras. Vostede sabe ben que hai dous anos o BNG trouxo unha iniciativa a este Parlamento, que foi aprobada no seu momento por unanimidade dos grupos, e que entre os seus puntos de acordo reclamaba que a Xunta se dirixise á Dirección de Iberdrola para esixirlle o mantemento dos postos de traballo e o freo ao progresivo desmantelamento dos servizos no territorio galego. Desde entón, a sociedade valdeorresa tense manifestado de xeito recorrente contra esta deslocalización que a empresa teima en chamar reorganización e que supón para a nosa comarca a perda dun total de 20 postos de traballo na Rúa.

Pero dígolle máis: máis aló diso, esta deslocalización ten o peso simbólico da perda definitiva do que foi un factor de riqueza e benestar para boa parte da cidadanía da comarca. Iberdrola, como vostede sabe, está a explotar agora mesmo un total de case 2.500 megavatios de potencia en Galiza, entre hidráulica, bombeo e eólica, e continúa a tramitar tamén novas instalacións hidroeléctricas e eólicas no país. Veñen de anunciar ao tempo unhas ganancias récord de 3.600 millóns de euros en 2020, un 4,2% máis que en 2019, e entendemos que non é admisíbel. Non é admisíbel e resulta, ademais, unha obscenidade que Galiza continúe a alimentar de xeito extraordinario o seu negocio e esta empresa pague eliminando emprego para levalo á terra do seu presidente.

Pregúntolle se vostede, como máxima autoridade en materia industrial do noso país, ten feito actuacións, que actuacións ten feito ata o de agora ante a empresa e cales vai facer a partir...



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora GONZÁLEZ ALBERT:** ...deste momento para evitar esta deslocalización.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora González Albert.

Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora González Albert, agradézolle a súa preocupación —que é a nosa tamén— polos traballadores que traballan no centro de operacións da Rúa e tamén polo conxunto de traballadores que desenvolven a súa actividade na propia oficina de Iberdrola na Rúa, e loxicamente creo que non é un motivo, en ningún caso, de xerar polémica entre o Bloque Nacionalista Galego e este Goberno, nin tampouco é un motivo, en ningún caso, de enfrontamento político. Creo que o obxectivo é que poidamos facer unha defensa común da situación dos traballadores e traballar tamén, loxicamente, de forma conxunta non só por atopar unha solución aos traballadores, senón tamén para traballar polo futuro e, polo tanto, para abrir novas oportunidades tanto na Comarca de Valdeorras como de forma concreta tamén na Rúa.

Facía vostede mención ao acordo aprobado hai dous anos neste Parlamento, e sabe vostede perfectamente que nós cumprimos con ese acordo, e hoxe mantemos ese compromiso, por suposto, co emprego nas comarcas do Sil, e por iso a oficina de Iberdrola na Rúa non pechou no ano 2019, e tampouco vai pechar agora. E por iso tamén desde hai uns meses esta oficina coordina todas as operacións e o mantemento de eólica terrestre e fotovoltaica de Galicia e outras sete comunidades autónomas: Asturias, Cantabria, País Vasco, A Rioxa, Navarra, Aragón e Cataluña, e, como sabe, é unha oficina que da emprego a 40 traballadores na localidade.

Con todo, dígolle claramente que a Xunta de Galicia non está de acordo co tratado do Centro de Operacións, que o Goberno, por suposto, está defendendo que Iberdrola poida dar unha solución concreta aos oito traballadores que nestes momentos se están vendo afectados pola decisión de Iberdrola e, polo tanto, nós seguiremos demandando esa solución por parte de Iberdrola.

Defenderemos a situación dos oito traballadores que neste momento non teñen unha solución, defenderemos os empregos dos 40 traballadores que mantén o seu emprego na oficina de Iberdrola na Rúa, igual que defenderemos o emprego das 214 persoas que conforman o cadro de persoal de Iberdrola en Galicia, dos cales preto de 1.000 están traballando en Ferrolterra grazas aos dous últimos proxectos de eólica mariña da compañía. Polo tanto, seguiremos traballando —como lle dicía— tamén no futuro.



Creo que esa é a nosa responsabilidade, niso seguiremos traballando e, por suposto, buscaremos solucións concretas para estes oito traballadores e seguiremos abrindo esas novas oportunidades a través do desenvolvemento da transición enerxética...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Conde.

Para o turno de réplica, ten a palabra a señora González Albert.

(Aplausos.)

**A señora GONZÁLEZ ALBERT:** Ben, eu agradézolle o ton, señor conselleiro, e nós o que lle pediríamos é que teñan altura de miras neste tema e que non se limiten a actuar como delegados territoriais da empresa no noso país. Eu confírmolle se quere cando remate esta sesión, porque en dous minutos non me dá tempo, que non son oito empregos os que se perden na Rúa, son 20; é certo que hai xente que van recolocar, van xubilar, vai perder categoría laboral para poder quedar na Rúa, pero o feito é que se perden un total de 20 empregos cualificados na nosa comarca que no van volver. Hai opcións; ademais, existen os centros de control sombra, ¿por que non vai poder ser o actual COC-Sil o centro de control sombra do novo centro en Salamanca?

Esta mañá o meu compañeiro Luís Bará falaba da importancia dos símbolos, eu díxenllo antes, Iberdrola é un símbolo para A Rúa, o peche do COC é importante, primeiro pola perda irreparábel de postos de traballo, é verdade, pero, moito máis aló diso, supón afundir Valdeorras un pouquiño máis no pozo do abandono ao que está a verse sometida por parte dos dous gobernos que a rexen, o Goberno nacional e o Goberno estatal. Mantéñennos alleos ás novas principais vías de comunicación, pechan as nosas estacións de tren, están a desmantelar a nosa sanidade, estamos a padecer un proceso de desindustrialización gravísimo que agrava o despoboamento crónico que está a padecer a comarca por falta de alternativas de futuro. Eu, como dato, dicirlle que Valdeorras nos últimos 40 anos perdeu un 26,33% de poboación, isto é unha auténtica barbaridade; que a día de hoxe só hai 252 industrias dadas de alta en Valdeorras e delas só 12 teñen máis de 50 empregados, para que se poida facer un marco mental do que supón a perda destes 20 postos de traballo. Eu repítolle que, se quere, lle dou os datos reais máis aló do discurso de empresa que fala desta recolocación como se non supuxera nada, pero para Valdeorras, desde logo, é unha auténtica desgraza.

Pídolle que aposten por unha política enerxética e económica que non condene a morte ao progreso da comarca de Valdeorras, que traballen para que o COC-Sil continúe activo, e que...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora GONZÁLEZ ALBERT:** ...e que, exerzan, en definitiva, as súas competencias.

Máis nada. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora González Albert.





Para a réplica do Goberno, ten a palabra o vicepresidente segundo, conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Lamento que o Bloque Nacionalista Galego volva insistir nun discurso no cal intentan defender uns traballadores e outros non, e creo que nese discurso, dende logo, si que xa non imos estar de acordo.

Estaremos de acordo na defensa dos oito traballadores que se ven afectados pola reorganización do Centro de Operacións da Rúa e, polo tanto, a Xunta de Galicia seguirá esixindo a Iberdrola un compromiso para que se atope unha solución de consenso con aqueles traballadores que non están conformes co traslado, ese é o noso obxectivo, esa é a nosa demanda a Iberdrola, e nós seguiremos solicitando que a empresa poida concretar unha solución para estes oito traballadores.

Pero o que non é admisible é que vostede me fale da situación da comarca de Valdeorras e, polo tanto, o Bloque Nacionalista Galego, por un lado, pretenda atopar oportunidades e solucións e, por outra, se estea negando ao desenvolvemento industrial da comarca de Valdeorras.

Lamento enormemente que o Bloque Nacionalista Galego, nese discurso que ten unha dobre lectura, estea poñendo trabas ao desenvolvemento do sector eólico e do sector da minaría en Valdeorras. Vostede sabe perfectamente que o Bloque Nacionalista Galego é o que está solicitando que a Xunta de Galicia rexeite a tramitación de todos os proxectos eólicos, esa é a posición do Bloque Nacionalista Galego en materia de desenvolvemento de renovables.

Proxectos, señoría, que, no caso de cumprir con todas as garantías medioambientais, urbanísticas e técnicas, poden supoñer postos de traballo e riqueza para esta zona. Polo tanto, unha vez máis o Bloque Nacionalista Galego defende uns traballadores e outros non.

Pero pasemos, se quere, a minaría, e encontrámonos novamente con ese dobre discurso do Bloque Nacionalista Galego que aplican a este sector. Sabe que o 26 % da economía de Valdeorras depende da lousa e que é unha fonte esencial de emprego desta comarca. Sábeo perfectamente o Bloque Nacionalista Galego e, sen embargo, o Bloque segue poñendo trabas ao desenvolvemento deste sector, cuestionando permanentemente o desenvolvemento desta actividade. E polo tanto, neste contexto, señoría, é moi difícil falar en serio co Bloque Nacionalista Galego en materia de política industrial. Cando vostedes se aclaren e teñan unha proposta concreta de país para desenvolver os sectores estratéxicos e prioritarios que vostedes queren limitar o seu desenvolvemento, pois seguramente poidamos ter un debate de contidos, e mentres tanto o Bloque Nacionalista Galego segue defendendo uns traballadores si e outros non. Lamento que esa sexa a súa postura en materia de política industrial.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor vicepresidente.

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os atrasos no aboamento de subvencións concedidas no marco de programas do Plan de reactivación económica**

Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Pérez López.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** Boa tarde.

No DOG do 18 de xuño de 2020 publicouse a resolución pola que se establecen as bases para acceder a axudas e a proxectos de dixitalización para facer fronte á situación xerada pola covid-19, o chamado programa Cheques dixitalización.

Este texto propón un conxunto de proxectos subvencionábeis, tipificados, simples, de rápida de resolución, mediante concorrencia non competitiva, de execución inmediata e orientados á adaptación á covid-19, segundo establece o propio texto. Programa co que se subvenciona o 80 % do gasto de proxectos de dixitalización que oscilen entre 1.500 e 12.000 euros, dirixidos a microempresas que desenvolven a súa actividade nos sectores da hostalaría, o turismo, o comercio ao retalho, peluquerías, estética e outros; sectores especialmente afectados polas consecuencias da covid-19 que precisan desa adaptación dixital para poder continuar desenvolvendo a súa actividade nestes tempos de pandemia; sectores que, polas necesarias medidas restritivas de movemento e apertura, viron drasticamente reducida a súa facturación, o que xa dende os primeiros meses do estado de alarma provocou que un dos principais problemas que soportaron e soportan sexa a falta de liquidez. Aínda así, estes sectores fixeron un esforzo económico importante para crear estruturas dixitais que lles permitisen seguir traballando nesta típica situación, e moitos acolléronse ao Programa Cheques dixitalización. A pesar do desembolso previo do custo dos proxectos, solicitaron esta subvencións, esperando unha pronta chegada das axudas, xa que o artigo 17 das bases establecía que o aboamento do 50 % do importe da axuda se realizaría anticipadamente unha vez concedida e o aboamento da cantidade restante se realizaría unha vez que o Igape considerara xustificada a realización e pago do proxecto. Solicitudes que os destinatarios se apresuraron a realizar en moitos casos xa no mes de agosto, por tratarse dunha convocatoria en réxime de competencia non competitiva, é dicir, por orde de entrada, e para evitar o posible esgotamento do crédito. Problema: que aqueles que solicitaron as axudas en xullo e agosto, presentando na maior parte do casos proxectos completos e xustificados, non recibiron do Igape resolución concedendo a subvención ata ben entrado o mes de novembro. E despois aínda tiveron que esperar ata os últimos días de decembro para que polo Igape se lle aboase o 50 % da subvención. É dicir, independentemente do momento en que tiveran solicitado a axuda, non percibiron cantidade ningunha ata finais de decembro, e a cantidade restante, outro 50 %, aínda a día e hoxe non foi recibida polos seus destinatarios, co que, na gran maioría dos casos os solicitantes con axuda concedida tardaron catro meses en recibir o anticipo do 50 % da subvención e todos eles a día de hoxe están esperando para poder cobrar o 50 % restante.



Co que o Igape, a Xunta, tarda como mínimo sete meses en facer chegar ao peto das microempresas de hostalaría, turismo, comercio ao retallo e peluquerías as axudas recoñecidas en moitos casos no verán do ano pasado.

E, tendo en conta a dramática situación destes sectores asfixiados pola falta de liquidez, falta de axudas directas durante 9 meses, ese atraso do Igape, debería ser inasumíbel por un Goberno galego ao que se lle enche a boca falando da súa axilidade e boa xestión.

Por iso formulamos a pregunta ao Goberno galego: ¿estas axudas articuladas no marco dos programas do Plan de reactivación están chegando aos seus destinatarios coa axilidade que deben e nos prazos establecidos nas súas bases?

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Pérez.

Ten a palabra o vicepresidente segundo, conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, presidente.

Señor Pérez, agradézolle o interese do Bloque Nacionalista Galego polas actuacións que a Vicepresidencia Segunda puxo en marcha no ano 2020 no marco do Plan de reactivación. Efectivamente, 350 millóns de euros, para achegar financiamento por un importe de 180 millóns de euros ao tecido produtivo galego e tamén achegar axudas directas por máis de 170 millóns de euros, un esforzo importante do conxunto da consellería, que a levou a recibir preto de 35.000 solicitudes de apoio. E, nese contexto tamén do Plan de reactivación, fíxose un esforzo por parte do Igape desenvolvendo un novo programa, o Programa Igape Responde, que permitiu acompañar 943 autónomos, microempresas e pequenas e medianas empresas, na adopción das diferentes medidas de adaptación á covid.

Polo tanto, permítame utilizar esta tribuna para agradecer o compromiso e a profesionalidade do noso persoal, do persoal da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, para tentar ofrecer a mellor resposta posible, unha resposta que foi excepcional, loxicamente para atender unha situación tamén excepcional.

Fálame vostede do Igape; efectivamente, dese total de solicitudes, señoría, case 21.900 solicitudes de axuda e pagamento foron tramitadas polo Igape.

Ese dato no ano 2019 foi de 3.877 expedientes. O Igape multiplicou por máis de 400% toda a actividade no ano 2020 con respecto ao ano 2019, que foi, loxicamente, un esforzo importante para poder resolver todas estas axudas, que loxicamente está resolvendo. E fálame nese contexto vostede do Cheque Dixital.

Efectivamente, o Cheque Dixital leva consigo un anticipo do 50% no momento da resolución, sen esixir, señoría, garantías para facilitar o investimento en proxectos de dixitalización. E



ese anticipo, señor Pérez, pagóuselles aos 2.393 beneficiarios desta axuda. E agora o Igape está traballando para completar os pagamentos para, unha vez que se revise toda a documentación, porque estamos falando dun investimento e, polo tanto, hai que comprobar a xustificación deses investimentos.

Seguiremos desenvolvendo, traballando con intensidade, porque o obxectivo da Xunta de Galicia é darlle esa resposta tanto aos autónomos como ás pequenas e medianas empresas, e, xunto co plan de rescate, seguiremos desenvolvendo estas axudas, pero creo que o esforzo claro para poder atender esas solicitudes e que chegaron é moi evidente por parte, neste caso, do Igape.

Nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Conde.

Para a réplica, ten a palabra o señor Pérez López.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** Señor Conde, autocrítica e humildade do Goberno do señor Feijóo xa vexo que cero absoluto.

Nas bases reguladoras das axudas, na introdución do articulado dise que «pola situación de emerxencias sanitaria —e leo textualmente— os axentes económicos terán novas necesidades e prioridades, deberán adaptarse á nova realidade co obxectivo de seguir funcionando, e unha das principais vías será a dixitalización, que adquire, en moitos casos, un carácter de urxencia», texto que literalmente propón «un conxunto de proxecto subvencionábeis tipificados, simples, de rápida resolución mediante concorrencia non competitiva, de execución inmediata e orientados á adaptación á covid-19. A concorrencia non competitiva é o mecanismo que permite que os proxectos subvencionábeis poidan ser atendidos rapidamente» —isto é todo textual—.

E, no punto cuarto da resolución establécese que «o prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de 30 días hábiles dende a data de presentación da solicitude da axuda».

Programa que nace, atendendo ao seu literal, para articular as axudas urxentes e áxiles para poder seguir traballando, e esas axudas non foron nin urxentes, nin hábiles. Oito meses para cobralas non se pode considerar nin urxente nin áxil. E incumpríronse os prazos de resolución positiva do Igape e, polo tanto, atrasouse o percibo das axudas.

Urxencia e axilidade que si tivo a Xunta para aprobar o proxecto de simplificación administrativa e reactivación económica de Galiza, que crean un marco legal abusivo que favorece grandes fondos de investimento e grandes oligopolios para promover auténticos pelotazos pasando por riba dos intereses das comunidades locais e da veciñanza.

¿Sabe cal vai ser a duración da tramitación administrativa para un proxecto eólico na Galiza ao abeiro da lei de depredación bis? 12 meses, en palabras do portavoz do Grupo Parlamentario do PP na Comisión 3ª do día 5 de febreiro.



¿Canto vai tardar a propietaria dunha tenda de comercio ao retallo en ter no peto a axuda de dixitalización?, mínimo, mínimo, 8 meses, o que amosa ás claras que a Xunta é áxil para favorecer proxectos de grandes empresas, en moitos casos con efectos e impacto negativo no territorio, pero non é tan áxil para apoiar os sectores máis afectados pola pandemia.

Dada a situación dos destinatarios, tardar oito meses ou máis en cobrar o total da subvención, cando xa tiveron que adiantar o...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor LÓPEZ PÉREZ:** ... custo do proxecto, amosa ás claras a falta de sensibilidade e compromiso da Xunta cos... (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Pérez.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Pérez, permítame trasladarlle un cero absoluto na súa obxectividade. (Risos.)

Lamento que vostede veña aquí a este Parlamento para intentar trasladar preocupación, inquietanzas no tecido produtivo, en lugar, efectivamente, de trasladar esa confianza que nós estamos intentando achegar. Creo que, cando vostede me fala de que este Goberno non ten autocrítica, este Goberno non..., eu non fixen ningunha avaliación, eu trasladeille datos, trasladeille datos. Vostede enseguida empezou a falar de oligopolios, ese é o discurso sectario do Bloque Nacionalista Galego, que inmediatamente empeza a falar de grandes oligopolios e mans negras, etcétera. Non, mire, eu doulle os datos, e os datos, señor Pérez, son que no ano 2019 se tramitaron 4.000 axudas no Igape, que é máis ou menos a media de expedientes que se tramitan no Igape. No ano 2020 —repítolle o dato—, 21.800 expedientes.

Polo tanto, hai un esforzo aí que entendo que vostede non sabe valorar, igual que non sabe valorar que, efectivamente, a orde de axuda do Cheque Dixital tivera un éxito absoluto, directamente proporcional ao seu cero absoluto na súa obxectividade, porque foron 2.393 expedientes que, efectivamente, todos eles recibiron o 50% do anticipo, que lles está permitindo desenvolver este investimento, e, loxicamente, imos resolver expediente por expediente, porque vostede sabe que eses expedientes son investimentos e, polo tanto, temos que comprobar que se ten feito, que se ten desenvolvido tal como marca a orde.

Polo tanto, señor Pérez, o Igape está dando esa resposta, os anticipos pagáronse na súa totalidade e, polo tanto, o Igape está onde ten que estar: ao lado do tecido produtivo, desenvolvendo novas axudas e, sobre todo, neste contexto de pandemia. Igual que agora estamos atendendo, neste caso á hostalaría, coa orde de terrazas, e seguiremos desenvolvendo novas axudas.



Polo tanto, creo que nese contexto, estas inquedanzas que vostede quere trasladar, pois, efectivamente, non axudan. Eu creo que o Bloque Nacionalista Galego seguramente debería centrarse un pouco nos obxectivos que temos trasladado como país, para atender ás necesidades do tecido produtivo, e seguramente desa forma vostedes estarían sumando o que nos están pedindo aos galegos, que é traballar xuntos para afrontar esta pandemia non só sanitaria, senón tamén económica. Lamentablemente, o Bloque Nacionalista Galego está mirando ás costas, neste caso ás necesidades que teñen os galegos e ao noso tecido produtivo. Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor vicepresidente.

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D. Juan Carlos Franciso Rivera e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas e actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes a desenvolver o proxecto sectorial do Parque Empresarial de Tamagos en Verín**

Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Francisco Rivera.

**O señor FRANCISO RIVERA:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señora conselleira, e boa tarde a todos e a todas os deputados.

Efectivamente, do ano 2005 ao 2008, desenvolvíase na comarca de Monterrei, no concello de Verín, unha idea, que é dotar aquela comarca dun equipamento de solo industrial de calidade, ben conectado, coa autovía A-52, coa autovía que conecta Verín con Chaves, a A-75, unha zona, en fin, de boa ubicación e, por tanto, de boa conexión tanto con Madrid e Vigo como con Portugal.

No ano 2009 gaña o Partido Popular —é evidente— e no ano 2011 o Consello do Goberno da Xunta de Galicia aproba un proxecto sectorial para desenvolver este polígono industrial, un polígono que contemplaba o seu desenvolvemento en varias fases:

Nunha primeira fase, o desenvolvemento é de 290.000 metros, aproximadamente, dedicando a solo netamente industrial aproximadamente 170.000 metros, dunha superficie total de 127 hectáreas, 127 hectáreas que ocupaba a totalidade do polígono industrial, pero que a día de hoxe aínda tan só o 75 % desa superficie está en mans da Xunta como consecuencia do acordo, de mutuo acordo cos propietarios, pendente aínda de expropiación un 25 % desa superficie. E hoxe, ano 2021, pasados 10 anos, despois de que o Consello da Xunta aprobase o desenvolvemento deste equipamento básico e fundamental para o desenvolvemento dunha comarca como Monterrei, a Xunta de Galicia non ten feito absolutamente nada.

Hoxe é evidente que o polígono de Tamagos non é nin máis nin menos que un monte abandonado, cheo de silvas, cheo de mato, e, de momento, sen ningunha perspectiva de que se desenvolva, salvo que vostede hoxe aquí nos adiante algunha primicia ao respecto.



Para a comarca de Monterrey —vostede sábeo— constitúe unha actuación absolutamente estratéxica, fundamental, de desenvolvemento, dado que, a pesar de que hai outro polígono industrial, esta comarca a día de hoxe carece de solo industrial, de solo industrial nos termos que eu lle acabo de comentar.

Ten habido iniciativa dende o concello para desenvolver, de acordo con convenios coa Xunta de Galicia, este polígono. A día de hoxe, dende o ano 2016 en que se iniciaron as conversas, aínda non fraguou absolutamente ningunha iniciativa a ese respecto. E nós entendemos que nunha situación coma esta a Xunta ten que actuar, por iso solicitamos mediante esta pregunta que nos diga que medidas vai...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Francisco Rivera.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** ...tomar a Xunta para resolver o polígono de Tamagos.

Nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde.

Agradézolle ao señor Rivera que me formule esta pregunta e, sobre todo, se pode ser útil para que a resposta sexa clara. É a mesma pregunta e será a mesma resposta que se formulou hai escasamente tres semanas, en concreto creo que foi o 15 de febreiro na Comisión 3ª, na cal, agardo que o director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo clarificara certas situacións, porque ademais cónstame que, á parte de dar cumprida resposta, tivo oportunidade tamén de intercambiar impresións.

Eu achegueime o día 22 de febreiro ata Verín para anunciar un polígono no de Pazos, a futura planta de compostaxe de Sogama. Dende a Xunta sabemos da importancia e da posición estratéxica que ten Verín e por iso o eliximos para o desenvolvemento deste gran proxecto, vital para o concello, pero sobre todo vital tamén para a comarca en si. Isto vai supor un investimento de 5,5 millóns de euros, a creación de 10 postos de traballo directos e sitúa Verín como epicentro da provincia na aposta pola compostaxe ao producir 1.500 toneladas anuais de compostaxe e certificado, polo tanto, de calidade.

Nese acto eu estiven co alcalde e, por suposto, falamos da situación do solo empresarial e tamén do seu futuro. E con todo, e como non pode ser doutro xeito, eu teño que dicirle que si existe solo empresarial dispoñible en Verín e, polo tanto, para a súa comarca e que Verín dispón de dúas áreas empresariais perfectamente delimitadas a través do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia. Un é Pazos, o lugar que imos impulsar, e un



dos impulsos é a través do posicionamento desta planta de biorresiduos de última xeración; e o de Tamagos, ao cal se refire vostede.

No caso de Pazos ten dúas fases. A primeira fase é unha superficie de 70.000 metros cadrados, dos que están dispoñibles 10.000 metros cadrados. E estame dicindo que non, pois xa lle digo eu que si.

Esta fase ten todos os servizos e pode cubrir a demanda existente, ogallá houbera máis demanda e ogallá que o impulso que está recibindo a través da Consellería de Medio Ambiente sexa un proxecto tractor para que os residuos non sexan un problema, senón unha oportunidade e, polo tanto, se asentem máis empresas neste polígono.

Xunto con isto hai que dicirlle que fixemos unha importante aposta cunha bonificación de ata o 50%, e isto supón que agora mesmo o metro cadrado neste polígono sae a 34 euros, fronte aos 68 iniciais.

Pero en Pazos está prevista unha segunda fase, unha segunda fase con 81.000 metros cadrados, dos que aproveitables son 55.000. unha ampliación que, de existir demanda, créame que...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas... Moitas grazas, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** ...acometeríamos de forma rápida.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas.

Para a réplica ten a palabra o señor Francisco Rivera.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** Si, grazas.

Eu agradézolle moito que, efectivamente, a planta de compostaxe se teña instalado en Verín e, dende logo, é de agradecer; crea postos de traballo que boa falta fan naquela comarca, pero eu estáballe plantexando outra cuestión absolutamente distinta.

O polígono de Pazos —e vostede coñéceo, porque así llo explicaron e ademais porque estivo alí— non reúne as condicións neste momento para que ningunha empresa de futuro se asente alí.

Vostede fala de que quedan 10.000 metros sen ocupar e eu teño aquí o plano, efectivamente serían 3 parcelas de 2.000 metros cada unha. Ben, vamos supoñer que sexan 9.000. Eu creo que a dimensión do que estamos falando non ten nada que ver co polígono de Pazos, estamos falando de desenvolver unha comarca e dotala de equipamento de solo ben ubicado ao pé da A-52, ao pé da A-75. Porque o polígono de Pazos, señora conselleira, e vostede sábeo é zona





inundable e eu creo que ninguén a día de hoxe construíría a súa casa en zona inundable e menos un empresario que aposte o seu diñeiro supoño que non fará ese tipo de investimentos.

Falaba vostede de que o solo está bonificado. É bonificado relativamente, porque, efectivamente, vostede fala de 34 euros/metro, pero como ben sabe vostede, como consecuencia da inundabilidade a cota das parcelas hai que elevala á cota do vial e, polo tanto, esixe recheos e gasto adicional por parte do conxunto dos empresarios, o cal inhabilita calquera desenvolvemento dunha empresa nese polígono.

Diante desta situación nós invitamos a Xunta de Galicia e facémolo honestamente para que contemple o que contemplan a cidadanía, os concellos, especialmente o de Verín pero tamén os empresarios, que se desenvolva o Polígono de Tamagos como unha oportunidade de verdade para que se desenvolva unha comarca que boa falta lle fai, unha comarca perfectamente ubicada e que necesita solo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Francisco.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Para a réplica do goberno ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, presidente.

Bueno, dicirlle: dende a Xunta de Galicia temos a man tendida a todos os concellos que queiran desenvolver solo empresarial. Pero as condicións que temos que poñer enriba da mesa é que non podemos investir se non hai demanda, e temos cualificado perfectamente o solo, e temos dúas áreas empresariais perfectamente delimitadas. Temos dispoñibilidade neste momento de parcelas que están urbanizadas. Se se vai asentarse a través de Sogama unha empresa, ¿cal é a dificultade que pode ter o asentamento doutro tipo de empresas? Pero, á parte, é que podemos ampliar na mesma zona ata 81.000 metros cadrados.

O que non podemos facer, señor Rivera, é o que se fixo durante o bipartito, que é que se mercou solo a esgalla, de maneira non continuada, que acaba sendo un brezal ás veces, no mellor dos casos, cun abandono total e absoluto, porque non hai demanda e porque non hai nin un só servizo. Polo tanto, ampliaremos alí onde haxa demanda e poremos os servizos enriba da mesa.

Por outro lado, levamos tempo falando co Concello de Verín. En ningún momento nos trasladou ningunha análise da demanda nin tampouco prazos de execución nin se acredita a dispoñibilidade orzamentaria, porque sabe vostede que a pretensión por parte do Ayuntamiento era desenvolver o Concello, ao cal nós tenderíamos a man, por suposto, para poder



facelo, pero hai que asinar un convenio e cada vez que damos un paso para diante o alcalde dá un paso para atrás. Entón sen seguridade é imposible seguir avanzando neste campo.

Por outro lado, chámame a atención o seguinte, porque o alcalde si é certo que me dixo que quería falar do polígono pero, en concreto, do polígono de Pazos non do polígono de Tamagos. E así consta recollida unha reunión que nos trasladou o 5 de marzo, que é cun fin, e ese fin é a construción dunha circunvalación para o polígono de Pazos que mellore a súa comunicación, que, efectivamente, igual ten un problema de comunicación coa A-52, e evite o paso de vehículos pesados polo centro da vila, xuntanza á que, se podo, eu asistirei por suposto, pero, se non, estará o director do Instituto Galego da Vivenda e Solo. Por iso hai unha demanda por parte do alcalde, demanda que estudaremos, que poñeremos en marcha, e hai un convenio enriba da mesa; no momento en que nos dea a xustificación necesaria actuaremos tal e como estamos facendo no resto de Galicia, pero facer por facer para que despois quede abandonado non ten lóxica e o que si lle podo dicir é que hai espazo habilitado e, se non, pódese urbanizar con todas as garantías e nun período de tempo moi pequeno para que se asenten as industrias que así o queiran.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Sol Díaz Mouteira e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as ferramentas postas á disposición das administracións públicas e dos cidadáns nas Directrices da paisaxe de Galicia para facilitar o uso e aproveitamento do territorio e a preservación da paisaxe galega**

Para formular a pregunta ten a palabra a señora Díaz Mouteira.

**A señora DÍAZ MOUTEIRA:** Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Boas tardes, conselleira, grazas por acompañarnos esta tarde aquí no Pleno da Cámara para contestar ou dar resposta a esta pregunta do Grupo Parlamentario Popular.

Hai dúas semanas entraron en vigor as directrices da paisaxe, as primeiras Directrices da paisaxe de Galicia, concretamente o pasado 20 de febreiro, despois dunha longa e exhaustiva tramitación que empezou alá polo 2016, directrices que veñen de converterse nun instrumento máis de protección da paisaxe, unha das cousas máis importantes que temos na nosa comunidade e que seguramente máis nos distingue.

Destacar o marco do amplo consenso no que naceron, grazas a un proceso no que participou tanto a sociedade como os axentes implicados, feito que pon de manifesto que as paisaxes



forman parte do que somos como sociedade do presente e tamén do futuro, porque a calidade da paisaxe é un perfecto indicador do grao de desenvolvemento social, e a súa boa xestión e ordenación contribúen a mellorar a competitividade do territorio.

Nos derradeiros anos, meses e incluso días, Galicia e a súa paisaxe están de noraboa. Aca damos fitos dos que esperamos que nos dea conta, señora conselleira. Fitos que dende a Xunta de Galicia e dende a consellería que vostede representa, viñeron conformar o marco axeitado para a protección, xestión e ordenación de paisaxe de todo o territorio galego, compatibilizando o aproveitamento e o uso do territorio coa preservación e a mellora da paisaxe.

Galicia, así, consolida a súa posición como unha das rexións referentes e á vangarda na materia grazas ao traballo iniciado polo Goberno autonómico, década esta última na que a protección da paisaxe está a ser unha cuestión esencial e central na súa acción.

Contamos polo tanto cun documento completo, consensuado, que inclúe normas de carácter obrigatorio para os novos instrumentos de planificación e unha serie de recomendacións xenéricas que serán orientativas e que non suporán en ningún caso custo económico para o cidadán.

Señora conselleira, a mellor maneira de entender estas normas e recomendacións, a mellor maneira de que os galegos e as galegas poidamos ou poidan entender o beneficio que estas novas directrices da paisaxe van engadir a eses proxectos e iniciativas que se desenvolvan na súa contorna con ese valor paisaxístico engadido é dando resposta a esta pregunta que dende o Grupo Parlamentario Popular paso a formularlle.

¿Podería, señora conselleira, citar exemplos de como van repercutir na práctica, no día a día, na nosa paisaxe estas directrices? ¿Afectarán dalgún xeito ás infraestruturas, aos espazos naturais e ás vías de comunicación?

Nada máis polo de agora e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Díaz.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, señor presidente, e grazas, señora Díaz, por tamén darme a oportunidade de poñer en valor o que xa todos sabemos, que é a nosa paisaxe. É unha cuestión de identidade, pero é algo do que presumimos onde vivimos, onde estamos e que ademais alcanzamos un grao moi importante; non hai máis que ver as estatísticas cando nos visitan ou nos visitaban todos aqueles que o desexaban e a paisaxe estaba aí como primordial, á parte da gastronomía.

Pero temos que lograr o grao de excelencia e, para lograr ese grao de excelencia, temos que seguir contribuíndo á súa protección, que é unha cuestión esencial, central e ademais transversal por parte do Goberno da Xunta.



Dende hai máis dunha década estamos traballando, adquirimos compromisos e o resultado está á vista. Vimos de aprobar as Directrices da paisaxe, que entraron en vigor no mes pasado, no mes de febreiro, que supoñen un antes e un despois na protección da paisaxe e que fan que Galicia sexa única.

E, efectivamente, houbo un grao de consenso moi importante, houbo moitísima contribución, dedicámoslle moito tempo e os resultados son unha serie de normas e unha serie de recomendacións.

Foi unha década de grandes fitos o Catálogo das paisaxes, a Guía da paisaxe de Galicia, o Regulamento da Lei da paisaxe e puxemos en marcha os primeiros pactos pola paisaxe. A paisaxe non ten ideoloxía, a paisaxe ten galegos e galegas. E foron os primeiros pactos da paisaxe, por exemplo, en Cerdedo-Cotobade e así seguimos ampliando.

¿Que queremos? Compatibilizar a protección da paisaxe co desenvolvemento económico. Non podemos entender a paisaxe se hai un abandono; ao final sería tamén un abandono da paisaxe.

Estamos visitando os distintos concellos para falar da aplicación das directrices e das implicacións que teñen que ter tamén os concellos; por parte do director do Instituto de Estudos do Territorio xa se reuniu con 32 concellos, tamén cos seus técnicos, e hai que dicir que a aplicación das mesmas, á parte desa colaboración, require un entendemento e facerlle entender á xente que as directrices da paisaxe non é un custo para a cidadanía, senón que é un beneficio para a cidadanía.

Agora mesmo e a partir da entrada en vigor as directrices deben integrarse en calquera plan, en calquera programa ou en calquera proxecto que se leve a cabo no territorio da nosa comunidade.

Así, os instrumentos de planificación territorial deberán ter en conta sempre os valores paisaxísticos en todas as súas fases: no deseño, no desenvolvemento e tamén na súa execución.

Exemplos poderíamos poñer moitos e poño 3 exemplos.

As infraestruturas enerxéticas, tendidos e redes. Deberán ser soterradas nos novos desenvolvementos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** ...por exemplo. E poderíamos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** No segundo turno pode vostede continuar. (A señora Vázquez Mejuto pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Para a réplica, ten a palabra a señora Díaz Mouteira.



**A señora DÍAZ MOUTEIRA:** Grazas, señora conselleira, pola súa resposta. Espero que nesta segunda parte teña oportunidade de achegar máis deses exemplos que son moi significativos para entender como nos van influír no día a día estas directrices.

O que está claro e deixou claro tamén na súa resposta é que Galicia avanza ese chanzo máis no camiño iniciado pola Xunta hai unha década para protexer a paisaxe. Dáse un paso importante con estas directrices, fundaméntase e complementan o catálogo de paisaxes e o seu ámbito de aplicación evidentemente a todo o territorio de Galicia.

Das súas palabras dedúcese que é un traballo de todos, de todas, non só das administracións públicas, senón desa necesaria implicación e papel que van xogar os concellos tamén na aplicación das directrices.

Dende a Xunta de Galicia, dende a Consellería de Medio Ambiente, trabállase para poñer o marco axeitado para a protección e calidade da paisaxe, caracterizada, sobre todo, pola cantidade de variedade de valores e singularidades. Unha paisaxe ordenada e de calidade incide directamente sobre unha comunidade, no punto de vista económico, turístico, ambiental, cultural e, como non, tamén nos define como territorio. Cómpre seguir avanzando por este camiño, tanto a través de normativas modernas, eficaces e eficientes, e afondando sobre todo na toma de conciencia. Por iso, conselleira, gustaríame que nos seguira comentando algún exemplo máis, así como que nos vai permitir esta nova ferramenta.

E, xa para rematar, hai un momento que dicía que son bos momentos para a paisaxe. No último Consello da Xunta, celebrado o pasado xoves, vén de aprobarse o Plan estratéxico da paisaxe galega, que guiará a acción da paisaxe de Galicia nos próximos catro anos, cun investimento de 40 millóns. O ano 2021 será un ano marcado pola paisaxe e a súa protección.

Señora conselleira, no seu tempo poderíanos contestar tamén en que consiste ese plan estratéxico da paisaxe e cales son os seus obxectivos xerais.

Agradecendo a súa resposta, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Díaz Mouteira.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, presidente.

Comezaba cun exemplo e podo dicir algún máis; por exemplo, a partir da entrada en vigor das Directrices da paisaxe, só se permitirá a apertura de canteiras, minas, se está xustificado e non ten impacto nas áreas de especial interese paisaxístico, establecendo limitacións, como pode ser a plantación de eucaliptos nestas áreas. Por outro lado, establécese a obrigatoriedade de retirar os carteis e aquela finalización de obras ou actuacións públicas para evitar a súa deterioración dentro do que é a paisaxe en si. Outros dos exemplos en canto a espazos



proteixidos: pois priorízase a rexeneración naquelas zonas que sufriron algunha agresión, como pode ser no caso de incendios ou tamén de verteduras. Por outro lado, a eliminación das especies invasoras é outro dos obxectivos que se determinan coas Directrices da paisaxe. ¿Que permite esta ferramenta? Por un lado integrar, preservar, protexer, pero tamén mellorar. Temos que seguir mellorando e, para seguir mellorando, á parte dese corpus normativo que xa rematamos, temos unha estratexia, a Estratexia da paisaxe para os vindeiros catro anos, que foi aprobada no Consello da Xunta a semana pasada e que vai supoñer unha inversión de 40 millóns de euros, 40 millóns de euros en actuacións, en medidas e tamén en programas.

O que queremos é incidir na calidade das paisaxes, naqueles lugares máis habitados, como son as contornas residenciais, onde viven a maioría dos galegos, tamén nos espazos naturais, os máis senlleiros, pasando polas paisaxes agrarias, e tamén polas litorais. Perseguindo cinco obxectivos fundamentais, que é establecer e executar unha metodoloxía de traballo onde nos cualifiquemos a nós mesmo. Por outro lado, desenvolver, e actualizar os instrumentos para a protección a xestión e a ordenación da paisaxe. Realizar accións concretas no territorio, accións de protección, de potenciación e mellora das paisaxes, e avanzar na concertación e colaboración interadministrativa, que é fundamental en materia da paisaxe. ¿E con quen? Cos concellos, tamén coas deputacións, que é fundamental. E formar, sensibilizar, e educar en materia da paisaxe.

Para iso, poñemos enriba da mesa, 40 millóns de euros, e entre eles a posta en marcha dun plan para o control do feísmo e eliminación do mesmo en Galicia coa proposta de axudas a particulares, pero tamén axudas a entidades locais para a eliminación e corrección de impactos paisaxísticos cuxa primeira convocatoria faremos este mesmo mes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

**Pregunta de D. Borja Verea Fraiz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o coñecemento por parte do Goberno galego da adquisición polo Goberno central dalgún novo compromiso de apoio económico para a celebración do bienio Xacobeo 2021-2022**

Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Verea Fraiz.

**O señor Verea Fraiz:** Grazas, presidente.

Señor vicepresidente, este grupo parlamentario tivo coñecemento de que a pasada semana, o xoves, houbo unha reunión entre a Administración xeral do Estado e os representantes de turismo das comunidades autónomas, unha reunión que en principio pois era para que o Goberno de Pedro Sánchez expuxese o seu plan para o Xacobeo, unha reunión que deixou este grupo parlamentario tremendamente preocupado, imaxinamos que tamén o Goberno da Xunta de Galicia, unha reunión que se convocou con présas, sen preparación, que o propio desenvolvemento da reunión foi, cando menos, estraño ou curioso, porque non houbo quenda de réplica ou non lle deron oportunidade de falar ás comunidades autónomas. E,



como dicía antes, cunhas conclusións decepcionantes ou novamente decepcionantes sen ningún compromiso concreto de apoio ao Xacobeo. A Xunta de Galicia ten declarado, este grupo parlamentario tamén, o seu apoio político ao bienio Xacobeo 21-22, un apoio político que, ademais, se traduce ou se reflicte en apoios orzamentarios, eses máis de 80 millóns de euros que están xa vixentes nos orzamentos xerais da comunidade autónoma. E, polo tanto, un compromiso político, un compromiso institucional que, como ten que ser, ten a súa consecuencia en medidas económicas concretas.

Un Xacobeo que está sendo difícil, que está sendo diferente, un Xacobeo que vai seguir sendo incerto e que vai necesitar, sen dúbida, de toda a nosa flexibilidade, de toda a nosa capacidade de adaptación para ir adaptándonos ás medidas sanitarias de cada momento, pero que sen dúbida estaremos todos de acordo en que todos queremos o mellor Xacobeo posible dentro da situación na que nos atopamos. E para iso é imprescindible o compromiso non só da Xunta de Galicia, senón tamén do resto de administracións, da Administración local e, por suposto, da Administración xeral do Estado. Polo tanto, señor vicepresidente, a pregunta deste grupo parlamentario é se o Goberno da Xunta de Galicia ten coñecemento dalgún compromiso concreto, dalgunha nova partida orzamentaria ou dalgunha liña económica específica para o apoio do Ano Santo Compostelán. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Vereá.

Ten a palabra o señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, o señor Rueda Valenzuela.

**O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Vereá, efectivamente, todos queremos o mellor Xacobeo posible. Estou convencido de que tamén o Goberno central, e non só porque partirá da base de que o que é bo para Galicia é bo tamén para o resto de España, senón porque no caso do Xacobeo é que isto é certo, porque afortunadamente, co desenvolvemento que tivo nestes últimos anos, o Xacobeo transcende Galicia, está claro que onde máis incide é na nosa comunidade autónoma, pero transcende do noso territorio e chega dende logo ao resto das comunidades autónomas, e seguramente a moitos outros países que tamén se beneficia directa ou indirectamente do que supón o Xacobeo. Polo tanto, estaba chamado a ser, e ten que seguir sendo — nós estamos traballando para iso — un dos motores da reactivación post-covid de Galicia e, insisto, outros moitos territorios. Falamos desa década xacobeá, tanto tempo esperando, once anos a que houbera novo Xacobeo, agora temos a oportunidade dun Xacobeo prolongado un ano máis e, polo tanto, temos que aproveitalo. Eu creo que dende a Xunta de Galicia fixemos as previsións necesarias e estámolas facendo. Hai 85, case 86 millóns de euros consignados nos orzamentos se sumamos os 62 que están directamente na Vicepresidencia Primeira máis as consignacións que teñen outras consellerías tamén directamente vinculadas ao Xacobeo. E estamos facendo o que creo que corresponde nestes momentos. Falta o máis importante, que é a posibilidade de que cheguen peregrinos mentres estea restrinxida a mobilidade, mentres estean todas as restricións derivadas da pandemia, pero pódese gañar moito tempo, primeiro tendo ou intentando —creo que o estamos conseguindo— telo todo preparado;



estou falando de instalacións físicas, albergues, estado dos camiños, embelecemento de moitos puntos que estaban necesitados dunha intervención e, ao mesmo tempo, na formación de todos aqueles que van acoller os peregrinos cando empecen a chegar, estou falando dunha formación relacionada co nova situación sanitaria, é dicir, que estean absolutamente preparados para saber o que teñen que facer en caso de que se producira algunha incidencia relacionada coa covid e tamén na promoción, por suposto, hai todo un plan deseñado de promoción do Xacobeo que loxicamente está a expensas de cando é máis conveniente poñelo en marcha en función de que xa poden empezar a chegar peregrinos e, polo tanto, hai que incidir nese momento máis na promoción. O seguro relacionado co covid, o seguro do coronavirus que puxemos en marcha de xeito pioneiro no seu momento ten que ver moito con iso, e a súa difusión para que se coñeza e sexa un atractivo máis. En definitiva, estamos tendo todo preparado e o que necesitamos é o apoio do Estado. Agora intentarei falar na réplica desta pregunta, de en que consistiu esa reunión, cal esperamos que sexa o apoio do Estado e cal agardamos que sexa a implicación que sen ningunha dúbida se terá que producir do Goberno central non só polo interese de Galicia, senón por interese de toda España no seu conxunto.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor vicepresidente.

Para a réplica, ten a palabra o señor Vereá Fraiz.

**O señor VEREÁ FRAIZ:** Grazas, señor vicepresidente.

Están sendo xa moitos os debates nesta Cámara e tamén en comisión sobre a falta de compromiso real do Goberno de Pedro Sánchez co Xacobeo. Podemos lembrar a petición da Cámara para a rebaixa do IVE turístico, podemos lembrar tamén a petición de partidas específicas no orzamento xeral do Estado. Propostas que saíron adiante sen o apoio do Grupo Parlamentario do PSdeG e, claro, unha conclusión a que chegou este grupo parlamentario que xa puidemos tamén expoñer aquí é que, se non hai unha explicación racional para por que non se apoia o Xacobeo cando é o maior evento turístico nacional por parte da Administración xeral do Estado, pois quedanos a conclusión de que é unha decisión política, porque este evento desenvólvese en Galicia, que é unha comunidade autónoma gobernada polo PPdeG.

Darlle as grazas, señor vicepresidente, polo seu compromiso co Xacobeo, que en definitiva é o compromiso cos intereses de Galicia e tamén da cidade de Santiago, e como dicía ou anticipaba vostede, nestes días, creo que foi antonte, puido ter unha reunión específica co secretario do Estado para analizar polo miúdo as concrecións, se as hai, de axudas ou de cronogramas para esa axuda estatal ao Xacobeo e nos minutos que ten pois gustaríanos coñecer as conclusións desas reunións.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Vereá.

Para o turno de réplica do Goberno ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, o señor Rueda Valenzuela.





**O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

No ano 2018, recén nomeado como presidente do Goberno o actual presidente, Pedro Sánchez, manifestou publicamente o seu compromiso xa co Xacobeo e faltaban dous anos aínda, e aquilo fíxonos concibir moitas esperanzas e agradecémolo e saudámolo e puxémonos á disposición para calquera concreción, calquera dato ou calquera colaboración que quixera o Goberno central para apoiar o Xacobeo, que sabemos que ía ter lugar apenas dous anos despois. Pero o certo é que pasaron dous anos e non houbo absolutamente nada diso, non sería por non insistilo, non sería efectivamente por que nesta Cámara se trouxeron moitas iniciativas, inexplicablemente non apoiadas polo Partido Socialista, que parece que non ten interese en Galicia e que o parece que está mais interesado o Goberno central en apoiar o Xacobeo que o Grupo Socialista desta Cámara. Nós o que temos é que seguir traballando para que ese apoio se concrete e seguir insistindo. Eu creo que froito desa insistencia foi a convocatoria..., a verdade é que o dixemos directamente, eu dirixinlle unha carta ao secretario de Estado de Turismo, que era o convocante, difícil de entender que, despois de tanto tempo esperando ese compromiso expreso do Goberno central, se descolguen a semana pasada, o martes, cunha convocatoria para explicarnos o Plan Nacional Turístico Xacobeo — así se chamaba —, sen ningún aviso previo, sen ningún coñecemento, unha convocatoria do martes para o xoves, o xoves ademais do Consello da Xunta, convocábaseme a min, eu non puíden asistir pero, bueno, estivo a directora da Axencia Galega de Turismo e representantes de Turismo da Xunta de Galicia e o que se nos contou alí foi unha exposición dun documento de 14 follas onde efectivamente, como vostede dicía, non houbo oportunidade de réplica, simplemente faláronos os membros do Goberno central, explicáronnos todo iso non só a Galicia, senón ao resto das comunidades autónomas, co cal en principio non temos nada en contra, pero non hai un tratamento específico para Galicia e falóusenos de que, nos próximos meses, aquilo se concretaría, e boa falta lle facía concretarse, porque non había ningún prazo concreto, ningunha consignación orzamentaria concreta, nin en realidade nada que puideramos dicir, efectivamente, isto vaise poñer en marcha deseguido.

Tiven ocasión, como vostede recordaba, de ter unha reunión que xa estaba programada con anterioridade co secretario de Estado de Turismo esta semana, e loxicamente o primeiro que lle plantexei era que era necesario concretar isto canto antes. O que nos dixó é que efectivamente antes do verán, e polo tanto hai que confiar nisto, e hai que tomarlle a palabra e darlle unha vez máis, a pesar dos antecedentes, un voto de confianza ao Goberno central antes do verán, e antes do verán faltan tres meses, haberá unha concreción exacta con partidas orzamentarias e con compromisos de cal é a aportación do Goberno central á celebración do Xacobeo. Eu non quero pensar que non se tivera producido a prolongación do Xacobeo, porque se non estaríamos falando de que, a golpe do mes de xuño do Ano Xacobeo, o Goberno central segue pensando como se ten que comprometer cun acontecemento turístico que recoñecen ademais que non só incide en Galicia, senón no resto de España. Agardamos esta concreción, ímoslle dar un voto de confianza, os antecedentes non son bos, pero o que nos interesa é que haxa ese compromiso. Dentro de tres meses, falaremos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor vicepresidente.

Pasamos á seguinte pregunta ao Goberno, que hai unha alteración da orde do día.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai o Goberno galego do seu ofrecemento ás entidades locais para a asunción da xestión das axudas municipais á hostalaría, microempresas e autónomos co fin de acadar unha maior simplificación e axilidade**

Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Pazos Couñago.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Grazas, señor presidente.

Señor vicepresidente, estamos nunha semana sinalada, na que dentro de poucas horas terán lugar dúas efemérides significativas, cumprírase un ano daquel 12 de marzo no que o presidente Feijóo anunciaba a alerta sanitaria e a suspensión da actividade escolar en Galicia, e 24 horas despois produciríase o anuncio do presidente Sánchez anunciando a declaración do estado de alarma que entraría en vigor o 15 de marzo.

É o momento axeitado para avaliar o que aconteceu durante estes 12 meses, para facer unha análise da actuación de cadaquén para tentar corrixir posibles erros, que seguro que todos os cometemos, e tamén para afondar nos acertos, que no caso da Xunta de Galicia, debo dicir ao xuízo deste grupo, foron moitos, xuízo que comparten os galegos.

Un ano de pandemia que cobrou un prezo moi alto en vidas, tanto fóra das nosas fronteiras como no noso país, onde, para vergoña de todos, aínda non coñecemos cal foi o número real de mulleres e homes vítimas da pandemia, os 70.000 que recoñece o Goberno, os 83.000 dos informes Momo elaborados polo Goberno, ou os máis de 100.000 que estima o INE, dependente do Goberno.

Un ano do comezo dun confinamento que duraría 98 días, no que se determinou o peche de toda actividade económica considerada non esencial. Sen dúbida unha medida necesaria para tentar conter a expansión naquel momento descontrolada do coronavirus, para salvar vidas, pero que tamén suporía o inicio de grandes dificultades económicas para moitos cidadáns. Prometeuse un escudo social que non acaba de chegar, cuxa bandeira era un ingreso mínimo vital, que era o soño entón dos desfavorecidos e agora é o pesadelo dun Goberno incapaz de facelo chegar a aqueles que realmente o precisan máis que nunca. Prometeuse que ninguén quedaría atrás, pero o certo é que moitos cidadáns non teñen a percepción de que se estea a cumprir esa promesa.

Hoxe nós queremos preguntar por un grupo de cidadáns que está a sufrir con especial dureza a crise económica: os hostaleiros, os autónomos e os pequenos empresarios. Somos plenamente conscientes do esforzo que está a facer o seu Goberno, o Goberno galego para axudar a este colectivo e superar a difícil situación que están vivindo. Fixérono artellando medidas económicas en forma de axudas directas, e fixérono tamén intentando que todas as administracións uniran os seus esforzos para incrementar estas axudas, atendendo á petición



formulada polos propios afectados. Desgraciadamente, este último intento non tivo o éxito desexado, porque algúns priorizaron os seus intereses partidistas sobre os intereses dos cidadáns. Afortunadamente, nin todos actuaron igual nin a Xunta de Galicia deixou de buscar o acordo, e é por iso que hoxe lle formulamos esta pregunta.

Señor vicepresidente, ¿que balance fai o Goberno galego do ofrecemento realizado ás entidades locais para asumir por parte da Xunta de Galicia a xestión das axudas municipais á hostalaría..m (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Pazos. Xa rematou o seu tempo.

Ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, o señor Rueda Valenzuela.

**O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Pazos, eu creo que, como no caso da resposta á pregunta anterior, é bo facer un pequeno marco do antecedente de onde vivimos. Efectivamente, vai facer agora un ano de onde todo empezou, todo este pesadelo da pandemia, e, botando a vista atrás, empezamos por un confinamento absoluto, que creo que a sociedade entendeu de xeito exemplar, e onde todas as administracións se implicaron. Hai que dicilo, a Administración central na parte que lle correspondía, e cun deseño de sistema de ERTE, cunha cobertura a través de ICO para moitas empresas que empezaban a pasalo moi mal pola suspensión da súa actividade, e as comunidades autónomas, dende logo a Xunta de Galicia, con plans de choque, no caso de Turismo máis de 40 millóns de euros e outros moitos noutras consellerías para axudar tamén na parte que lles correspondía aos sectores que empezaban a estar —e seguiron despois por desgraza— máis castigados polas restricións derivadas da pandemia.

Bueno, coñecemos despois a historia, veu a desescalada, o «*hemos vencido al virus*» do señor Sánchez, e a segunda e terceira ola, que eu agardo que esteamos na fase xa de total superación desa terceira ola, e de todo o mundo é coñecido que o deseño que fixo o Goberno central era desentenderse, a xestión quedou en mans das comunidades autónomas, e non só na xestión sanitaria senón tamén na xestión de todas as axudas que foran necesarias, e, a partir de aí, cando empezaban a verse máis os prexuízos e ser máis evidentes os danos que producía a suspensión da actividade por mor das condicións sanitarias, as únicas axudas nas que podían confiar e que podían esperar os sectores máis damnificados —e por suposto a hostalaría o primeiro— eran as axudas que viñan das comunidades autónomas. Eu creo que o Goberno da Xunta de Galicia, e así o teñen recoñecido os representantes das asociacións en reunións que —eu dígoo sempre— non son nada doadas, representan un sector que o está pasando moi mal, pero recoñecen o esforzo que está facendo a Xunta de Galicia, e sobre todo comparado con outras comunidades autónomas, e dende logo non imos falar comparado co esforzo inexistente en canto a axudas directas do Goberno central.

En catro meses son xa dous plans de rescate, pagado practicamente xa o 100 % do primeiro, 160 millóns de euros, e un intento cando hai outras moitas administracións, insisto, non o



Goberno central pero si administracións locais de todas as cores políticas, hai que dicilo, que entenderon que tamén teñen que botar unha man e arrimar o ombro, intención de coordinar. Iso foi o que fixemos nesas coñecidas reunións que tivemos hai un mes e medio. Os hostaleiros, os autónomos, as micropemes, pedían que houbera unha ventanilla única, un sistema sinxelo para pedir e repartir as axudas. Dicían que o da Xunta de Galicia acreditara o seu bo funcionamento, e o que intentamos é facilitarlles a vida aos que nos pedían que lles facilitáramos esta petición e a súa situación.

Non foi posible polas razóns xa coñecidas e explicadas, e o que está intentando a Xunta de Galicia agora, e na réplica vou intentar explicalo, é que aqueles concellos que seguen interesados ter a man tendida e intentar ao final que as axudas que cheguen aos hostaleiros sexan canto máis rápidas máis eficaces e máis doadas as medidas para obtelas, moito mellor. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor vicepresidente.

Para a réplica, ten a palabra o señor Pazos Couñago.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Pois, señor vicepresidente, grazas pola resposta, polos datos tamén que nos facilitou. 160 millóns de euros, entendín, e estou seguro de que, se todas as administracións tivesen amosado o mesmo grao de compromiso que amosou a Xunta de Galicia, hostaleiros, autónomos e pequenos empresarios estarían moito máis satisfeitos do que están.

As cifras da crise que estamos atravesando son demoledoras: 207.000 empresas pechadas dende o comezo da pandemia; 323.000 autónomos que pecharon a súa actividade, e a pesar daquela ocorrencia do Goberno do Estado anunciada a través da súa ministra de Traballo de prohibir o despido, a realidade é que son máis de 600.000 novos parados. Xa superamos os 4 millóns sen contar os máis de 900.000 traballadores que, segundo cifras do propio Goberno, se atopan en ERTE.

E ante esta situación, pois só caben tres opcións, tres alternativas: traballar na busca de solucións, como fixo a Xunta de Galicia —e alégrame saber que tamén algúns gobernos municipais de todas as cores, como dixo vostede—; poñer paus na roda, como fixeron outras administracións locais —que case sempre, por certo, son as mesmas, e que desgraciadamente para vostede e para min, que somos de Pontevedra, nos soen caer moi cerca—; e a terceira é poñerse de perfil, mantendo debates estériles, como o que se está a producir neste momento no seo do Goberno do Estado, atrasando a chegada de 11.000 millóns de euros anunciados para axudas, pero que non sabemos como se van concretar, que xa ían ter lugar o pasado martes pero que se adiaron ata o venres, e imos ver se aí se solucionan definitivamente e se se condicionan a que sexan axudas directas, que é o que demanda o sector.

Dicía un destacado socialista galego, vigués para máis señas: «o que pecha paga». Estamos de acordo. Pasou un ano e non pagaron ao ocio nocturno ao que pecharon dende hai máis de un ano, nin á hostalaría, que segue sometida a un toque de queda imposto dende o Goberno do Estado, nin compensaron toda a actividade non esencial confinada durante 98 días. (Pro-



*núncianse palabras que non se perciben.)* A Xunta si o está a facer, si está a dar a cara, e...  
(Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Pazos. Xa rematou o seu tempo. Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, o señor Rueda Valenzuela.

**O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Pois, señor Pazos, insisto en que aquí se trata de axudar, retomando o que lle dicía na primeira parte da intervención; como somos conscientes de que as axudas seguen sendo necesarias, o que seguimos intentando é que cheguen canto antes e que sexa fácil a tramitación, non engadir á situación tan complicada que está vivindo a hostalaría todo o calvario que supón unha tramitación engorrosa que ás veces impide acceder á subvención e en todos os casos o que fai é adiala moitísimos meses e, cando chega, pois ás veces xa é demasiado tarde.

Polo tanto, eu xa digo, ofrecémoslle, despois de que se nos dixera por parte do presidente, non da Fegmap, senón do seu presidente e dalgunha deputación que vostede nomeou, que os concellos por enriba de todo o que querían era repartir os cartos e non admitían que fora a Xunta a que se encargara da distribución, resulta que máis de 100 concellos, moitos deles do Partido Socialista e do BNG, pero é que é lóxico, aquí non hai cores políticas, hai sensibilidade, contacto cos hostaleiros dos seus consellos e se dan conta do que hai, dirixíronse a nós dicíndome que querían escoitar a Xunta de Galicia na proposta que facía para facer esa distribución.

Polo tanto, niso estamos; quedamos en que o día 23, cando remate o prazo de petición das solicitudes ao abeiro do segundo plan de rescate da Xunta de Galicia, lles diremos aos concellos cales foron as solicitudes en cada termo municipal, falouse de establecer unha axuda media de 1.000 euros, que son os que aportarían os concellos á que xa aporta a Xunta de Galicia. No primeiro plan de rescate cubríronse o 100 % das solicitudes e agardamos facelo neste segundo, e que o que aporten os concellos sexa a maiores para darlles maior liquidez aos hostaleiros que están no seu termo municipal.

Por tanto, os concellos decidirán e terán un sistema sinxelo que non lles provocará as moitas complicacións que está manifestando e que lles suporía ter que aprobar unhas bases e un sistema de distribución sobre unha maneira de funcionar que non coñecen non é habitual, afortunadamente ata o de agora non era habitual e, polo tanto, aí está a Xunta para botar unha man, cun sistema que ademais permitiría que dende a Xunta de Galicia se adiantaran os cartos que van poñer os concellos para non esperar a que teñan que facer operacións orzamentarias, e teñen o resto do exercicio orzamentario do ano 2021 para aportar á Xunta as cantidades que lle queiran dar aos seus municipios. En definitiva, un sistema que deseñamos nesa conversa, e no que a maioría estiveron de acordo. Agora veremos cantos se suman finalmente, pero creo que este é o sistema, e creo que esta é a maneira de xuntarse, por moito



que algúns estean obsesionados, como estaban, porque o importante era que o hostaleiro, cando recibira a cantidade, vira ao alcalde que firmaba pensando que é o que lle salva a vida, e o que lle salva a vida son os cartos dos galegos que pagan a través dos seus impostos.

Polo tanto, é o que imos intentar seguir facendo e deixarnos de protagonismos. E cando falo de protagonismos falo desas axudas tantas veces prometidas e concretadas nun anuncio dende a tribuna do Congreso dos Deputados polo presidente do Goberno, que dixo, xa van tres semanas, que tiña un plan de 11.000 millóns. E nós dixémoslle na Xunta de Galicia: adiante, repártao vostede pero repártao xa. Pasaron tres semanas, nada se sabe. Coñecemos onte liortas internas que fan outra vez que todo se atrase, e eu agardo sinceramente, porque o necesitan os hostaleiros, que o Goberno central se dea conta —igual que se deu conta a Xunta de Galicia dende o principio— que fan falta os cartos. Menos liortas, menos falta de coordinación e que se comprometan, igual que se comprometeu a Xunta de Galicia (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor vicepresidente.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Isaura Abelairas Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da Xunta de Galicia para negarse a autorización provisional dos espazos dispoñibles no CEIP Ramón y Cajal de Vigo, polo alumnado e persoal da Escola Infantil Municipal Santa Marta**

Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Abelaira Rodríguez.

**A señora ABELAIRAS RODRÍGUEZ:** Boa tarde, presidente, conselleiro.

Señoras e señores, esa é a pregunta: ¿cales son as razóns pola que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria se nega a que os alumnos e alumnas da Escola Infantil Santa Marta de Vigo ocupen os espazos baleiros do colexio Ramón y Cajal, coñecido como Picacho?.

Cónstame que o señor conselleiro coñece perfectamente a situación de Vigo, coñece perfectamente a situación da educación de Vigo e coñece perfectamente onde está ubicado o colexio Ramón y Cajal, ao que me vou referir como Picacho, porque ese foi o seu nome de toda a súa vida. Coñece perfectamente que non hai ningún edificio público nin espazos suficientes para poder ubicar unha escola infantil na zona escolar, tanto do Picacho como da escola infantil Santa Marta, e por iso nos sorprende a súa negación.

Cando se empeza a demoler o Barrio do Cura —sabe perfectamente que os que nos dedicamos ao ensino gústanos traballar con programación—; cando se empeza a demoler o Barrio do Cura, empézase a pensar desde o Concello onde se vai ubicar esa escola infantil e espérase ata o último momento para ver a forma de ubicala.

Só existen dúas posibilidades, que é o colexio Ramón y Cajal, e o IME, que está bastante máis alonxado do sitio, o que supón tamén un traslado para as familias que teñen alí escolarizados os seus fillos e as súas fillas.



Antes de solicitar á Xunta de Galicia a autorización correspondente, o Concello de Vigo ponse en contacto coa comunidade escolar do colexio Picacho para ver a posibilidade. Coñezo perfectamente o colexio Ramón y Cajal, neste caso Picacho, porque estiven alí dando clase, porque foi un colexio que sufriu remodelacións importantes, foi un colexio que chegou a ter máis de mil e pico de alumnos, e como comprenderán agora mesmo pois ten espazo suficiente. É un colexio tremendamente implicado na vida do barrio, tremendamente implicado pola educación pública e que defende ata as últimas consecuencias a utilización do colexio. Porque me consta ademais porque a directora, entre outras cousas, foi alumna miña de prácticas; fíxese se coñezo perfectamente o sitio e a dispoñibilidade para ofertarse a posibilidade de atender o alumnado de alí. Postos en contacto con eles, non tiveron absolutamente ningún problema para que se visitara, para ver as posibilidades, e constátase que hai 6 aulas baleiras, que non se mingua en ningunha posibilidade a educación, a interferencia cos alumnos de infantil e primaria, que teñen espazos para a ANPA, que teñen espazos para os despachos, que teñen espazos para a orientación, a pedagogía terapéutica, etc. Incluso se nos ofrece a posibilidade da utilización do comedor, da cociña; non sabía daquela a consellería que teñen *catering* e que non utilizan o comedor.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Abelairas.

**A señora ABELAIRAS RODRÍGUEZ:** Pódese facer incluso...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas. Rematou o seu tempo. Son os tres minutos.

**A señora ABELAIRAS RODRÍGUEZ:** Pois anda que... falarei no segundo... *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra... *(A señora Abelairas Rodríguez palabras que non se perciben.)*

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, o señor Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Bueno, moitas grazas, señor presidente.

Señora deputada, pregunta vostede por razóns. Eu creo que lle debería preguntar ao Consello Escolar, á ANPA, á directora que di vostede que foi a súa alumna, aos servizos técnicos de Inspección e aos servizos técnicos da propia consellería. E vanlle dicir todos o mesmo: non hai posibilidade física de facer un traslado. ¿Cal é o relato completo? O Barrio do Cura, como vostede sabe, é un desenvolvemento urbanístico no centro da cidade moi significativo, que non naceu hai uns días, nin unhas horas, nin uns meses, nin uns anos; leva xa moito tempo en desenvolvemento. Aí hai unha escola de propiedade e xestión municipal. E, oia, un pouco de improvisación e de incompetencia debe de haber cando non se prevé que hai que demoler unha escola infantil para facer un desenvolvemento urbanístico e se poñen os rapaces literalmente na rúa. Por parte da consellería e da Xunta de Galicia puxémonos á disposición do



concello para ubicar aí os nenos que se expulsaban da escola infantil, pero era materialmente imposible.

Cando alguén se dá conta desa metedura de pata, en vez de recoñecer o seu erro, empezamos a buscar culpables: a Xunta —oia, repito—, Consello Escolar, servizos de inspección, ANPA e a propia directora deixáronllo clarísimo. E empézase a crear unha mentira que vostede aquí ratifica e pon por escrito. E realmente é sorprendente, curioso, que se diga que hai aulas baleiras, hai dúas bibliotecas, hai unha aula para o servizo de orientación, unha para atención especializada, outra para PT e outra de informática. «Saquen todo isto que meto eu os nenos que expulso do Barrio do Cura», ese é o seu razoamento, pono aí por escrito. (*Murmurios.*) ¿Vostede quere deixar un número moi importante de nenos con necesidades educativas especiais sen unha aula de atención terapéutica? Vostede di aquí que non afecta á calidade educativa. ¿Vostede cre —sinceramente cre— que pechar o servizo de orientación, pechar... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ocupar o espazo de orientación... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ocupar o espazo de PT e a sala de informática, ¿a vostede parécelle que iso pois se pode tirar para tapar un erro de planificación?

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Autenticamente de libro.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Non temos que darlle as razóns porque as razóns llas dou claramente...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...a comunidade educativa... (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Agora na segunda ten vostede a oportunidade de seguir.

Para a réplica, ten a palabra a señora Abelairas Rodríguez.

**A señora ABELAIRAS RODRÍGUEZ:** Señor conselleiro, non se me enfade —e pídolle desculpas por anticipado—, pero algo moi importante, moi importante no ensino é a lectura comprensiva; e recoméndolle que o lea, que faga un esforzo e lea e entenda o que lle estou dicindo. Perdóeme e non se sinta insultado.

Pero, mire, fálolle de 6 aulas baleiras, ademais da de PT, da de orientación... si, si, si, 6 aulas baleiras, 3 delas contiguas. E fálolle dun espazo, que tamén poden ir para o patio para que fagan o recreo. Fálaselle de 3 aulas independentes tanto para os rapaces de educación infantil como os do centro. (*Murmurios.*)





Mire, antes de que se manifestara o Consello Escolar, antes de que se manifestara a comunidade escolar, antes de que se manifestara ninguén, manifestouse a delegada da Xunta dicindo que non —non tiña nin sequera informes técnicos—. E non quero pensar que hai mala fe, porque non creo que a haxa, porque parece ser que todos defendemos a escola pública. Pero, mire, vostedes, que están falando tanto de crise, teñen unha oportunidade grandísima para empezar a pensar na utilización dos espazos baleiros dos colexios de educación infantil e primaria para buscarlles outras posibilidades de ser ocupadas. Vostedes que tanto falan de que son feministas, a igualdade para vostedes é unha cousa espectacular no papel, pero á hora de conciliar e de poñer por escrito pois son un pouco remisos a iso.

E, repito, non quero pensar que actúan de mala fe. No momento en que se plantexa a utilización do Ramón y Cajal, tamén se pensa no Instituto Municipal de Educación, pero iso supón que hai que trasladar o centro de formación de profesores. E, mire, vin nacer o Centro de Recursos, alá polos anos 80 sendo un Goberno socialista creouse o Centro de Recursos porque considerabamos necesario que a formación do profesorado era moi importante. Ese Centro de Recursos na súa primeira etapa estivo no colexio onde eu estaba, Emilia Pardo Bazán —como vostede ben sabe—. E logo o concello ofrécelle esa oportunidade, a Xunta de Galicia, sendo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, señora Abelairas.

**A señora ABELAIRAS RODRÍGUEZ:** ...o presidente do Goberno o señor Fraga...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora ABELAIRAS RODRÍGUEZ:** ...para poñer alí o centro de formación.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Abelairas.

*(A señora Abelairas Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Xa rematou o seu tempo.

*(A señora Abelairas Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Xa rematou o seu tempo, señora Abelairas.

*(Aplausos.)*

Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, o señor Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Señora deputada, vostede está contando un relato que, por dicilo dun xeito suave, está poñendo



en entredito a palabra do equipo directivo, está poñendo en entredito a palabra do Consello Escolar, está poñendo en entredito a palabra da Dirección, da propia directora, dos Servizos de Inspección e do Servizo de Unidade Técnica. É máis, vostede fala de 6 aulas, aquí vostede pon 3: *(A señora Abelairas Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* unha de PT, outra de orientación... *(A señora Abelairas Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señora Abelairas, cando vostede falaba...

**O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** [...] metido a pata e meteuna...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señor conselleiro...

**O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ¡Pero que o recoñeza, home!

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señor conselleiro...

**O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Nós puxémonos á disposición do concello para arranxar o problema e non había espazo físico, e non llo di a Xunta. É máis, vostede ao mellor tamén pensa que as manifestacións de FOANPAS as montou a Xunta, segundo a súa teoría pois seguramente o pensará. ¿E cal é a reacción? Eu equivócome aquí, bótelle a culpa á Xunta dun erro. Cre nun relato que se contradí co que di o conxunto da comunidade educativa, FOANPAS, ANPA, directora, Consello Escolar, sindicatos...

E despois o que digo é que, bueno, eu teño aquí un edificio onde está o CFR e está FOANPAS, que se manifestaron en contra miña, e expúlsoos; esa é a súa visión do problema. Entón, para tapar un erro de planificación absoluto, porque a escola municipal levaba aí moito tempo, crean un relato que o cren vostedes, pero que foron incapaces de enganar, porque non enganaron nin a directora, nin os sindicatos, nin a FOANPAS, nin a ninguén. Déronse conta de que o seu relato, o seu erro de planificación levou a esta situación porque a escola municipal é de xestión municipal. E o Barrio do Cura estao desenvolvendo ao amparo dunha normativa urbanística municipal que saben tempos, formas e prazos. Oia, recoñezan o erro, non pasa nada, todos nos equivocamos; pero, non, neste caso o Partido Socialista, a través do alcalde socialista da cidade de Vigo, busca botarlle a culpa á Xunta. Pero equivocouse absolutamente.

E entramos nunha especie de ameazas de vinganza: CFR, Centro de Formación do Profesorado, que leva aí 30 anos, ¡váianse! FOANPAS, ¡váianse! Eu escribinlle unha carta ao alcalde e díxenlle: oia, recapacite do que está dicindo, non ten ningún sentido o que está planteando. Aí fórmanse todos os profesores de Vigo e da área de influencia, o ano pasado pasaron 14.000 profesores. Están expulsando, tamén queren expulsar..., non só lles vale con expulsar os nenos da súa escola infantil, senón que queren expulsar o conxunto do profesorado do seu centro de formación. E todo para intentar tapar un erro de planificación porque ninguén se deu conta de que aí había unha escola municipal que había que sacala de aí. E, a partir de aí, a culpa é da Xunta, ¡sorprendente!



Mire, segundo a súa teoría, estaríamos moi contentos, porque seríamos capaces de manipular todos eses entes...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...que criticaron...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...e cuestionaron a política do concello nesta escola.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Co cal... *(O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Rematou o seu tempo, señor conselleiro.

*(O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.)*

Moitas grazas.

*(O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Moitas grazas.

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do impulso dun proxecto de recuperación da memoria democrática das mulleres galegas**

Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Castro Rey.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, vicepresidente.

«O neno mirará o mundo e a nena mirará o fogar», este é un titular sacado da prensa de hai unhas décadas que resume claramente o papel que tiñan que xogar as mulleres e os homes na sociedade durante a ditadura franquista. As ansias do réxime de volver aos ideais tradicionais traducíronse nuns sistemas de valores que impoñían unhas férreas normas morais e idearon un modelo patriarcal único de ser unha muller que pretendía relegala a un segundo plano e que, por desgraza, sementaron moitas sementes das que aínda estamos a



recoller os froitos. Iso fixo tamén que as mulleres durante a ditadura non só foran encarceradas, fusiladas e sometidas a torturas e acosos, senón tamén sufriran unha represión específica, unha represión ideolóxica e unha represión de xénero.

O Goberno bipartito da Xunta de Galicia tiña un compromiso coa recuperación da memoria, desta parte da historia que fora silenciada, que se traduciu en investimentos e iniciativas políticas que pretendían visibilizar a Guerra Civil e a posguerra, reparar e recoñecer a dignidade das vítimas e condenar toda forma de violencia intolerable e fanática. Coa chegada do Partido Popular á Xunta de Galicia todo quedou nun caixón, xa que eliminaron totalmente o orzamento para a memoria democrática. O Goberno de Feijóo nestes 11 anos caracterizouse por unha ausencia total das políticas de memoria democrática. Non poden continuar con esta actitude de escurantismo.

A sentenza do Xulgado da Coruña de Primeira Instancia, ratificada case na súa totalidade pola Audiencia Provincial, recoñece o Estado como lexítimo propietario do pazo de Meirás. E cremos que esta é unha grande oportunidade para poder visibilizar esta parte da historia, dándolle a este lugar como uso prioritario o estudo, difusión e reivindicación da memoria democrática de Galicia. Pero ten que ser unha recuperación con perspectiva de xénero, isto atopámolo fundamental; é fundamental para visibilizar e reivindicar como suxeitos políticos as mulleres co fin de facer xustiza con nós. Pero tamén para que as nenas do noso país, as nenas do futuro, poidan ter como referentes todas aquelas mulleres que loitaron pola liberdade, pola democracia e pola nosa autonomía. Decía George Orwell: a historia escríbena as persoas vencedoras; pois ben, as grandes perdedoras somos, sen dúbida, as mulleres, porque estamos sempre ausentes no relato. Non podemos permitir que as nenas e nenos galegos sigan a recibir un coñecemento amputado, un relato histórico incompleto baseado nun canon cultural que corresponde unicamente aos valores e espazos masculinos, que non son para nada a totalidade e que non representan a totalidade da poboación.

Por iso, señora conselleira, pregúntolle: ¿vai o Goberno da Xunta impulsar un proxecto de recuperación da memoria democrática das mulleres galegas co fin de visibilizalas e recoñecer a represión que sufriron e o papel vertebrador que tiveron na loita pola democracia da autonomía galega? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Castro.

Ten a palabra a conselleira de Emprego, Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** Grazas, presidente.

Grazas, deputada.

Un dos compromisos deste Goberno é o fortalecemento das accións en prol da igualdade de xénero e de oportunidades. E, como saben e temos repetido moitas veces nesta Cámara, estas accións articúlanse en base ao principio de transversalidade, debendo polo tanto estar presente en cada unha das áreas e das accións do Goberno.



O noso obxectivo é, polo tanto, pasar da igualdade legal a unha igualdade real na nosa comunidade. E unha parte, un paso importante é a posta en valor, por suposto, da memoria democrática das mulleres galegas exemplares. Isto é un pilar esencial. É un pilar esencial para empezar, no que falaba vostede, traballando cos máis novos. Dando a coñecer, sensibilizando, rendendo homenaxe ás mulleres exemplares que construíron o noso pasado e que cimentaron as bases tamén do noso futuro.

Mostra destes proxectos de recuperación da memoria democrática son os materiais didácticos sobre a igualdade de xénero no ámbito educativo, materiais que poñen en valor a memoria histórica das mulleres senlleiras da nosa comunidade.

Así, a Guía de feminismos para a educación secundaria, a Guía de feminismos para o bacharelato, as unidades didácticas de Concepción Arenal e de Emilia Pardo Bazán, o proxecto “Aprende coas mulleres galegas”, cunha serie de 30 fichas didácticas sobre mulleres relevantes galegas de todos os tempos, ou o Plan Proxecta “Donas de si”, visibilizando e poñendo en valor a participación e produción de mulleres galegas fundamentais na nosa historia contemporánea.

En segundo lugar, co afán de recuperar a memoria das mulleres galegas, temos comezado un labor de patrocinio e de colaboración coa Editorial Galaxia coa súa colección de feminismos, coa publicación de títulos como *Feminismos. A historia cóntana as vencedoras*, da autora Anna R. Figueiredo, *Mulleres que nos dan que pensar*, da autora África López Souto. E, como saben, recentemente a semana pasada vimos de presentar a obra *Movendo os marcos do patriarcado. O pensamento feminista de Emilia Pardo Bazán*, escrito por María Pilar Jiménez Aleixandre e María López Sánchez, que constitúe o primeiro libro sobre o legado desta pensadora, desta escritora cal é Emilia Pardo Bazán. Foi pioneira, foi inspiradora, foi precursora do feminismo moderno en Galicia e en España, foi a que nos ensinou e nos seguirá ensinando ás vindeiras xeracións que, ás veces, as sociedades poden caer na perigosa tentación de pensar que as parcelas da liberdade que ocupan na actualidade sempre estiveron aí.

O seu legado, polo tanto, permanecerá sempre grazas a publicacións como estas que, como digo, por primeira vez consideran como patrimonio ou como legado galego a Emilia Pardo Bazán no seu último capítulo manterase accesible ao longo do tempo.

A Administración autonómica está tamén a desenvolver o seu labor no ámbito educativo e de concienciación da sociedade para poñer en valor o papel activo das mulleres como protagonistas da loita pola democracia a través de premios como as medallas Emilia Pardo Bazán ou os premios María Josefa Wonenburger Planells.

Por último, a exposición itinerante de mulleres precursoras galegas da comunicación “Elas escribiron a historia. As primeiras xornalistas”, que se atopa actualmente na cidade da Coruña.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira. Rematou o seu tempo.



**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** Moitas grazas. (Aplausos.)

Para a réplica, ten a palabra a señora Castro Rey.

**A señora CASTRO REY:** Garzas, presidente.

Mire, señora conselleira, eu o outro día escoitei atónita a súa entrevista na SER e pareceume increíble que unha conselleira de Igualdade non participara na súa historia, na súa vida nunha marcha feminista, nunha reivindicación de dereitos. Entón reafirmoume o contido desta pregunta, o necesario que é coñecer a loita feminista, o necesario que é. (Aplausos.)

É moi necesario porque así non se identificaría, como fixo vostede, a loita feminista coa violencia de xénero, que é unha das expresións máis terribles do machismo, claro que si; pero a loita feminista, a loita polos dereitos, a loita pola igualdade é moito máis, e por iso é moi necesario que na nosa historia se estuden todas as mulleres galegas porque, por sorte, temos centos e centos de mulleres galegas que fixeron historia, que loitaron pola nosa democracia, pola liberdade, pola nosa autonomía, non só a figura de Emilia Pardo Bazán, que é a única que vostedes queren reflectir.

E nunha artimaña terrible, como o que fixeron o outro día, como intentando branquear por unha banda a memoria histórica e, por outra banda, a loita feminista. Intentando crear *de facto* unha situación nos xardíns de Meirás, que menos mal que o Goberno central lle puxo o freo, porque pretendían facer entrega dos premios Emilia Pardo Bazán o día 8 de marzo, que é o día no que o movemento feminista sae á rúa, e lémbrollor porque como vostede nunca foi ao mellor pensaba que saíran outro día.

Entón eu dígolle a verdade, parécenos unha manobra terrible, creo que é moi necesario que poñamos en valor todas as mulleres que fixeron historia, creo que é moi necesaria esa transversalidade que non se ve na Xunta. E, sobre todo, creo que é moi necesario o investimento tamén en memoria histórica democrática, porque vostede fala de transversalidade nos orzamentos, pero en memoria histórica democrática cero euros non se corresponde moito coa transversalidade.

E, insístolle, estamos faltos de referentes femininos galegos, creo que os nosos nenos e nenas necesitan referentes femininos galegos e por iso esta pregunta. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Castro.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** Señora Castro, que triste que unha deputada muller lle diga a outra muller que ao parecer non representa nin loita polo feminismo porque non foi a ningunha manifestación. (Aplausos.)



Levo toda a miña vida estudando, formándome e traballando como o resto das mulleres, e coido que cada unha das mulleres que estamos educándonos, traballando, formándonos para reivindicar a igualdade laboral, a igualdade social cos homes representamos o feminismo. Non coido que porque eu non teña ido a unha manifestación represente menos o feminismo que as restantes mulleres. E eu creo que dixen claramente que consideraba que as manifestacións son un símbolo e, dende logo, complementan, por suposto son esenciais, toda actividade, os feitos que se teñen que facer día a día na loita pola igualdade de xénero, pero que non bastan. *(Aplausos.)*

E coido tamén que dixen moi claramente que o que non podía entender é que simplemente dende o Goberno central se fale, se fale e se fale pero, sen embargo, non se loite pola igualdade real e pola igualdade laboral. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Temos, señora Castro, unha Vicepresidencia Social, que é a coordina as políticas de igualdade no Goberno central, que aínda falta o día que loite por liquidez para as empresas, empresas que son aquelas onde traballan as mulleres, porque como vostede ben sabe o paro xerado no conxunto da sociedade e, sobre todo, nesa parte feminina é precisamente porque afectou a pandemia moitísimo ás empresas de servizos. Logo necesitan liquidez, liquidez que non se está en ningún momento dando por parte da Administración central ás empresas. Isto si que o está facendo o Goberno galego coas políticas de emprego que se fan desde esta consellería. *(Aplausos.)*

Fala vostede de feminismo e di que o feminismo ao parecer non é loitar pola ou contra a violencia de xénero. Claro que non é só iso, pero é o primeiro. Calquera sociedade en primeiro lugar ten que loitar contra a violencia de xénero, e coido que é o que dixen. Que é o primeiro paso para que unha sociedade realmente sexa autenticamente democrática e para que unha sociedade poida realmente dicir que vive en igualdade, que non exista nin un só caso de violencia de xénero, o cal complementa por suposto o feito de que temos que loitar por unha igualdade absoluta e real das mulleres e dos homes na sociedade e, por suposto, no mercado laboral.

Fala vostede do pazo de Meirás. Debería informarse mellor, porque o que dixó a vicepresidenta Carmen Calvo a este Goberno é que agora mesmo non se podía utilizar o pazo de Meirás porque se están facendo determinadas obras de acondicionamento, non que non se queira ceder o pazo de Meirás. Foi unha razón exclusivamente eventual polo feito de que se están facendo determinadas obras, entón non sei que está dicindo aquí de que nos parou os pés o Goberno central. O Goberno central simplemente manifestou que hai unhas obras no pazo.

En fin, volvo dicirle...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.



**Pregunta de D<sup>a</sup> Rosana Pérez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para afrontar a situación de mortalidade de moluscos e a previsible perda de ingresos do sector marisqueiro derivada do exceso de auga doce nas rías de Arousa, Pontevedra, Vigo, Noia e Camariñas despois dos últimos temporais**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra a señora Pérez Fernández.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Boa tarde.

Señora conselleira, na súa comparecencia de onte nós comezabamos a nosa intervención dicíndolle que vostede nunca está, nunca está cando e onde fai falta. Pois ben, hoxe reiterámonos nesa afirmación.

Ao longo de todo o mes de febreiro os temporais devolveron ás nosas praia toneladas e toneladas de marisco morto ou debilitado. A baixa salinidade das augas parece ser a causa principal desta desfeita. Dos 1.498 quilómetros de costa que ten Galiza, vostede non foi capaz de pisar nin un milímetro no mes de febreiro para ver que estaba a pasar, (*Aplausos.*) e dos máis de 6.000 mariscadores e mariscadoras que traballan no noso litoral, vostede non foi capaz de falar con ningún nin con ningunha para escoitalos e para reaccionar dalgún xeito diante da angustia e a desesperación que están a vivir.

En todo o mes vostede non tivo tempo e eu atreveríame a dicir que non tivo ganas, de afrontar este enorme problema. Señoría, Rianxo, Cabo de Cruz, Noia, Carril, Vilagarcía, Pontevedra, Poio, Marín, Vilaboa, Arcade, Moaña, Vigo, Noia, Camariñas, Redondela son algúns dos lugares onde a mortalidade do molusco acada unha magnitude totalmente extraordinaria e, polo de agora, aínda non albiscamos cales van ser as medidas que vai tomar a consellería ao respecto.

Vostede despachou o tema como se se tratase dunha situación habitual e mandou o recado, como sempre a través da prensa, de que xa estaban convocadas as axudas ordinarias, as de todos os anos, ás que as persoas afectadas podían recorrer.

Por un lado, unha liña de axudas de 980.000 euros cofinanciados polo FEMP para a recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños. E, por outro, unha liña de 300.000 euros de fondos propios da Xunta para proxectos de rexeneración. É dicir, os mesmos fondos ordinarios que en calquera ano, só que para un ano que non é nin de lonxe parecido a calquera outro ano.

As axudas para semente son como máximo de 15.000 euros por confraría, é dicir, menos dun millón de unidades, é dicir, unha miseria, señora conselleira. E o maior problema son os criterios de acceso. Xa lle preguntaremos no futuro canto se executa ao final.

Señora conselleira, vén de convocar unha liña a súa consellería de axudas para promocionar os produtos procedentes da pesca e da acuicultura entre a poboación xuvenil por 400.000 euros. É dicir, 400.000 euros para promocionar o que se pesca e 300.000 euros de fondos





propios para rexenerar os lugares onde se debe pescar, neste caso onde se debe mariscar. ¿Que vai promocionar, señora conselleira, se non hai marisco nos bancos? (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Pérez, moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señorías, señora Pérez, igual que lle sinalabamos na Comisión 8ª de hai só 5 días, cando vostede mesma sinalaba a profusión de datos que se lle achegou, temos que volver a sinalar que a Consellería do Mar está seguindo de forma directa o estado dos bancos marisqueiros e as consecuencias socioeconómicas que do seu estado deriven. Non é nova esta situación e sábese que os efectos dos temporais nos moluscos son habituais e consecuencia natural dos períodos de intensas precipitacións, sobre todo nos lugares máis próximos ás desembocaduras dos ríos e con menor profundidade.

Os valores de mortalidade de cada especie en cada zona serán estimados a partir dos resultados das mostraxes poboacionais que as asistencia técnicas das confrarías efectúan ao final do inverno. Por iso dende a Xunta estamos a facer un seguimento da situación rexistrada nos bancos marisqueiros como consecuencia das inclemencias meteorolóxicas e da baixa salinidade das augas.

Os técnicos da Xunta están a prestar apoio ás confrarías afectadas que así o solicitan e estanse adoptando medidas inmediatas como a resemteira naquelas zonas danadas ou onde esta actuación sexa posible e positiva. Non obstante, hai que agardar a ter unha avaliación completa do estado dos bancos e a contar co informe detallado da situación que acheguen os representantes das confrarías en cada un dos casos. Cabe lembrar que case o 100 % dos plans de explotacións contan cun seguimento técnico apoiado en termos orzamentarios por esta consellería. Amais, e no ámbito produtivo, cabe sinalar unha vez máis que nas últimas semanas, como vostede ben di —olvidouse de citar algunha—, saíron publicadas no *Diario Oficial de Galicia* nunha nota de prensa varias convocatorias de axudas para proxectos colectivos de mellora das zonas de produción e protección dos ecosistemas, xuntando 3 liñas de apoio distintas para o sector cun orzamento global de máis de 2,2 millóns de euros. Estas liñas de axuda poden ser empregadas polo sector para paliar os efectos dos temporais nos bancos marisqueiros e estanse xerando xa vías de apoio alternativas e extraordinarias, como o incremento do crédito para estas ordes, e analizando outras posibles accións para as que tamén contamos cunha encomenda de xestión realizada a un medio propio da Administración como é a empresa Seaga.

Amais, cabe lembrar que esta posibilidade de recuperación produtiva dos bancos afectados tamén pode ir acompañada dunha adecuación dos propios plans en termos de organización do traballo, podendo ser solicitada a detención dos labores do plan e demandado o cesamento de actividade e as conseguíntes prestacións ao Instituto Social da Mariña. Estas prestacións por cesamento de actividade, reguladas na Lei 47/2015, xa se lle formularon consultas ao ISM para ver a súa aplicabilidade neste caso, cuestións que agardamos sexan favorables.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Quintana.

Para a réplica, ten a palabra a señora Pérez Fernández.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Señora conselleira, vólvollo repetir, o que vostede está citando e eu citei xa na miña primeira intervención son axudas ordinarias, son as que convocan todos os anos, exactamente as mesmas. E, dende logo, nós e as persoas que se dedican ao marisqueo no noso país, sobre todo en zonas moi determinadas, que veñen de soportar xa situacións desde o ano 2019 ata aquí moi complicadas, opinan que este é un ano extraordinario.

Eu o que lle quero preguntar, señora conselleira, e o que figura na nosa pregunta escrita, é: ¿a maiores diso, cales son, señora conselleira, as súas prioridades? Porque, dende logo, á luz dos datos non parece que sexan os mariscadores e as mariscadoras deste país e o desenvolvemento dos bancos marisqueiros.

E digo que non o parece porque, se botamos un vistazo aos datos dos últimos dez anos, ¿verdade? dende que vostedes, vostede en concreto e conselleira do Mar, resulta que o número de mariscadores e mariscadoras deste país e o número de permex descendeu brutalmente. ¿Como van facer fronte á perda de ingresos deste inverno no sector marisqueiro galego, señora conselleira? A pregunta é moi clara, non ten segundas voltas, non hai entrelíñas. ¿Como van facer fronte a iso? Vostede di que os técnicos da consellería están avaliando o impacto dos temporais, das inclemencias meteorolóxicas. E nós preguntámoslle: mentres o avalían, señora conselleira, ¿que lles aconsella vostede ás mariscadoras e mariscadores do país que fagan?, ¿que lles recomenda, señora conselleira, para poder seguir vivindo mentres os técnicos avalían o impacto para seguir vivindo elas e as súas familias? (*Aplausos.*) Claro, esa é a pregunta. Queremos que nos responda porque non é a primeira vez señora conselleira...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moita grazas, señora Pérez, xa rematou o seu tempo.

Ten a palabra para a réplica do Goberno a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señora Pérez, para non ter segundas voltas, a verdade é que é difícil entendela a vostede. É capaz de mesturar as cousas, é capaz de dicir que para sementeira só sacamos unha orde de 300.000 euros. A verdade é que parece que, por moito que diga que son ordes repetitivas de todos os anos, as descoñece todos os anos. Porque por primeira vez o ano pasado sacamos unha orde con fondos propios da Xunta de Galicia para a sementeira de ameixa xapónica, que é a única que non se pode financiar con fondo FEMP. (*Aplausos.*) A orde para financiar a compra de semente de ameixa fina, de ameixa babosa e de berberecho leva máis dun millón de euros. Unha orde específica para a xapónica sacouse por primeira vez o ano pasado e este ano repítese.



Mire, vostede preguntame por que eu no mes de febreiro non fun visitar as praias. É que dá igual, é que se me tivera acercado a algunha praia dirían que ía alí para facerme unha foto. Quen ten que ir visitar as praias no mes de febreiro son os técnicos, que son os que están acompañando as mariscadoras para poder facer esa avaliación. *(Aplausos.)* Non se pode, e os propios mariscadores dicíanme que non podían presentar os proxectos aínda definitivos porque aínda non son quen de avaliar, primeiro, se todo o que se sacou para fóra e se volveu introducir e se volveu resemantar pode ao final sobrevivir ou hai unha nova mortalidade. Polo tanto, necesitan tempo para saber que proxecto definitivamente van presentar.

Segundo, é claro que traballan nun medio natural, que un ano de moitas choivas poden pasar estes problemas, pero, a diferenza do que facían vostedes cando gobernaban no bipartito, que tamén había choivas e tamén houbo cinzas que chegaron ás praias e non abordaron nin unha soa axuda nin ordinaria nin extraordinaria, nós temos as axudas ordinarias, unha encomenda a Seaga e a posibilidade de ampliar o crédito de todas estas axudas se fose preciso cara a final de ano. Iso é o que estamos facendo, pero hai que traballar co sector e hai que saber o que se di. E entón o que non vale aquí é dicir: ¿mentres tanto que? Mentres tanto, grazas ao Goberno do Partido Popular, as mariscadoras hoxe en día teñen dereito a unha Seguridade Social, están cotizando, incrementóuselles o recibo un 25 % para poder ter acceso ao cesamento da actividade, e xa se falou co ISM para que teñan dereito a ese cesamento de actividade polo que están cotizando elas todos os meses, a contragusto do bipartito, que non querían que as mariscadoras tiveran dereito á Seguridade Social, hoxe téñeno e teñen ese cesamento de actividade polo cal están pagando.

Así que, señora Pérez, aquí nin voltas nin non voltas, o Goberno que sempre estivo ao lado dos mariscadores e pendente dos mariscadores son os gobernos do Partido Popular.


Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Rematados os puntos da orde do día, levantamos a sesión.

*Remata a sesión ás dezasete horas e corenta e cinco minutos da tarde.*





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

